•Eficiencia Operativa: A experiencia previa mostra que a colaboración en UTE permitiu xestionar os tempos de atención, traslados e esperas de maneira máis eficiente, aínda que aínda deficitariamente, resaltando a necesidade desta estrutura para mellorar o servizo."

Á vista da documentación que consta no Expediente, así como a consultada no perfil do órgano de contratación dispoñible nas seguintes direccións web:
https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=9503&lang=gl
https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=12468&lang=gl
https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=17059&lang=gl
https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=19971&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Resulta acreditada a execución por empresas individuais dos contratos convocados nos anos 2009, 2011 e 2014 no lote 10 e nos anos 2008 e 2011 no lote 11, polo que a xuízo da SUBDIC os argumentos expostos a título particular pola representación de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. adoecen da forza necesaria para xustificar o carácter indispensable da constitución das UTES INTEGRAL GALAICA.

4.- CARACTERIZACIÓN DO MERCADO

Como sinala a Comisión Europea na Comunicación C/2024/1645[16] a definición de mercado é unha ferramenta que utiliza a Comisión para determinar os límites da competencia entre as empresas, sendo o seu principal obxectivo diagnosticar de forma sistemática as presións competitivas efectivas e inmediatas ás que se enfrontan as empresas afectadas cando ofrecen certos produtos nunha zona concreta. A definición de mercado permite identificar aos principais competidores das empresas afectadas como oferentes dos devanditos produtos, así como aos correspondentes clientes.

Unicamente os produtos que exercen unha presión competitiva efectiva e inmediata no período de tempo de referencia pertinente forman parte do mesmo mercado de referencia que as empresas afectadas, mentres que outras presións menos efectivas ou meramente potenciais, considéranse parte da avaliación da competencia.

O obxectivo principal da definición de mercado é proporcionar un marco que estruture e facilite a valoración da competencia ao identificar de forma sistemática as presións efectivas e inmediatas da competencia ás que se enfrontan as empresas afectadas ao ofrecer determinados produtos a clientes nunha zona concreta.

A noción de mercado, tanto desde o punto de vista do produto como da súa dimensión

16 Comunicación da Comisión relativa á definición de mercado de referencia para efectos da normativa da Unión en materia de competencia. C/2024/1645 publicada no DOUE o 22 de febreiro de 2024.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

xeográfica, debe identificar a aqueles rivais que poden limitar o comportamento das empresas ou impedirlles actuar con independencia de calquera presión competitiva. Para determinar a forma na que se aplican os conceptos, a referida Comunicación afirma no apartado 12, que "segundo a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral da Unión Europea (en diante, «os tribunais da Unión») e a práctica casuística da Comisión, o mercado de referencia no que a Comisión valora a dinámica da competencia comprende un produto e unha dimensión xeográfica".

O **mercado de produto de referencia** comprende a totalidade dos produtos (bens e servizos) que os consumidores consideren intercambiables ou substituíbles en razón das súas características ou o seu prezo ou o uso que se queira facer delas. Que a empresa teña a capacidade para impoñer as súas condicións no mercado, distorsionando a competencia e prexudicando aos consumidores vai depender das alternativas reais ou potenciais que existen nese mercado aos seus produtos, é dicir dependerá da substituibilidade do produto ou servizo.

O **mercado xeográfico** comprende a zona na que as empresas afectadas desenvolven actividades de subministración dos produtos e de prestación dos servizos de referencia, son suficientemente homoxéneas e diferenciadas das zonas xeográficas máis próximas.

Por último sinalar que como indicou esta CGC en numerosas resolucións a delimitación do mercado relevante é esencial nos supostos de aplicación do artigo 2 LDC; é importante, aínda que non esencial, nos supostos de aplicación do artigo 1 LDC e non adoita ser obxecto de cuestión nos supostos de aplicación nos que se axuíza a conduta á luz do artigo 3 LDC[17]. Neste sentido convén lembrar a xurisprudencia que sinala que a definición do mercado xeográfico relevante non é un elemento do tipo das condutas prohibidas enunciadas no artigo 1 da Lei 15/2007, senón que constitúe unha apreciación económica, para poder cuantificar o importe das sancións que correspondan aos

17 Resolución 3/2020–ARRIVA NOROESTE S.L. (na actualidade, ARRIVA GALICIA, S.L.); Resolución 3/2021–LICITACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO, Resolución 9/2024 – LICITACIÓN SERVIZOS LIMPEZA, DESINFECCIÓN E XESTIÓN RESIDUOS, RESOLUCIÓN 18/2025 – TRANSPORTES DE VIAXEIROS 2 UTES

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

infractores. Así a Sentenza da Audiencia Nacional (SAN) do 25 de febreiro de 2026[18] afirma que:

> *"Debe lembrarse, ademais, que, nas sentenzas relativas ao cártel do transporte balear de viaxeiros, entre outras, do 25 de febreiro de 2026, rec. 625/2023, o Tribunal Supremo declarou que para os efectos da aplicación e interpretación da normativa da Unión Europea en materia de defensa da competencia establecida no artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, así como da normativa estatal prevista na Lei 15/2007 do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, en practicas ou condutas cualificadas como cártel, a definición do mercado xeográfico relevante ou afectado non é un elemento do tipo das condutas prohibidas enunciadas no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia e no artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, determinante para valorar a antixuridicidade da conduta infractora, senón que constitúe unha apreciación económica, que permite establecer os límites da competencia entre os operadores, e que debe considerarse e examinarse para determinar o alcance do ámbito espacial no que se desenvolven as estratexias empresariais de colaboración ou concertación que teñan como obxecto impedir, restrinxir ou falsear a competencia, coa finalidade de determinar a gravidade dos comportamentos anticompetitivos, e, en consecuencia, poder cuantificar o importe das sancións que correspondan conforme aos principios e criterios de obxectividade e proporcionalidade."*

Neste expediente, e seguindo a pauta marcada en recentes resolucións ditadas ademais de pola CGC, por outras autoridades de Competencia[19], considérase necesario chamar a atención sobre as características singulares que, de acordo coa doutrina científica e os

18 Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139

19 Entre outras: Resolución da Autoridade Catalá da Competencia nº 41/2012 Funeraria Fontal do 2 de xullo de 2015; Resolución do Consello de Defensa da Competencia de Andalucía nº S/12/2015 Tanatorio Pedrera do 2 de xullo de 2015; Resolución do Consello da hoxe denominada Axencia da Competencia e da Regulación Económica de Andalucía, n.º S/05/2018, Tanatorios Belalcázar, do 1 de xuño de 2018 e Resolución da CGC R 4/2022 Tanatorio de Poio do 16 de decembro de 2022.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

estudos sobre o sector realizados polas Autoridades de competencia autonómicas —entre elas o Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) predecesor da actual CGC—[20], presentan a oferta e a demanda no mercado de servizos funerarios características que o diferencian doutros mercados e que lle fan posuír unhas calidades moi particulares e singulares.

Así, a demanda de servizos funerarios posúe algunhas particularidades que a fan singular[21], entre elas: a) é unha demanda forzosa e de primeira necesidade, onde o consumo é preceptivo[22], b) a prestación do servizo é urxente xa que existe un prazo de tempo limitado e non é posible demoralo, c) trátase dunha demanda ocasional, d) en xeral a decisión de contratar os servizos funerarios tómase de forma imprevista e con carácter urxente, e) existen problemas de información asimétrica e f) a demanda dos servizos funerarios adoita ser de carácter local.

Con todos estes precedentes e consideracións, no suposto desta Resolución debemos de facer a distinción entre o mercado relevante de produto e o mercado relevante xeográfico.

4.1. MERCADO DE PRODUTO

Como vimos, o mercado de produto comprende a totalidade dos produtos e servizos que os consumidores consideren intercambiables en razón das súas características, o seu prezo ou o uso que prevexan facer deles[23].

20 Cfr. *"Estudo sobre a competencia no sector dos servizos funerarios en Cataluña",* Dirección Xeral de Defensa da Competencia, Departamento de Economía e Finanzas da Generalitat de Cataluña, 16 de marzo de 2007; "*O sector de servizos funerarios en Galicia desde o punto de vista da competencia"* promovido polo Tribunal Galego de Defensa da Competencia, decembro 2008; "*O sector funerario na Comunidade Autónoma de Euskadi*" Servizo Vasco de Defensa da Competencia, outubro 2010; "*O uso do tanatorio e os seus efectos sobre a competencia nos servizos funerarios"* Autoridade Catalá da Competencia, xullo de 2016 e Informe da Comisión Galega da Competencia IPRO 2/2025 xurídico competencial sobre o sector dos servizos funerarios, decembro 2025.

21 Nesta liña, véxase a resolución do Consello da actual Axencia da Competencia e da Regulación Económica de Andalucía, n.º S/05/2018, Tanatorios Belalcázar, do 1 de xuño de 2018.

22 "Os servizos funerarios son servizos de primeira necesidade. Unha vez producido o deceso, os familiares ou, na súa falta, as autoridades públicas, non poden prescindir dos mesmos, polo menos, das prestacións funerarias básicas". MARCOS, F.; *A economía funeraria: demanda e oferta no mercado de servizos funerarios* en IE Working Paper 18/03, 28 de novembro de 2004, páx. 1.

23 Apartado 12 a) da COMUNICACIÓN DA COMISIÓN relativa á definición de mercado de referencia para

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Como sinala a SUBDIC, desde a perspectiva da competencia, a conduta analizada neste expediente afectaría ao sector de pompas fúnebres e actividades relacionadas (CNAE S.9603).

Aínda que este sector carece de definición legal expresa, podemos seguir a noción doutrinal aceptada tanto polas Autoridades nacionais da competencia[24] como polas Autoridades autonómicas da competencia (vide., os estudos sobre o sector da Dirección Xeral de Defensa da Competencia da Generalitat de Cataluña de 2007[25]; do Tribunal Galego de Defensa da Competencia de 2008[26]; do Servizo Vasco de Defensa da Competencia de 2010[27], xa citados, así como a Resolución do Consello de Defensa da Competencia de Andalucía Expediente S/12/2015 Tanatorio Pedrera do 16 de decembro de 2015) e polo Tribunal de Contas no seu Informe de Fiscalización da Xestión de servizos funerarios e de cemiterios, do 20 de xullo de 2006.

Conforme a ela, o mercado de servizos mortuorios ou funerarios, nun sentido amplo, comprende todas aquelas actividades que se realizan desde que se produce a defunción dunha persoa ata o momento da súa inhumación ou incineración. Por tanto, os servizos mortuorios ou funerarios configúranse como un mercado autónomo para efectos de defensa da competencia, no que se incluirían actividades diferenciadas de moi diversa natureza. Entre elas cabería citar as seguintes: información sobre os trámites

efectos da normativa da Unión en materia de competencia (C/2024/1645), publicada no Diario Oficial nº C 1645 do 22 de febreiro de 2024.

24 Informe do extinto Tribunal de Defensa da Competencia (en diante TDC) sobre a concentración C-85/04, INTUR/Euro Stewart; Informes do extinto Servizo de Defensa da Competencia económica N-04045 INTUR/SCI SPAIN, N-04046 INTUR/EURO STEWART e N-05031 INTUR/FUNERARIAS DO ALTO ARAGÓN; Resolución da Comisión Nacional da Competencia (en diante CNC) do 3 de marzo de 2009, Funerarias de Baleares, Expdte. 650/08.

25 "(...) os servizos funerarios comprenden todos aqueles actos, trámites e dilixencias necesarios desde que se produce a defunción ata que o cadáver é inhumado ou incinerado. " Páx. 3.

26 "(...) o mercado de servizos funerarios entendido nun sentido amplo comprende todas as actividades a que dá lugar a morte dunha persoa ata que recibe sepultura". Páx. 81.

27 "(...) o mercado de servizos funerarios comprende as prácticas que se desenvolven desde o momento da defunción ata o momento anterior á inhumación ou cremación, excluíndo as actividades de carácter exclusivamente relixioso". Páx. 45

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

administrativos preceptivos da defunción; prácticas hixiénicas no cadáver e restos humanos; subministración de féretros e demais material funerario; enferetramento e traslado do cadáver ou restos humanos; servizos de tanatorio (velorio, tanatopraxia, tanatoestética e demais prácticas sanitarias; depósito de cadáveres, entre outros); e unha serie de servizos complementarios, como os de organización de exequias; alugueiro de vehículos de acompañamento; publicación de necrolóxicas; axuda psicolóxica, entre outros. En relación co transporte, este debe ser realizado por empresas de pompas fúnebres legalmente establecidas, tendo consideración de transporte privado complementario.[28]

Por iso o mercado afectado neste suposto é o constituído polos servizos mortuorios ou funerarios, incluíndo as actividades que van desde o falecemento dunha persoa ata o momento en que recibe sepultura ou é incinerada, podendo diferenciarse como mercados separados os Servizos Funerarios, os de Tanatorio[29] e os de transporte de cadáveres.[30]

28 Artigo 41 do Regulamento de Ordenación do Transporte Terrestre. O traslado de cadáveres queda fóra do ámbito do transporte

29 En diversos pronunciamentos, desde o TDC considerouse ao mercado de servizos de tanatorio, nos que se inclúe os de velorio, como mercado de referencia independente dos servizos funerarios ou mortuorios (Resolución do TDC 16 de marzo de 2001, Expdte. R 461/00, Cemiterio A Paz; Resolución do TDC, de 20 xuño 2001, Expdte. 495/00, Velorios Madrid, entre outras). Da mesma maneira pronúnciase a Comisión Nacional da Competencia (CNC) na súa Resolución do 17 de setembro de 2008 (Expdte. C-0097/08, 3i/MÉMORA). O Consello da Axencia da Competencia e da Regulación Económica de Andalucía (CDCA) en diversos pronunciamentos tamén considerou o mercado de tanatorios como mercado diferenciado, entre elas a Resolución do 1 de outubro de 2014, S/15/2014, TANATORIOS DE HUELVA S.L. e a Resolución do 16 de decembro de 2015, S/12/2015, "TANATORIO PEDRERA. Neste mesmo sentido pronunciouse o Pleno da Autoridade galega na súa Resolución R 3/2014 – Tanatorio de Catoira, do 4 de xullo de 2014 e mais recentemente na Resolución n.º 4/2022 Tanatorio de Poio do 16 de decembro de 2022.

30 Neste sentido a Resolución da CGC R 3/2014 – Tanatorio de Catoira, do 4 de xullo de 2014 sinala que no mercado de servizos funerarios ou mortuorios cabe diferenciar dúas actividades diferentes: a) o servizo de transporte de cadáveres desde o domicilio no lugar de falecemento ao tanatorio, proporcionado por unha "empresa de servizos funerarios"; e b) o servizo de tanatorio, fornecido por unha "empresa de tanatorio", aínda que é frecuente que unha mesma empresa preste os dous tipos de servizos.". Da mesma maneira a Resolución da CDCA do 1 de outubro de 2014, S/15/2014, TANATORIOS DE HUELVA S.L. afírmase que: "A maiores, a autoridade nacional de competencia admitiu a posibilidade de desagregar o mercado de servizos funerarios noutros mercados máis estreitos, como poden ser o de prestación de servizos de traslado de cadáveres fóra do termo municipal ou o de servizos de tanatorio (vgr. Informe N-05031 INTUR), cousa que parece lóxica se, como é o caso, non todas as empresas de pompas fúnebres contan con instalacións propias de tanatorio."

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Neste expediente concreto, o mercado afectado sería o dos traslados de cadáveres e outros servizos funerarios. En relación co transporte, este debe ser realizado por empresas de pompas fúnebres legalmente establecidas, tendo consideración de transporte privado complementario[31]. Dentro do mercado de recollida e traslado de cadáveres, cabe definir un subsegmento que é o da recollida e traslado xudicial, caracterizado por prestarse en réxime de exclusiva mediante o correspondente procedemento de licitación[32] e que se refire á recollida e traslado dos cadáveres que determinen as autoridades xudiciais para a realización de autopsia. Trátase dun servizo prestado pola entidade que previamente se presentase á licitación correspondente e que resultou adxudicataria.

Este é delimitado polo obxecto dos contratos administrativos licitados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes relativos ao "Servizo de transporte de cadáveres, que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo Instituto de Medicina Legal de Galicia" e que constitúen o propio obxecto da licitación pública na que se suscitaron as prácticas que motivaron a incoación do presente expediente sancionador. Resulta evidente que cada un dos epígrafes, ou polo menos, algún deles, podería constituír un mercado propio (por exemplo o da autopsias) pero é a licitación conxunta de todos eles a que configura o obxecto do contrato e polo tanto, o mercado de produto, na medida que cada un dos licitadores debe estar en condicións de prestar todos e cada un dos servizos que configuran o obxecto do contrato, que a tales efectos se configurarían como mercados conexos entre si. Agora ben, as contratacións presentan potenciais efectos nos mercados correspondentes aos diferentes servizos funerarios que se prestarían unha vez finalizada a autopsia ou exame médico-forense, como serían os servizos de traslado ata o tanatorio e/ou

31 Artigo 139.1 do Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres sinala que "O transporte funerario deberá ser realizado por empresas de pompas fúnebres legalmente establecidas, tendo a consideración de transporte privado complementario"

32 CNMC Expte. S/DC/0595/16, FUNERARIAS AGRUPADAS ALBACETE.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

cemiterio, o acondicionamento do cadáver, arranxos florais, incineración ou inhumación, etc.

4. 2.- MERCADO XEOGRÁFICO

Como sinala a SUBDIC na súa PR, desde o punto de vista xeográfico, as presuntas prácticas anticompetitivas prodúcense no conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é así porque neste contrato a actividade concreta de recollida e traslado de cadáveres desempéñase nun ámbito xeográfico relevante definido en función das 11 áreas territoriais correspondentes ás subdireccións do IMELGA cunha área de influencia que non excede do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con todo a practica advertida prodúcese nos lotes 10 e 11 das referidas licitacións no ámbito da provincia de Pontevedra. Aínda que desde os primeiros pronunciamentos do Tribunal de Defensa da Competencia, nos do Consello da Comisión Nacional da Competencia como da CNMC e as Autoridades autonómicas da Competencia considerouse o carácter local do mercado xeográfico dos servizos funerarios, en especial nos servizos de tanatorio, neste caso sinalamos que o mercado afectado sería o dos traslados de cadáveres e outros servizos funerarios que se refire á recollida e traslado dos cadáveres que determinen as autoridades xudiciais para a realización de autopsia, sendo un servizo prestado polo operador que previamente fose adxudicatario da licitación correspondente polo que o ámbito xeográfico sería o correspondente a uns partidos xudiciais dentro da provincia de Pontevedra.

5.- CUESTIÓNS PREVIAS

5.1.- LEXISLACIÓN APLICABLE

5.1.1. AO ÁMBITO COMPETENCIAL ONDE SE PRODUCEN OS FEITOS

A conduta obxecto de investigación (Contratación do servizo de transporte de cadáveres que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo Instituto de Medicina Legal de Galicia) está contemplada no Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Estas funcións foron asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Decreto 394/1994, do 29 de decembro, sobre asunción de funcións transferidas. Entre as funcións traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia inclúese o pago dos gastos asociados aos levantamentos e traslados de cadáveres cuxa autopsia é preceptiva.

A normativa de sanidade mortuoria en Galicia, na medida que o artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, esta contida no Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia. O transporte de cadáveres esta regulado na Sección 1ª do Capitulo V do referido Decreto nos artigos 13 e seguintes.

5.1.2 AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

A licitación pública na que se teñen producido os feitos que poderían ter infrinxido a LDC tramitouse conforme as previsións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo resulta de aplicación ao procedemento de licitación o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

5.1.3.- AO ÓRGANO COMPETENTE PARA COÑECER OS FEITOS

No que incumbe á competencia para coñecer da posible infracción da LDC é preciso lembrar que o art. 26, dos Estatutos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, establece o seguinte:

> *"1. A Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, será a encargada, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, destes estatutos e demais normativa, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.*
>
> *2. Correspóndelle á Comisión Galega da Competencia as seguintes funcións:*
>
> *a) Instruír e resolver expedientes sobre condutas prohibidas pola Lei de defensa da competencia e de control de axudas públicas.*
>
> *[...]."*

No que incumbe á regulación substantiva sobre prácticas prohibidas, a LDC dispón no seu art. 1 que:

> *"1. Prohíbese todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional e, en particular, os que consistan en:

a) A fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou doutras condicións comerciais ou de servizo.

b) A limitación ou o control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos.

c) A repartición do mercado ou das fontes de aprovisionamento.

[...]

5.2.- CUESTIÓN PREVIA: A DIVISIÓN EN LOTES DAS LICITACIÓNS.

Por Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de novembro de 2017 aprobouse o procedemento de contratación do "servizo de transporte de cadáveres que requiran as práctica autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA, dependente da Administración de Xustiza en Galicia (11 lotes) para o ano 2018, que recibiu a referencia 2018-SEXU 02 a 12/EM, (en diante o Expediente 2018). Neste contrato, como nos anteriores licitados coa mesma finalidade, a actividade concreta de recollida e traslado de cadáveres desempéñase nun ámbito xeográfico relevante definido en función das 11 áreas territoriais correspondentes ás subdireccións do IMELGA, cunha área de influencia que non excede do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Cada unha desas áreas constituía un lote diferente na licitación polo que serán 11 os lotes da mesma.

A práctica investigada neste expediente afecta a dous deses lotes: o lote n.º 10 e o lote n.º 11. Estes dous lotes comprenden os seguintes partidos xudiciais de acordo co PPT do Expediente 2020 e do Expediente 2024:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

- Lote 10: Área territorial correspondente á Subdirección do Imelga en Pontevedra, que inclúe os seguintes partidos xudiciais: Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Vilagarcía de Arousa e Pontevedra.

- Lote 11: Área territorial correspondente á Subdirección do Imelga en Vigo, que inclúe os seguintes partidos xudiciais: Ponteareas, O Porriño, Tui, Vigo e Redondela.

Por Resolución do 31 de decembro de 2019 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aprobouse o procedemento de contratación que recibiu a referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM, (Expediente 2020). A distribución en lotes era a mesma que os procedementos anteriores.

Por último, por Resolución de 26 de abril de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aprobouse o procedemento de contratación que recibiu a referencia 2024-SEXU 22 a 32-EM, (Expediente 2024). A distribución en lotes era a mesma que os procedementos anteriores.

Todos os procedementos de contratación licitan a prestación de servizos de transporte de cadáveres para a realización de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA e todos os contratos divídense nos 11 lotes que corresponden ás 11 subdireccións territoriais do IMELGA. Por iso, como sinala a SUBDIC na súa PR, os requirimentos esixidos para a prestación dos servizos contratados son coñecidos polos licitadores xa que non sufriron variacións desde o ano 2008.

Como xa indicamos, no obxecto deste expediente sancionador analízanse as actuacións das empresas investigadas na área xeográfica que corresponde a dous lotes distintos, os lotes 10 e 11, situados ambos na provincia de Pontevedra. Sinalar que os mesmos non inclúen todos os concellos da devandita provincia, xa que dous partidos xudiciais (A Estrada e Lalín) incorporáronse ao Lote 1.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

O LOTE 10 corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Pontevedra e inclúe, dentro de cada un dos seus Partidos xudiciais, os seguintes concellos:

Partido xudicial de Caldas de Reis: Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas, Valga.

Partido Xudicial de Cambados: Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo.

Partido xudicial de Cangas: Cangas, Moaña, Vilaboa.

Partido xudicial de Marín: Bueu, Marín.

Partido xudicial de Vilagarcía de Arousa: Catoira, A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

Partido xudicial de Pontevedra: Cotobade, A Lama, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra.

Na devandita área xeográfica as empresas acreditan os seguintes medios (**Táboa 1**)[33]

Táboa 1: Medios que acreditan as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. na área xeográfica do Lote 10 (censo de empresas e establecementos funerarios de Galicia)[34]:

EMPRESA	MUNICIPIO
SEPELIOS SAN MARCOS SL	SANXENXO
SEPELIOS SAN MARCOS SL	PONTEVEDRA

33 Anexo I Expediente contratación 2020 SEXU 20 A 30/EM e Cartafol "PEZA CONFIDENCIALIDADE > 03. Anexo II EC 2024 PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 04-Sedes > LOTE 11 e 11-SEDES.pdf

34 Pódese consultar en https://www.sergas.gal/saude-publica/censo-establecementos-funerarios-galicia.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

SEPELIOS SAN MARCOS (DOPEMAR SL)	BARRO
SEPELIOS SAN MARCOS (DOPEMAR SL)	MARÍN
SEPELIOS SAN MARCOS (TANATORIO DE POIO SL)	POIO
POMPAS FÚNEBRES DE AROSA SL	CATOIRA
POMPAS FÚNEBRES DE AROSA SL	CAMBADOS
POMPAS FÚNEBRES DE AROSA SL	O Grove
POMPAS FÚNEBRES DE AROSA SL	VILAGARCÍA DE AROUSA
POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO SL	X
POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA SL	X

O LOTE 10 corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Vigo e inclúe, dentro dos Partidos xudiciais, os seguintes concellos:

Partido xudicial de Ponteareas: Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

Partido xudicial do Porriño : Mos, O Porriño, Salceda de Caselas.

Partido xudicial de Tui: A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño, Tui.

Partido xudicial de Vigo: Baiona, Gondomar, Nigrán, Vigo.

Partido xudicial de Redondela: Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior.

Na devandita área xeográfica as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L e SEPELIOS

SAN MARCOS S.L. acreditan os seguintes medios (Táboa 2)[35]

Táboa 2: medios que acreditan as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. na área xeográfica do Lote 11 (censo de empresas e establecementos funerarios de Galicia)[36]:

EMPRESA	MUNICIPIO
POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO SL	A CAÑIZA
POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO SL	O PORRIÑO
POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO SL	SALVATERRA DO MIÑO
POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO SL	VIGO
POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA SL	A GUARDA
SEPELIOS SAN MARCOS	x
POMPAS FÚNEBRES DE AROSA SL	x

Como veremos no Expediente 2020 empresas que presentaran ofertas en competencia no Expediente 2018 para o Lote 10 únense nunha UTE para presentar todas elas unha oferta coordinada para o Lote 10 así como ao Lote 11. Veremos que na execución dos servizos neses Lotes nos Expedientes 2020 e 2024 existe unha distribución territorial entre as empresas, como elas mesmas recoñecen, de tal maneira que aínda que as catro empresas participan nas UTEs que se presentan aos dous lotes, as empresas que teñen a súa sede no territorio do Lote 10 non prestan ningún servizo no ámbito territorial do Lote 11 e as empresas que teñen a súa sede no territorio do Lote 11 non

35 Anexo I Expediente contratación 2020 SEXU 20 A 30/EM e Cartafol "PEZA CONFIDENCIALIDADE > 03. Anexo II EC 2024 PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 04-Sedes > LOTE 11 e 11-SEDES.pdf

36 Pódese consultar en https://www.sergas.gal/saude-publica/censo-establecementos-funerarios-galicia.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

prestan ningún servizo no ámbito territorial do Lote 10. E mesmo dentro de cada un deses Lotes as empresas que prestan servizos no mesmo distribúense os servizos realizando os que, dentro do territorio dese Lote, son os máis próximos ás súas sedes.

Por que unha empresa que non vai prestar servizos no ámbito territorial do Lote 10 se presenta en UTE no Expediente 2020 para ser adxudicataria dese Lote? Por que esa empresa que non prestou ningún servizo no ámbito territorial do Lote 10 volve presentarse en UTE no Expediente 2024 para volver ser adxudicataria dese Lote?

E o mesmo respecto do Lote 11. Por que unha empresa que non vai prestar servizos no ámbito territorial do Lote 11 se presenta en UTE no Expediente 2020 para ser adxudicataria dese Lote? Por que esa empresa que non prestou ningún servizo no ámbito territorial do Lote 11 volve presentarse en UTE no Expediente 2024 para volver ser adxudicataria dese Lote?

Para que se presentan?

Todo isto será un elemento importante dentro do razoamento que levará a este Pleno para considerar a existencia dun acordo colusorio entre as empresas xa que veremos que non presentarán estas xustificación alternativa e razoable para explicar esa distribución territorial, distinta da existencia de tal pacto de non competir que perseguía, entre outros obxectivos, a repartición territorial dos servizos.

5.3.- CUESTIÓN PREVIA: UTES E CONTRATACIÓN PÚBLICA. APLICACIÓN AO SUPOSTO.

Desde a aprobación da Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de Empresas e das Sociedades de desenvolvemento industrial rexional[37], a figura das Unións Temporais (UTE) foi obxecto de debate polos efectos negativos que este "sistema de colaboración entre empresarios", como o denomina a

37 O art. 1.1 da devandita lei afirma que "Terán a consideración de Unión Temporal de Empresas o sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministración."

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

propia Lei 18/1982[38], podería producir no ámbito da aplicación do dereito da competencia.

Desde o punto de vista da contratación pública defendéronse as vantaxes que supón a concorrencia de empresas en UTEs ás licitacións, na medida que estas facilitan a presentación de ofertas por parte daquelas empresas que de maneira individualizada non poderían participar nesa licitación. Ese maior número de concorrentes debería de comportar unha vantaxe prol-competitiva nese mercado que, como reiteradamente se lembra, se caracteriza por unha reducida concorrencia de licitadores[39].

É evidente que as UTES non serán restritivas da competencia cando estean formadas por empresas que non son competidores reais ou potenciais nese mercado (como son as formadas por empresas do mesmo grupo) ou cando estean formadas por empresas que non están presentes no mesmo mercado nin tampouco o será cando esas UTEs estean constituídas por empresas que non terían capacidade para poder concorrer á licitación de maneira individual.

En España tanto a CNMC como as Autoridades autonómicas de competencia recoñeceron, de maneira reiterada, que as UTES en si mesmas non son restritivas da competencia[40] pero advirte da necesaria vixilancia que sobre elas se debe realizar[41]. Da

38 Art. 7.1 "Terán a consideración de Unión Temporal de Empresas o sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministración".

39 Como sinala a CNMC "(...) a intensidade da competencia no aprovisionamento público é reducida, como revela a elevada porcentaxe de licitacións cun único participante (en case un 34% dos contratos estatais hai un único participante, e nun 66% dos contratos estatais hai 3 ou menos participantes)." E/CNMC/004/18 - RADIOGRAFÍA DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN PÚBLICA EN ESPAÑA, p. 50.

40 Resolucións da CNMC do 15 de xaneiro de 2015 (Expte. S/0743/13, Postes de Formigón) e do 5 de setembro de 2016 (Expte. S/DC/0525/14, Cementos), Resolución da CGC do 9 de decembro de 2025 R18/2025 - Transporte de viaxeiros UTES 2.

41 "Como xa sinalamos, as propias normas que regulan o funcionamento das UTE advirten sobre o uso abusivo deste tipo de entidades e a necesidade da súa vixilancia para evitar prácticas restritivas da competencia, e as partes debían ser coñecedoras de tales advertencias polo que non se pode alegar descoñecemento ao respecto de que as condutas non podían ocasionar problemas de competencia." Resolución da CNMC do 30 de xullo de 2016 (Expte. S/0519/14 INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

mesma opinión é a xurisprudencia. Así a SAN do 15 de outubro de 2012[42] dispón no seu Razoamento Xurídico Quinto que:

> *"A creación dunha UTEs non constitúe un acordo anticompetitivo se as empresas concertadas non teñen capacidade técnica ou financeira suficiente para alcanzar por si mesmas o obxecto da licitación e por tanto non poden concorrer de forma individual. Nese caso enténdese que dado que non son competidores potenciais na licitación de que se trate non se produce restrición algunha da competencia. (punto 143 das Directrices sobre a aplicabilidade do artigo 81 da Tratado CE aos acordos de cooperación horizontal)."*

Neste mesmo sentido a SAN do 24 de abril de 2024[43] no seu Fundamento de Dereito Décimo noveno afirma que:

> *"A análise desta cuestión esixe partir do feito de que, en efecto, as UTEs non supoñen en si mesmas unha restrición da competencia e poden, pola contra, contribuír a asegurar esta, especialmente nos procesos de licitacións nos que, de non acudir á devandita forma de colaboración, algunhas empresas non poderían participar nos mesmos. É dicir, a utilización de UTE para participar en procedementos de licitación pode, nalgunhas ocasións, ter efectos positivos, ao facilitar o acceso ao financiamento de grandes investimentos e permitir a participación de empresas que poñan en común recursos complementarios.*
>
> *As UTEs réxense pola Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Industrial Rexional, cuxo artigo 2 revela xa a preocupación do lexislador pola incidencia que a actividade destas formas organizativas pode ter en materia fiscal e de defensa da competencia, polo que prevén que as UTEs deben*

42 Sentenza AN do 15 de outubro de 2012 ECLI: ES: AN:2012:4315
43 Sentenza AN do 24 de abril de 2024 ECLI: ES: AN:2024:2258

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

estar sometidas a vixilancia permanente por parte das autoridades de ambos os ámbitos: "As actividades e repercusións económicas das Agrupacións de Empresas e Unións Temporais de Empresas serán obxecto de especial vixilancia polo Ministerio de Facenda, para constatar se a súa actividade se dedicou exclusivamente ao cumprimento do obxecto para o que fosen constituídas. O cumprimento desta función realizarase pola Inspección Financeira Tributaria, sen prexuízo, e con independencia da aplicación polos Organismos ou Tribunais correspondentes das medidas ordinarias ou especiais establecidas ou que se establezan para evitar actividades monopolísticas ou prácticas restritivas da competencia".

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, é exemplo tamén da devandita prevención fronte á posible utilización da UTE para encubrir prácticas anticompetitivas, (...)"

Máis recentemente tamén a SAN do 25 de febreiro de 2026[44] dispón no mesmo sentido no seu Fundamento de Dereito sexto que:

"Como é sabido, a constitución dunha Unión Temporal de Empresas é lícita desde o punto de vista das normas de competencia cando entre outros supostos as empresas carecen individualmente de capacidade para concorrer a unha licitación.

Paralelamente, a constitución dunha unión temporal de empresas presenta indicios dun acordo que ten por obxecto eliminar ou restrinxir a competencia nos seguintes supostos:

Cando a unión temporal de empresas non sexa necesaria porque cada unha das

44 Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

empresas partícipes puidese participar de forma individual ou en grupos de menor dimensión.

Cando na unión temporal de empresas participan todas as empresas presentes no mercado ou un número significativo delas.

Cando se constata un emprego sistemático das mesmas unións temporais de empresas en todas as licitacións sen rupturas no tempo.

Cando existe posibilidade de concorrer con ofertas menos restritivas da competencia que a formación da unión temporal de empresas.

Cando poida presumirse que tras a unión temporal de empresas hai unha intención de monopolizar as licitacións ou de controlar ou repartirse o mercado.

Cando existe subcontratación en favor dunha empresa a cambio de que non participe na licitación"

Por último, hai que ter en conta o disposto na Comunicación (2023/C 259/01) da Comisión Europea "Directrices sobre a aplicabilidade do artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea aos acordos de cooperación horizontal" (en diante as Directrices)[45]. O artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) e o artigo 1 LDC teñen como obxectivo asegurar que as empresas non utilicen acordos de cooperación horizontal para impedir, restrinxir ou falsear a competencia no mercado interior en detrimento último dos consumidores. As Directrices dispoñen que para que o art. 101 do TFUE se aplique a unha cooperación horizontal, debe existir unha forma de

45 DOUE do 21 de xullo de 2023. As mesmas "(...) Teñen por obxecto proporcionar seguridade xurídica ao axudar ás empresas para avaliar a compatibilidade dos seus acordos de cooperación horizontal coas normas de competencia da Unión e garantir ao mesmo tempo unha protección efectiva da competencia. Tamén teñen por obxecto facilitar ás empresas a cooperación en formas economicamente desexables e contribuír así, por exemplo, ás transicións ecolóxica e dixital e ao fomento da resiliencia do mercado interior"

coordinación entre competidores, a saber, un acordo entre empresas, unha decisión de asociación de empresas ou unha práctica concertada.

Pero aínda que hai que lembrar que as Comunicacións da Comisión en materia de Dereito europeo de competencia non despregan efectos xurídicos vinculantes para os órganos xurisdicionais nin para as autoridades nacionais[46] e que as mesmas non establecen máis que regras de conduta[47], tales directrices declara o TS que, en canto recollen os criterios fixados pola xurisprudencia, *"(...) poden ser tomadas en consideración como un instrumento útil de interpretación na materia"*[48].

As Directrices sinalan no seu apartado 352[49] que unha UTE non restrinxirá a competencia se permite ás partes participar en proxectos que non poderían emprender individualmente, e continúa:

> *"Neste suposto, as partes no acordo de consorcio de licitadores non son nin competidores reais nin potenciais para a execución do proxecto. Este pode ser o caso cando as partes dun acordo de consorcio de licitadores fornecen diferentes servizos que son complementarios para efectos da participación no procedemento de licitación. Tamén pode darse o caso de que as partes do acordo de consorcio de licitadores, aínda que todas operen no mesmo mercado ou mercados, non poidan levar a cabo o proxecto individualmente, por exemplo, debido á envergadura do*

46 Como sinala a sentenza do TJUE do 14 de xuño de 2011. STJUE do 14 de xuño de 2011, Pfleiderer (C-360/09, Rec. p. I-5161), apartado 21.

47 Sentenza do Tribunal de Xustiza do 29 de setembro de 2011, Arkema/Comisión, C-520/09 P, apartado 88.

48 STS do 4 de maio de 2021 ECLI: ES: TS:2021:1688.

49 "Un acordo dun consorcio de licitadores, independentemente da súa cualificación xurídica, non restrinxirá a competencia no sentido do artigo 101, apartado 1, se permite ás partes participar en proxectos que non poderían emprender individualmente. Neste suposto, as partes no acordo de consorcio de licitadores non son nin competidores reais nin potenciais para a execución do proxecto. Este pode ser o caso cando as partes dun acordo de consorcio de licitadores fornecen diferentes servizos que son complementarios para efectos da participación no procedemento de licitación. Tamén pode darse o caso de que as partes do acordo de consorcio de licitadores, aínda que todas operen no mesmo mercado ou mercados, non poidan levar a cabo o proxecto individualmente, por exemplo, debido á envergadura do proxecto ou á súa complexidade."

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

proxecto ou á súa complexidade."

No suposto que se examina neste expediente hai que partir da consideración de que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L., como determinaremos nesta Resolución, son competidores reais[50] no mercado da licitación e desenvolven a súa actividade no mesmo mercado de referencia, é dicir, nos mesmos mercados de produto e xeográfico.

Como sinala a doutrina *"Formar unha UTE para presentarse a un concurso público é a forma máis sinxela de eliminar a competencia entre os licitadores. As empresas non se presentan ao concurso individualmente, o que lles obrigaría a axustar a súa oferta o máis posible para vencer ás dos demais, senón que o fan a través da UTE e repártense os beneficios á conta do interese público."*[51]

Tamén hai que ter en conta que ao examinar a concorrencia de UTEs a unha licitación pública e examinar se restrinxe ou non esta UTE a competencia, será necesario realizar pola respectiva autoridade de competencia un "test de legalidade" o cal terá por finalidade:

a) determinar se a concorrencia en UTE por parte desas empresas constitúe un acto colusorio de repartición de mercado.

b) apreciar se ese acordo entre empresas ten un grao de nocividade suficiente para ser considerada como unha restrición da competencia.

O test tradicional a aplicar para determinar a licitude da UTE é o denominado **"test da**

50 Directrices, apartado 16.

51 ALFARO AGUILA-REAL, J.; "UTEs e Dereito da Competencia", derechomercantilespana.blogspot.com, https://derechomercantilespana.blogspot.com/2020/05/utes-y-derecho-de-la-competencia.html

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

capacidade" ou **"test da necesidade**". De acordo co mesmo se as empresas que se asocian en UTE para concorrer a unha licitación pública tivesen capacidade para presentarse a esa mesma licitación de maneira individual habería que considerar como ilícita a constitución desa UTE.

Por iso cando a participación de varias empresas nunha UTE é obxectivamente necesaria para que as mesmas poidan concorrer a unha licitación pública,"*(...) o acordo subxacente entre elas non restrinxe a competencia porque as empresas non son competidoras entre si nesa concreta licitación.*"[52]

Este é o criterio habitual empregado pola Autoridade Nacional de Competencia en España. Así o Tribunal de Defensa da Competencia (TDC) na súa Resolución do 20 de xaneiro de 2003[53] declarou que:

> *"Só cando as empresas concertadas carecesen da capacidade suficiente para alcanzar por si mesmas o obxecto da licitación e non puidesen concorrer a ela de forma individual, podería establecerse que non hai afectación da competencia"*

e foi a postura que mantivo constantemente a CNMC nas súas resolucións como, por exemplo, na do 30 de xullo de 2016 na que reitera a aplicación dese "test de necesidade" ao sinalar que:

> *"En definitiva, e a modo de conclusión, soamente caberá apreciar o beneficio e a necesidade de asociarse a través dunha UTE para determinados contratos, e a inexistencia dunha conculcación das normas de competencia, cando non sexa posible que as empresas poidan concorrer aos mesmos de maneira individual ante a súa falta de capacidade. Só nestes supostos pode acollerse a posibilidade de*

52 ARMENGOL I GASULL, O, "Unións temporais de empresas e Dereito da Competencia", *Economía Industrial,* n.º 415, 2020, p. 60.

53 Resolución do TDC do 20 de xaneiro de 2003 (Expte. R 504/01 Terapias Respiratorias Domiciliarias)

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

constituírse puntualmente en UTE. Con todo, non é iso o que sucede en relación coas empresas constitutivas da UTE obxecto do presente expediente, tal como veremos a continuación."[54]

De igual maneira a Audiencia Nacional[55] acollendo esta regra de aplicación do "test de necesidade" precisa de forma reiterada nas súas sentenzas que:

"(...) A creación dunha UTEs non constitúe un acordo anticompetitivo se as empresas concertadas non teñen capacidade técnica ou financeira suficiente para alcanzar por si mesmas o obxecto da licitación e por tanto non poden concorrer de forma individual. Nese caso enténdese que dado que non son competidores potenciais na licitación de que se trate non se produce restrición algunha da competencia (...).

Criterio que volve argumentar a SAN do 20 de setembro de 2023[56]

"Esta Sala non comparte a tese da recorrente e, do mesmo xeito que a CNMC, consideramos que a constitución das UTEs e a participación a través de UTE nas licitacións públicas convocadas non respondían a parámetros de necesidade obxectiva nin competitiva."

E insiste na súa sentenza do 24 de abril de 2024[57] no Fundamento de Dereito Vixésimo no que afirma que:

"Atendendo á anterior doutrina xurisprudencial, corresponde agora a este Tribunal analizar se concorrían razóns competitivas que puidesen xustificar a intervención

54 Resolución da CNMC do 30 de xullo de 2016 (Expte. S/0519/14 INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS)
55 Sentenza da AN do 15 de outubro de 2012 – ECLI: ES: AN:2012:4315
56 Sentenza da AN do 20 de setembro de 2023 – ECLI: ES: AN:2023:4638
57 Sentenza da AN do 24 de abril de 2024 - ECLI: ES: AN:2024:2255.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

das empresas, entre elas a recorrente, en forma de UTE nas licitacións públicas convocadas por diversas administracións públicas no mercado analizado na resolución agora impugnada. E para iso debemos determinar se existía unha necesidade obxectiva que xustificase a concorrencia da recorrente xunto con outras empresas baixo este sistema de colaboración entre empresas, tal e como as conceptúa o artigo 7. Un da Lei 18/1982, do 26 de maio."

"A análise desta cuestión esixe partir do feito de que as UTEs non supoñen en si mesmas unha restrición da competencia e poden, pola contra, contribuír a asegurar esta, especialmente nos procesos de licitacións nos que, de non acudir á devandita forma de colaboración, algunhas empresas non poderían participar nos mesmos. É dicir, a utilización de UTE para participar en procedementos de licitación pode, nalgunhas ocasións, ter efectos positivos, ao facilitar o acceso ao financiamento de grandes investimentos e permitir a participación de empresas que poñan en común recursos complementarios"

No mesmo sentido pronúnciase o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSJG) na súa sentenza de 10 de marzo de 2023[58] ao sinalar que:

"QUINTO.- Que, así pois, a licitación en UTE por Alsa e Monbus en 5 lotes (4 deles os máis importantes) non está xustificada e responde á conduta, prohibida, de repartirse o mercado tendo en conta que as UTEs resultan anticompetitivas, xustificándose a colaboración entre varias empresas cando, pola súa capacidade financeira ou técnica, necesiten complementarse, maiormente cando da unión se deducen eficiencias para os consumidores, pero neste caso, de ningún xeito se acredita nin a necesidade nin os efectos beneficiosos que, no seu caso, haberían de resultar na tramitación do expediente (...)"

58 Sentenza do Tribunal Superior de Galicia do 10 de marzo de 2023, ECLI: ES: TSJGAL:2023:1418

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

"(...) a CNMC para apreciar a legalidade dunha UTE, ou se contravén a LDC, realiza o test de legalidade, axuizando a compatibilidade das UTEs co dereito da competencia, sobre a base da súa necesidade obxectiva, apreciando que a infrinxe se as empresas teñen capacidade de presentarse á licitación separadamente, obrigando a analizar a capacidade técnica e financeira de cada unha, efectuando unha análise caso por caso, establecendo a CNMC a doutrina sobre infracción do art. 1 LDC en contratación pública, en Resolucións de 29-9-2016, extp. 007/16, Axencias de Viaxe, de 30-6-2016, exp. 019/14, Infraestruturas Ferroviarias, de 16-1-2015, expt. 0473/13, Postes de Formigón".

Este **"test da capacidade"** ou **"test da necesidade**" obriga ás empresas que participan nas UTES a facer unha análise de necesidade obxectiva e un exercicio de autoavaliación para os efectos de determinar se cada unha delas conta coa capacidade técnica e/ou financeira á luz das esixencias que impón a licitación. Esta análise de necesidade obxectiva debe partir dos requisitos do proxecto obxecto de contratación tal e como se detallan nos pregos da licitación.

O segundo dos elementos que de acordo co **"test da capacidade"** ou **"test de necesidade "** deberían de acreditar as empresas que cooperan para presentar ofertas conxuntas a través dunha UTE sería o de probar que da formación das UTEs se producisen efectos beneficiosos para os consumidores.

Hai que ter en conta que o apartado 359 das Directrices dispón que: "*En esencia, as condicións do artigo 101, apartado 3, poden cumprirse se a oferta conxunta permite ás partes presentar unha oferta máis competitiva que as ofertas que poderían presentar por si soas (en termos de prezo ou calidade) e os beneficios que se derivan para a entidade adxudicadora e os consumidores finais superan as restricións da competencia. As eficiencias deben repercutirse nos consumidores e non cumprirán as condicións do artigo 101, apartado 3, se só benefician ás partes do acordo conxunto de consorcio de*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

licitadores", de tal maneira que un acordo de consorcio entre empresas con capacidade para licitar de forma individual pode xerar eficiencias que xustifiquen a restrición que supón para a competencia esta licitación conxunta en UTE en virtude do art. 101.3 do TFUE.

De acordo con iso se a oferta conxunta permite ás partes presentar unha oferta máis competitiva que as que poderían presentar por si soas, en termos de prezo ou calidade, e os beneficios que se derivan para a entidade adxudicadora e os consumidores finais superan amplamente as restricións que á competencia supón a coordinación na presentación das ofertas, quedarán ao amparo do art. 103.1 TFUE e do art. 1.3 LDC. O referido art. 1.3 da LDC dispón que:

> *"3. A prohibición do apartado 1 non se aplicará aos acordos, decisións, recomendacións e prácticas que contribúan a mellorar a produción ou a comercialización e distribución de bens e servizos ou a promover o progreso técnico ou económico, sen que sexa necesaria decisión previa algunha para ese efecto, sempre que:*
>
> > *a) Permitan aos consumidores ou usuarios participar de forma equitativa das súas vantaxes.*
> >
> > *b) Non impoñan ás empresas interesadas restricións que non sexan indispensables para a consecución daqueles obxectivos, e*
> >
> > *c) Non consintan ás empresas partícipes a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos ou servizos contemplados"*

A aplicación da excepción contemplada neste art. 1.3 LDC supedítase, como sinalan as "Directrices sobre a aplicabilidade do art. 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea aos acordos de cooperación horizontal", a catro condicións acumulativas, dúas

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

delas positivas e outras dúas negativas[59]:

a) o acordo debe dar lugar a un aumento da eficacia, é dicir, debe contribuír a mellorar a produción ou a distribución dos produtos ou contribuír a promover o progreso técnico ou económico.

b) as restricións deben ser indispensables para alcanzar eses obxectivos, é dicir, as melloras de eficiencia.

c) debe reservarse aos consumidores unha participación equitativa no beneficio resultante, é dicir, as melloras de eficiencia, incluídas as cualitativas, logradas mediante as restricións indispensables deben procurar un beneficio suficiente aos consumidores de tal modo que polo menos se lles compensen os efectos restritivos do acordo. Por tanto, non abonda con que as eficiencias só beneficien ás partes do acordo. Para efectos das presentes Directrices, os «consumidores» son os clientes das partes do acordo e os compradores posteriores.

d) o acordo non debe ofrecer ás partes a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos de que se trate.

Neste mesmo sentido a recente sentenza do Tribunal Supremo do 26 de maio de 2026[60] manifesta sobre a aplicación do art. 1.3 LDC así como o 103.1 TFUE, o seguinte:

"Esta Sala, seguindo ao Tribunal de Xustiza, precisou que os requisitos do precepto son de concorrencia acumulativa, de modo que a falta dun só exclúe a excepción (sentenzas do 17 de setembro de 2018, recurso 2452/2017, e do 17 de marzo de 2021, recurso 1363/2020). Así mesmo, sostivemos que a carga de probar que concorren recae sobre quen invoca a excepción. O Tribunal de Xustiza, na sentenza do 6 de outubro de 2009 (GlaxoSmithKline, asuntos acumulados C-501/06 P e outros), declarou que «corresponde a quen invoca esta disposición demostrar,

59 Apartado 36 Directrices sobre a aplicabilidade do artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea aos acordos de cooperación horizontal (2023/C 259/01).

60 Sentenza do Tribunal Supremo do 26 de maio de 2026, ECLI: ES: TS:2026:2833.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

mediante argumentos e probas convincentes, que concorren os requisitos esixidos para obter unha exención», de modo que «a carga da proba incumbe á empresa que solicita que se lle aplique a exención» (§82), de modo que «a carga da proba incumbe á empresa que solicita que se lle aplique a exención» (§ 83). Esta Sala fixo súa esa doutrina nas sentenzas do 17 de setembro de 2018 e do 17 de marzo de 2021, antes citadas. No mesmo sentido, o artigo 50.2 da Lei 15/2007 e o artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1/2003."

En resumo, conforme a este criterio do **"test da capacidade"** ou **"test da necesidade"** haberá que examinar se as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. investigadas neste expediente sancionador:

a) tiñan capacidade para presentarse ás licitacións separadamente e de maneira individual e

b) se da formación das UTEs se produciron efectos beneficiosos ou eficiencias para os consumidores que superan amplamente as restricións que á competencia supón a coordinación na presentación das ofertas.

Para examinar estes dous elementos teremos como base o extenso traballo de investigación realizado pola SUBDIC durante o prazo de instrución do expediente sancionador así como todas as achegas realizadas polas empresas, recollidas na PR da SUBDIC, nas alegacións presentadas á PR, ao Acordo de actuacións complementarias e ás alegacións que tamén presentaron ao acordo de manifestación dos resultados das actuacións complementarias.

5.3.1.- CAPACIDADE DAS EMPRESAS PARA PRESENTARSE Á LICITACIÓN SEPARADAMENTE

De acordo con ese **"test de legalidade"** o primeiro que será necesario examinar neste expediente é se as UTEs permitiron ás empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS

FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. participar nunha licitación na que non poderían facelo se o tentasen de forma individual cada unha delas.

En caso de acreditar que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. non podían presentar ofertas á licitación de maneira individual non terían a consideración de competidores nin reais nin potenciais nela.

Como vimos a recente SAN do 25 de febreiro de 2026[61] sinala entre os supostos nos que a constitución dunha UTE presenta indicios de acordo que ten por obxecto eliminar ou restrinxir a competencia, o seguinte:

> *"Cando a unión temporal de empresas non sexa necesaria porque cada unha das empresas partícipes puidese participar de forma individual ou en grupos de menor dimensión."*

Para examinar a capacidade das empresas para presentarse separadamente á licitación haberá que ter en conta os requisitos de capacidade e solvencia esixidas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexen os procedementos de contratación (Expedientes 2020 e 2024) así como a dispoñibilidade dos medios materiais e humanos necesarios para a prestación dos servizos funerarios tamén previstos nos PCAP.

Estes PCAP actúan a modo de barreira de entrada xa que serven para considerar se ese licitador, a xuízo da Administración convocante, pode por si só concorrer a esa licitación, ou se necesitaría a súa concorrencia en UTE con outra empresas para alcanzar ese limiar mínimo de solvencia[62]. Como sinala a CNMC na súa Guía sobre contratación pública e competencia, a solvencia económico-financeira e técnico-

61 Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139

62 "A avaliación de se as partes son capaces de competir individualmente nun procedemento de licitación e, por tanto, son competidoras, depende en primeiro lugar dos requisitos incluídos nas normas de licitación." Apartado 353. Comunicación (2023/C 259/01) da Comisión Europea "Directrices sobre a aplicabilidade do artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea aos acordos de cooperación horizontal."

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

profesional do licitador debe estar vinculada ao obxecto do contrato e ser proporcional ao mesmo[63].

5.3.1.1.- Capacidade.

De acordo á documentación que obra no expediente, as mercantís investigadas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. que participaron nas UTES dispoñerían de capacidade para concorrer aos lotes 10 e 11 dos expedientes 2020 e 2024, de acordo á súa declaración responsable complementaria ao DEUC[64].

5.3.1.2.- Solvencia económica e financeira.

O criterio para acreditar a solvencia económica e financeira é o volume anual de negocios no ámbito do contrato. De acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexeron as contratacións nos dous expedientes reputarase solvente o licitador que acredite un "volume anual de negocios", no ámbito a que se refire a presente contratación, por un importe igual ou superior á suma do valor estimado do lote ao que se presente, tendo en conta o mellor exercicio dentro dos tres últimos anos dispoñibles[65]. Os PCAP que rexen os procedementos de contratación (Expedientes 2020 e 2024), establecen os seguintes valores estimados[66]:

LOTE	2020	2024
10	291.170,02	173.251,30
11	294.103,20	378.052,80
TOTAL	**585.273,22**	**551.304,10**

63 Guía sobre contratación pública e competencia. Comisión Nacional da Competencia p. 13. Pódese consultar en: https://www.cnmc.es/sites/default/files/1185702_0.pdf

64 Documento europeo único de contratación (DEUCS) unidos. DEUCS localizados no expediente co seguinte roteiro: Cartafol "PEZAS CONFIDENCIALIDADE > 03. Anexo II EC 2024 PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 01-SOBRE A 10-11-UTE > F. I. GALAICA"

65 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:

Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.9)"

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 10)"

66 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:

Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.6)"

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 7)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

O medio para acreditar o requisito de solvencia económica son as contas anuais depositadas no correspondente rexistro oficial.

De acordo coa documentación que obra no Expediente[67] as mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispoñerían da solvencia económica e financeira para concorrer por si soas aos lotes 10 e 11 do Expediente 2020.

Por outra banda a mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñería da solvencia económica e financeira necesaria para concorrer por si soa a un dos devanditos lotes, pero non podería facelo simultaneamente aos lotes 10 e 11.

Táboa 3: Cumprimento requisito de solvencia Económica-Financeira por empresas.

EMPRESA	**2020 LOTE 10**	**2020 LOTE 11**	**2024 LOTE 10**	**2024 LOTE 11**
P.F. ATLÁNTICO	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
P. F. DE AROSA.	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
S. SAN MARCOS.	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
P.F. SANTA TEGRA	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11

67 Solvencias localizadas no expediente cos seguintes roteiros:

Ano 2020: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 1 Dispoñibilidade de solvencias > Solvencia 2020"
Ano 2024: Cartafol "PEZA CONFIDENCIALIDADE > 03. Anexo II EC 2024-PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 03 SOLVENCIAS"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

5.3.1.3.- Solvencia técnica.

O criterio para a solvencia técnica é a execución de traballos que garden relación co obxecto do contrato. De acordo co PCAP que rexeu as contratacións nos dous expedientes reputarase solvente o licitador que acredite a execución dun conxunto de traballos que garden relación co obxecto do contrato e que supoñan un importe igual ou superior ao orzamento de licitación sen IVE do lote ao que se presente[68].

Os PCAP que rexen os procedementos de contratación (Expedientes 2020 e 2024), establecen os seguintes orzamentos base de licitación[69].

LOTE	2020	2024
10	121.320,84	72.188,04
11	122.543,00	157.522,00
TOTAL	**243.863,84**	**229.710,04**

O medio para acreditar o requisito é a relación asinada dos principais servizos de igual ou similar natureza realizados nos tres últimos anos, acompañadas por certificacións ou declaracións acompañadas de documentación acreditativa.

De acordo á documentación que obra no Expediente[70], as mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispoñerían da solvencia técnica ou profesional cualificada, para concorrer por si soas aos lotes 10 e 11 e a mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñería da solvencia técnica ou profesional necesaria para concorrer por

68 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.10)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 11)"
69 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.5)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 6)"
70 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > 03. Resp. A req. Información_17.06.24". Cartafol "PEZA CONFIDENCIALIDADE > 03. Anexo II EC 2024 PEZA SEPARADA DE CONFIDENCIALIDADE > 03 SOLVENCIAS". Cartafol "PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 02. Anexo I EC 2020 PEZA SEPARADA DE CONFIDENCIALIDADE > Solvencia e sedes lotes 10 e 11". Cartafol "PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 05.-PROBA Peza separada de confidencialidade > Proba Nº1CF.pdf" e Cartafol "05. Probas > Proba nº 1 dispoñibilidade de solvencias.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

si soa a un dos devanditos lotes.

Táboa 4: Cumprimento requisito de solvencia técnica por empresas.

EMPRESA	2020 LOTE 10	2020 LOTE 11	2024 LOTE 10	2024 LOTE 11
P.F.ATLÁNTICO	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
P.F. DE AROSA	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
S. SAN MARCOS.	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
P. F. SANTA TEGRA	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11	CUMPRE para un lote: lote 10 ou lote 11

5.3.1.4.- Dispoñibilidade dos medios materiais e humanos necesarios para a prestación dos servizos funerarios.

O apartado 2 do prego de prescricións técnicas (PPT) dos Expedientes 2020 e 2024[71] esixe o compromiso de dispoñer dos medios materiais e humanos necesarios para a prestación de servizos funerarios:

> *"Os adxudicatarios comprometeranse a poñer ao dispor do IMELGA, no momento da formalización do contrato, un mínimo dunha sede para a atención dos servizos de transporte de cadáveres. Esta sede pode ser a mesma que a correspondente ás sedes das salas de autopsias indicadas no apartado 2.2 deste prego para a prestación do servizo tipo B. (...)"*

> *"Os servizos que se lle poderán requirir ás empresas adxudicatarias son os*

71 Contido nos PPT localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.ppt.pdf (páx. 4 a 6)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PPT.pdf (páx. 3 a 6)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

seguintes:

2.1.- Servizo tipo A

O servizo tipo A inclúe as seguintes condicións:

Mínimo de dous coches fúnebres ao dispor da execución do contrato.

Mínimo de dúas persoas para a realización do traslado (...)

2.2.- Servizo tipo B

Os adxudicatarios comprométense a poñer ao dispor do persoal do IMELGA, en cada un dos ámbitos territoriais aos que corresponden os lotes desta contratación, un mínimo dunha sala para a realización das probas anatómico forenses que deban ser efectuadas (...)

A localización destas salas deberá establecerse nas cabeceiras onde están situados os centros territoriais do IMELGA ou nun radio non superior a 45 Km. das devanditas cabeceiras. (...)"

2.3.- Servizo tipo C

(...) Os adxudicatarios deberán dispoñer, no seu ámbito territorial, dunha cámara frigorífica para a conservación de cadáveres (...). Tamén terán que poñer ao dispor da administración de xustiza un servizo de conxelador de cadáveres (...)"

2.4.- Servizo tipo D

Devolución do cadáver, de ser o caso.

Documentación presentada polas UTES INTEGRAL GALAICA, que consta do Expediente.

1. Documentación técnica contida no sobre C, titularidade de Pompas Fúnebres de Arosa S.L. Identificáronse, entre outros:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

d) Permisos de circulación de 5 vehículos.

e) Sedes en Vilagarcía de Arousa, Cambados, O Grove e Catoira.

f) Relación Nominal de traballadores, 32 efectivos.

2. Documentación técnica contida no sobre C, titularidade de Pompas Fúnebres Santa Tegra, S.L. Identificáronse, entre outros:

- Permisos de circulación de 3 vehículos.
- Sedes na Guarda.
- Relación Nominal de traballadores, 16 efectivos.

3. Documentación técnica contida no sobre C, titularidade de Sepelios San Marcos S.L.U. Identificáronse, entre outros:

- Permisos de circulación de 7 vehículos.
- Sedes en Pontevedra, Poio, Marín, Barro e Sanxenxo.
- Relación Nominal de traballadores, 49 efectivos.

4. Documentación técnica contida no sobre C, titularidade de Pompas Fúnebres del Atlántico. Constan entre outros:

- Permisos de circulación de 11 vehículos.
- Sedes de Vigo, Porriño, Cañiza e Salvaterra do Miño.
- Relación Nominal de traballadores, 32 efectivos.

Como sinala a SUBDIC, a documentación achegada polas mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. acredita que dispoñerían dos medios

materiais[72] e humanos necesarios para prestar por si soas os servizos correspondentes aos lotes 10 e 11 e as mercantís POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñerían dos medios materiais e humanos necesarios para prestar os servizos dos lotes 10 e 11 respectivamente[73].

Táboa 5: Dispoñibilidade dos medios materiais e humanos por empresas.

EMPRESA	**2020 LOTE 10**	**2020 LOTE 11**	**2024 LOTE 10**	**2024 LOTE 11**
P. FÚNEBRES DO ATLÁNTICO	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
P. FÚNEBRES DE AROSA	CUMPRE	NON CUMPRE	CUMPRE	NON CUMPRE
SEPELIOS SAN MARCOS	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	CUMPRE
P. FÚNEBRES SANTA TEGRA	NON CUMPRE	CUMPRE	NON CUMPRE	CUMPRE

5.3.1.5.- Conclusión.

En resumo, podemos concluír:

a) Que polo menos dúas das catro empresas investigadas, POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

b) Que POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias

72 Véxase o doc 96 (páxina 15) ao obxecto das distancias máximas ás cabeceiras dos lotes 10 e 11 e tempos de resposta.

73 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > Doc. 60 CF. Resp. O. Contratación a req. Doc (4) 04.11.25 e Cartafol "PEZA CONFIDENCIALIDADE > 01. Expediente PEZA SEPARADA DE CONFIDENCIALIDADE > 16. Resp. A req. (4) doc. O. Contratación (doc. 60)

necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

c) Que POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

5.3.2.- SE DA FORMACIÓN DAS UTES SE PRODUCIRON EFECTOS BENEFICIOSOS OU EFICIENCIAS PARA OS CONSUMIDORES QUE SUPERAN AMPLAMENTE AS RESTRICIÓNS QUE Á COMPETENCIA SUPÓN A COORDINACIÓN NA PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.

O segundo dos elementos que de acordo co "**Test da capacidade"** ou **"test de necesidade "** deberían de acreditar as empresas que cooperan para presentar ofertas conxuntas a través dunha UTE sería o de probar que da formación das UTEs se produciron efectos beneficiosos para os consumidores.

Vimos o establecido no apartado 359 das Directrices que entende que as condicións do art. 101 apartado 3 do TFUE poden cumprirse *"se a oferta conxunta permite ás partes presentar unha oferta máis competitiva que as ofertas que poderían presentar por si soas (en termos de prezo ou calidade) e os beneficios que se derivan para a entidade adxudicadora e os consumidores finais superan as restricións da competencia. As eficiencias deben repercutirse nos consumidores e non cumprirán as condicións do artigo 101, apartado 3, se só benefician ás partes do acordo conxunto de consorcio de licitadores"*.

De acordo con iso se a UTE permite ás partes presentar unha oferta máis competitiva que as que poderían presentar por si soas, en termos de prezo ou calidade, e os beneficios que se derivan para a entidade adxudicadora e os consumidores finais superan amplamente as restricións que á competencia supón a coordinación na

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

presentación das ofertas, quedarán ao amparo do previsto no art. 103.1 TFUE e o art. 1.3 LDC.

Como sinala o TS na súa sentenza do 4 de maio de 2021[74].

> *"Seguindo a liña interpretativa do Tribunal de Xustiza, nesa sentenza citada do 17 de setembro de 2018 sinalabamos (F. J. 8º) que, para efectos de determinar a adecuación ou desconformidade dunha conduta co Dereito da Competencia, para que opere a excepción prevista no artigo 101.3 TFUE, que exime da prohibición establecida no artigo 101.1, é necesario que se cumpran acumulativamente os catro requisitos anotados, a saber: 1º) que o acordo contribúa a mellorar a distribución dos produtos ou a fomentar o progreso técnico ou económico; 2º) que os consumidores participen de forma equitativa no beneficio resultante; 3º) que non se impoñan ás empresas interesadas restricións que non sexan indispensables para alcanzar tales obxectivos, e, 4º) que non se ofreza ás devanditas empresas a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos de que se trate."*

e esta mesma sentenza tamén sinala que:

> *"Por outra banda, a citada STJUE do 6 de outubro de 2009 sinala (parágrafo 92) que para que un acordo poida quedar exento con arranxo ao artigo 81.3 TCE [actual artigo 101.3 TFUE] "...é necesario que contribúa a mellorar a produción ou a distribución dos produtos ou a fomentar o progreso técnico ou económico.* ***Esta contribución non pode identificarse con todas as vantaxes que as empresas que participan no devandito acordo obteñen do acordo en relación coa súa actividade, senón con vantaxes obxectivas apreciables que poidan compensar os inconvenientes que o acordo xera no ámbito da competencia*** *(véxase, neste sentido, a sentenza Consten e Grundig/Comisión, antes citada, pp. 502 e 503)"*
> (Énfase engadida)

74 STS do 4 de maio de 2021 ECLI: ES: TS:2021:1688

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Pero en todo caso, como afirma a sentenza do Tribunal de Primeira Instancia do 13 de xaneiro de 2004 (asunto T-67/01) e lembra o TS nas súas sentenzas do 17 de setembro de 2018[75] e de maio de 2021[76] a carga da proba da concorrencia desas eficiencias recaerá na empresa ou empresas que invoquen o beneficio da devandita disposición.

> *"Compete á empresa solicitante achegar todos os elementos acreditativos necesarios para demostrar a xustificación económica dunha exención e demostrar que satisfai cada un dos catro requisitos esixidos polo artigo 81 CE, apartado 3, que teñen carácter acumulativo (sentenza do Tribunal de Xustiza do 17 de xaneiro de 1984, VBVB e VBBB/Comisión, antes citada, apartados 52 e 61, e sentenza do Tribunal de Primeira Instancia do 9 de xullo de 1992, Publishers Association/Comisión, T-66/89, Rec. p. II-1995, apartado 69). Así mesmo, corresponde a esta empresa demostrar que as restricións causadas á competencia cumpren os obxectivos que persegue o artigo 81 CE, apartado 3, e que estes últimos non poden alcanzarse sen as devanditas restricións (sentenza do Tribunal de Primeira Instancia do 28 de febreiro de 2002, Compagnie générale maritime e outros/ Comisión, T-86/95, Rec. p. II-1011, apartado 381)"*

Polo que corresponde ás mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. demostrar que o acordo pode dar lugar a efectos favorables á competencia.

5.3.2.1.- Razóns alegadas polas empresas para concorrer en UTE ao lote 10 e Lote 11 ante o órgano de contratación.

En resposta á comunicación do órgano de contratación con data do 1 de xullo de 2024, no que notificaba e publicaba a suspensión da licitación para os lotes 1, 10 e 11 e daba traslado ás empresas afectadas para que alegasen canto tivesen por convinte na defensa dos seus dereitos debendo xustificar a necesidade obxectiva da UTE e que a súa constitución non era contraria a Dereito, recibiuse escrito de alegacións de POMPAS

75 STS do 17 de setembro de 2018 ECLI: ES: TS:2018:3398
76 STS do 4 de maio de 2021 ECLI: ES: TS:2021:1688

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

FÚNEBRES DE AROSA S.L. con data do 5 de xullo de 2024 (folios 924 e 925). O resto de empresas que formaban a UTE INTEGRAL GALICIA (POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.) non presentaron alegación nin xustificación algunha para xustificar a necesidade de concorrer en UTE. No seu escrito POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. manifesta que:

> ***"Contexto:***
>
> *Os lotes 10 e 11 cobren áreas xeográficas extensas e con características loxísticas complexas, o que afecta directamente a capacidade das empresas locais para cumprir eficientemente cos servizos requiridos baixo as condicións establecidas na licitación.*
>
> ***Argumentos do Recurso***
>
> ***1. Natureza do Servizo e Extensión Xeográfica:***
>
> *O lote 10 abarca desde Valga (Pontevedra) ata Cangas, pasando polo Grove, zonas que presentan desafíos loxísticos significativos. A complexidade de xestionar eficientemente o servizo de recollida de cadáveres nestas áreas sen a colaboración de múltiples empresas é considerable, dado que non sempre se dispoñen dos recursos humanos necesarios para atender servizos non previstos. Neste sentido, a creación dunha Unión Temporal de Empresas (UTE) vólvese unha necesidade práctica para asegurar a eficiencia e o cumprimento dos prazos establecidos.*
>
> ***2. Viabilidade Económica:***
>
> *A prestación do servizo baixo as condicións económicas actuais da licitación non é viable para unha soa empresa, debido á carga de recursos humanos necesaria para estes servizos. En ambos os lotes, as limitacións impostas polos prezos da licitación, xunto coa necesidade de cubrir unha ampla área xeográfica e manexar o tráfico diúrno, fan impracticable a operación por parte dunha única entidade. Os recursos humanos e materiais necesarios superan a capacidade dunha soa empresa,*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

xustificando así a formación dunha UTE para repartir responsabilidades e custos.

3. Experiencia en Licitacións Anteriores:

A experiencia acumulada nas últimas licitacións demostra que os tempos de atención por parte da UTE foron significativamente superiores aos establecidos na licitación, xa que en moitas ocasións, o persoal tivo que dispoñer de máis de 4 horas entre traslados e esperas pola comitiva xudicial. Isto resulta nun servizo deficitario e subliña a necesidade de colaboración entre empresas para cumprir cos requirimentos do contrato. O funcionamento correcto sería avisar á empresa funeraria unha vez se poida facer o levantamento do cadáver, o cal non é real, sendo case sempre a empresa funeraria a que primeiro se avisa e chega ao momento, tendo que esperar á comitiva. Respecto ao despacho de oficios, en ocasións, nos partidos xudiciais, as fins de semana, estamos á espera dos funcionarios de garda, tendo que esperar ata que se presenten.

4. Requisitos de Competencia:

A Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017) establece que as contratacións deben salvagardar a libre competencia e garantir a selección da oferta económica máis vantaxosa (artigo 1). Ademais, os órganos de contratación deben velar pola libre competencia durante todo o procedemento de adxudicación (artigo 132.3).

A acusación de prácticas colusorias baseada na formación dunha UTE non considera as dificultades reais que enfrontan as empresas individuais para cumprir cos requisitos do contrato. A formación de UTES non debe ser vista como un intento de eliminar a competencia, senón como unha estratexia para asegurar a prestación do servizo dentro dos parámetros establecidos pola licitación. Ademais, as demais empresas teñen a capacidade de licitar en igualdade de condicións, xa sexa de forma individual ou como parte dunha UTE.

5. Xustificación da UTE:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

De acordo co artigo 69 da LCSP, as empresas deben xustificar de forma expresa e motivada as razóns para concorrer agrupadas nunha UTE. Neste caso, as razóns inclúen:

Capacidade Loxística: *A distribución xeográfica do lote 10 e as condicións de tráfico do lote 11 requiren unha xestión loxística que supera as capacidades dunha soa empresa.*

Recursos Humanos e Materiais: *A acumulación de recursos humanos e materiais de múltiples empresas é esencial para cumprir cos tempos de resposta e eficiencia requiridas.*

Sustentabilidade Económica: *A colaboración nunha UTE permite distribuír custos e riscos financeiros, facendo o servizo economicamente viable.*

Eficiencia Operativa: *A experiencia previa mostra que a colaboración en UTE permitiu xestionar os tempos de atención, traslados e esperas de maneira máis eficiente, aínda que aínda deficitariamente, resaltando a necesidade desta estrutura para mellorar o servizo.*

Conclusión

Solicitamos que se reevalúe a suspensión do procedemento de adxudicación para os lotes 10 e 11, considerando a xustificación proporcionada para a formación dunha UTE. A formación dunha UTE neste contexto non elimina a competencia, senón que responde a unha necesidade operativa e económica para cumprir coas esixencias do contrato. Pedimos que se valore adecuadamente a necesidade obxectiva desta colaboración e se permita continuar co proceso de adxudicación baixo estas condicións. Así mesmo, en caso de non atender á solicitude previa, solicitamos que se paralice o prazo dos 10 días e se acheguen os informes remitidos polo tribunal de competencia, para poder fundamentar as alegacións con base neste informe."

As razóns que alega POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. para concorrer en UTE

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

(lembremos que é unha empresa que acredita solvencia económica e financeira así como solvencia técnica e dispón dos medios materiais e humanos necesarios para a prestación dos servizos funerarios de acordo cos esixido nos pregos das licitacións para polo menos uns dos dous lotes) son:

a) Capacidade Loxística: A distribución xeográfica do lote 10 e as condicións de tráfico do lote 11 requiren unha xestión loxística que supera as capacidades dunha soa empresa.

b) Recursos Humanos e Materiais: A acumulación de recursos humanos e materiais de múltiples empresas é esencial para cumprir cos tempos de resposta e eficiencia requiridas.

c) Sustentabilidade Económica: A colaboración nunha UTE permite distribuír custos e riscos financeiros, facendo o servizo economicamente viable.

d) Eficiencia Operativa: A experiencia previa mostra que a colaboración en UTE permitiu xestionar os tempos de atención, traslados e esperas de maneira máis eficiente, aínda que deficitariamente, resaltando a necesidade desta estrutura para mellorar o servizo.

O primeiro que este Pleno quere destacar é que a empresa trata de unificar nun único lote o que na licitación son dous: por unha banda o lote 10 (que corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Pontevedra) e por outro o lote 11 (que corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Vigo) co que pretende realizar unha alteración do mercado xeográfico delimitado nos Expedientes 2020 e 2024.

Esta alteración non é inocua para os efectos de esconder o comportamento colusorio de empresas que, para evitar competir entre elas nunha licitación pública e para repartirse territorialmente os servizos, concorrían en UTE a dous lotes do Expediente 2020 e dous lotes do Expediente 2024. Ao unificar como un só lote o que a

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Administración convocante da licitación licitara como dous distintos perseguen as empresas amparar a súa actuación con base nunha ámbito territorial distinto e moito mais extenso que xustificaría a necesidade de maiores tempos para a presenza inmediata.

Como indica a SUBDIC na súa PR *"(...) a presente alegación incorpora un elemento subxectivo para xustificar a constitución das UTES INTEGRAL GALICIA ao "empaquetar" as prestacións do contrato de forma que os lotes 10 e 11 formen unha única "**Area Territorial",** o cal non é esixencia contida nos pregos para licitar aos respectivos lotes nin achega evidencia de que o órgano de contratación participe de forma equitativa nas vantaxes da constitución da UTE, pois non abonda con que as eficiencias só beneficien ás partes do acordo"*

O que fixeron nesta licitación as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. para concorrer conxuntamente aos lotes 10 e 11 dos Expedientes 2020 e 2024 foi constituír as unións temporais de empresas UTES INTEGRAL GALAICA, que cando persegue, como neste caso, finalidade anticompetitiva é unha práctica restritiva da competencia, denominada *"empaquetamento ou bundling",* práctica na que un grupo de empresas, que son competidoras reais acordan presentar unha oferta conxunta agrupando diferentes lotes ou servizos coa finalidade de bloquear a posible presentación de ofertas independentes dos seus membros, e desta maneira repartirse ese mercado e/ou elevar artificialmente os prezos.

Nestes expedientes o PCAP veda a posibilidade[77] de que o licitador poida subscribir algunha proposición individualmente se o fixo en unión temporal con outros ou figurar en máis dunha unión temporal[78]. Esta restrición é de aplicación en relación con cada

77 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 43)"
78 Así dispón a Cláusula 6.2.5 do PCAP do Expediente 2024 que "A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscribidas (art. 139.3 LCSP)." Pódese localizar no expediente co seguinte roteiro: Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

lote da licitación.

Este Pleno rexeita a posibilidade de agrupar nun único lote o que a Administración convocante licitou en dous distintos e rexeita que esta operación presentada polas investigadas poida xustificar as restricións que para a competencia supuxo a concorrencia desas empresas en UTE.

Examinaremos agora cada unha das razóns que presenta POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. para xustificar a necesidade obxectiva da UTE:

a) Capacidade Loxística: A distribución xeográfica do lote 10 e as condicións de tráfico do lote 11 requiren unha xestión loxística que supera as capacidades dunha soa empresa.

En primeiro lugar, para tratar de xustificar a necesidade de constitución da UTE agrupa como un lote os que na licitación convocada son dous lotes distintos, o que supón unha alteración da estrutura xeográfica do mercado, contraria á da propia licitación. A xustificación da necesidade obxectiva da concorrencia en UTEs deberá de ser por un lado do Lote 10 e por outro do lote 11.

Nou achega evidencias, proba ou elemento algún para xustificar e amparar esta razón da incapacidade loxística para a prestación dos servizos e unicamente indica que "O lote 10 abarca desde Valga (Pontevedra) ata Cangas, pasando polo Grove, zonas que presentan desafíos loxísticos significativos."

Debemos de recordar que, como vimos, de acordo cos Pregos das licitacións dos Expedientes 2020 e 2024, POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos Expediente 2020 e 2024; POMPAS FÚNEBRES DE AROSA

(páx. 43)".

Tamén dispón a Cláusula 6.1.8 do PCAP do Expediente 2020 que "O incumprimento das normas contidas nos dous números anteriores dará lugar á non admisión de todas as ofertas subscribidas polo licitador." Pódese localizar no expediente co seguinte roteiro: Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos Expedientes 2020 e 2024 e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos Expedientes 2020 e 2024.

Conforme a iso si terían capacidade loxística para prestar os servizos sen que como sinala a SUBDIC na súa PR a alegación da "existencia de sinerxías operativas que xustificasen a constitución da UTE para unha distribución xeográfica dos servizos que abarcase o territorio dos lotes 10 e 11 estas non deberían eliminar una parte substancial da competencia, así mesmo o menor custo ocasionado na prestación dos servizos debería permitir ao órgano de contratación participar de forma equitativa nas súas vantaxes."

Por tanto non é posible concluír o carácter indispensable da constitución das UTEs INTEGRAL GALAICA por razóns de natureza loxística. Ademais non existen evidencias achegadas sobre sobre esa incapacidade loxística, nin acreditación de simultaneidade de servizos e picos de demanda que o apoien nin ningunha outra razón probada, o que impiden acoller este argumento.

Debemos tamén indicar que o PCAP admite a posible subcontratación[79] con terceiros para a realización parcial da prestación. Neste sentido a SUBDIC afirma, e comparte este Pleno, que os adxudicatarios dos contratos (tamén os dos lotes 10 e 11) poden subcontratar con empresas locais a realización de servizos de transporte de cadáveres, xa que o PCAP así o permite, polo que non resulta necesario formalizar unha UTE para iso. Existe a posibilidade de contar con apoios puntuais de terceiras empresas para executar o contrato, así debe observarse que no soporte do censo oficial de empresas e establecementos funerarios da Xunta de Galicia consta a existencia de máis de corenta empresas funerarias na provincia de Pontevedra[80] o que lles permitía dispoñer de

79 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.16)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 18 e 19)"
80 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > 75. Alegacións ao PCH_PPFF Atlántico pdf. (7_documento 4

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

alternativas á constitución unha UTE entre empresas que son competidoras no mesmo mercado e que poderían presentar ofertas individuais á licitación.

Esta subcontratación non é só posible senón que é evidente que se esta executando por empresas que realizan recollidas e transporte para empresas contratistas da Xunta. Como proba diso remitímonos á "Pregunta 2" formulada por unha empresa na licitación do expediente 2026-SEXU 06 a 09-EM "Contratación do servizo de transporte de cadáveres que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) dependente da Administración de Xustiza en Galicia (catro lotes)" de 11/5/2026 na que ao expor unha empresa unha pregunta sobre como tiña que acreditar traballos que gardasen relación co obxecto do contrato afirman textualmente que:

> "Tamén **realizamos recollidas xudiciais para autopsias no Imelga subcontratados por outra empresa,** pero non chegamos ao 10.000€ IVE incluído anuais de facturación para este servizo"[81] (énfase engadida)

Ademais a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. nas súas alegacións ao PCH recoñece a existencia de subcontratacións por parte da empresa adxudicataria do Lote 10 na licitación convocada en 2008 (folio 496) ao afirmar textualmente que:

> "Tanto para o ano 2008 como para o ano 2011, a licitación do lote 10 foi adxudicada á mercantil ALIANZA Y BARROS, S.L. Esta sociedade foi coñecida no sector, a necesidade que tivo de subcontratar as recollidas con outras funerarias locais para poder afrontar o contrato, debido á extensión xeográfica do lote adxudicado, correspondente á demarcación de Pontevedra. Nunca máis se volveu a presentar"

Todo isto acredita que non só é posible senón que existen empresas que prestan o

censo funerarias Galicia) (folios 553 e 554).

81 Resposta pregunta 2, Servizo de transporte de cadáveres que requiran a realización de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA (4 lotes). Pódese consultar en: https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=827989&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

servizo como subcontratistas de empresas adxudicatarias de lotes.

Como sinala a xa citada sentenza da Audiencia Nacional do 25 de febreiro de 2026[82]

> *"(...) a constitución dunha unión temporal de empresas presenta indicios dun acordo que ten por obxecto eliminar ou restrinxir a competencia nos seguintes supostos:*
>
> *(...)*
>
> *Cando existe posibilidade de concorrer con ofertas menos restritivas da competencia que a formación da unión temporal de empresas."*

b) Recursos Humanos e Materiais: A acumulación de recursos humanos e materiais de múltiples empresas é esencial para cumprir cos tempos de resposta e eficiencia requiridas.

Como veremos a afirmación da necesidade de constituír a UTE para poder cumprir cos tempos de resposta requiridos polo PPT é rotundamente falsa.

A porcentaxe de servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata esixidos no PPT[83] tanto no Expediente 2024 como no Expediente 2020 son moito máis numerosos que os servizos nos que este tempo se respecta, tanto no lote 10 como o lote 11.

Expediente 2024

Así, se observamos a execución dos Lotes 10 e 11 do Expediente 2024 durante os seis primeiros meses do ano 2025 conclúese que son moitos máis numerosos os supostos nos que o tempo desa presenza inmediata de 45 minutos se incumpre pola UTE

82 Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139.

83 Sinala o PPT que "O tempo máximo para a presenza alí onde sexan requiridos será de corenta e cinco (45) minutos."

Contido nos PPT localizados no expediente coas seguintes rutas:

Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.ppt.pdf (páx. 4)"

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PPT.pdf (páx. 4)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

FUNERARIA INTEGRAL GALAICA que os casos nos que se cumpre.

Respecto do Lote 10 na **Táboa n.º 6** pódense ver os exemplos de exceso sobre o tempo de 45 minutos correspondente exclusivamente aos seis primeiros meses do ano 2025 (xaneiro a xuño).

Táboa 6: Traslados prestados pola UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA con tempos de presenza inmediata por encima dos 45 minutos. Xaneiro-xuño ano 2025. Lote 10. (Excluídos servizos nos que non se indica a hora)[84]

DATA SERVIZO	HORA DE AVISO	HORA DE RECOLLIDA	TEMPO DO SERVIZO	EXCESO SOBRE 45 MINUTOS
02/01/2025	18.39	20.15	96 minutos	+51
04/01/2025	13.30	16.00	150 minutos	+105
04/01/2025	05.19	06.15	56 minutos	+11
09/01/2025	18.25	19.40	75 minutos	+30
11/01/2025	23.28	00.45	77 minutos	+32
11/01/2025	12.30	14.00	90 minutos	+45
12/01/2025	00.08	01.00	52 minutos	+7
19/01/2025	10.01	11.15	74 minutos	+29
20/01/2025	00.48	02.15	87 minutos	+42
22/01/2025	08.00 (non se le ben)	09.40	100 minutos	+55
23/01/2025	08.19	09.35	76 minutos	+31
23/01/2025	10.50	11.50	60 minutos	+15
23/01/2025	19.19	21.00	101 minutos	+56
24/01/2025	13.30	15.55	145 minutos	+100
02/02/2025	10.35	12.16	101 minutos	+56
04/02/2025	11.18	12.15	57 minutos	+12

84 Horas extraídas das follas asinadas do servizo de traslado de cadáveres xudiciais do IMELGA. Localízanse coa seguinte ruta: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 6 Execución lote 10-11 (2025) > SERVIZOS LOTE 10". Recóllense na Táboa os tempos que figuran nas follas asinadas que exceden de 45 minutos e indícanse os supostos nos que a hora de recollida é anterior á do aviso así como as que non aparecen claramente escritas as horas. Exclúense da táboa os servizos nos que ou ben non aparece a hora do aviso ou da recollida ou ningunha das dúas.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

04/02/2025	20.50	22.30	100 minutos	+55
05/02/2025	22.09	23.30	81 minutos	+36
11/02/2025	20.01	20.54	53 minutos	+8
12/02/2025	19.27	21.15	108 minutos	+63
13/02/2025	18.05	19.50	105 minutos	+60
13/02/2025	00.24	02.00	96 minutos	+51
14/02/2025	16.34	19.30	176 minutos	+131
14/02/2025	14.05	15.30	85 minutos	+40
16/02/2025	10.00	11.15	75 minutos	+30
17/02/2025	15.36	17.20	104 minutos	+59
21/02/2025	17.11	18.15	64 minutos	+19
22/02/2025	20.36	21.45	69 minutos	+24
23/02/2025	21.19	22.10	51 minutos	+6
28/02/2025	13.47	16.20	153 minutos	+108
28/02/2025	18.16	20.30	134 minutos	+89
05/03/2025	18.24	19.45	81 minutos	+36
05/03/2025	11.29	12.48	79 minutos	+34
05/03/2025	15.20	17.30	130 minutos	+85
13/03/2025	20.00	21.15	75 minutos	+30
14/03/2025	02.06	03.00	54 minutos	+9
14/03/2025	19.15	20.15	60 minutos	+15
16/03/2025	16.25	17.20	55 minutos	+10
17/03/2025	18.55	19.55	60 minutos	+15
18/03/2025	13.05	14.20	75 minutos	+30
28/03/2025	22.38	00.30	112 minutos	+67
30/03/2025	11.10	12.00	50 minutos	+5
30/03/2025	17.00	18.15	75 minutos	+30
31/03/2025	04.23	05.50	87 minutos	+42
07/04/2025	11.20	12.40	80 minutos	+35
11/04/2025	10.00	13.30	210 minutos	+165
15/04/2025	12.49	13.50 (non se le ben)	61 minutos	+16

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

16/04/2025	06.27	08.00	93 minutos	+48
16/04/2025	17.40	18.30	50 minutos	+5
18/04/2025	09.30	10.40	70 minutos	+25
19/04/2025	12.25	13.25	60 minutos	+15
23/04/2025	21.52	23.00	68 minutos	+23
25/04/2025	20.30	22.00	90 minutos	+45
28/04/2025	20.00	20.57	57 minutos	+12
29/04/2025	19.25	20.45	80 minutos	+35
29/04/2025	07.14	08.10	56 minutos	+11
01/05/2025	19.34	21.00	86 minutos	+41
06/05/2025	08.53	11.00	127 minutos	+82
09/05/2025	02.20	03.15	55 minutos	+10
10/05/2025	08.50	10.00	70 minutos	+25
12/05/2025	17.15	18.20	65 minutos	+20
13/05/2025	16.35	18.00	85 minutos	+40
18/05/2025	22.05	23.00	55 minutos	+10
18/05/2025	20.15	21.30	75 minutos	+30
21/05/2025	16.10	17.10	60 minutos	+15
31/05/2025	13.00	16.45	225 minutos	+180
31/05/2025	15.30	17.40	130 minutos	+85
02/06/2025	10.13	11.10	57 minutos	+12
07/06/2025	21.54	23.00	66 minutos	+21
14/06/2025	13.10	14.30	80 minutos	+35
17/06/2025	02.25	03.40	75 minutos	+30
17/06/2025	19.30	20.30	60 minutos	+15
21/06/2025	19.10	20.03	53 minutos	+8
21/06/2025	22.06	23.00	54 minutos	+9
22/06/2025	10.50 (non se le ben)	12.15	85 minutos	+40

Conclúese con iso que a porcentaxe de servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata é moi superior aos servizos nos que este tempo se cumpre (como

se acredita coa Táboa 7), polo que contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata cando nin sequera a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA, S.L. cumpre os tempos de presenza esixidos no PPT.

Táboa 7: Servizos de traslado durante os meses de xaneiro a xuño do ano 2025 Lote 10 por UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA, S.L. clasificados por cumprimento ou non do tempo de 45 minutos.

MES	**CUMPREN**	**NON CUMPREN**	**NON ACREDITAN HORA**	**% CUMPRIMENTO**
XANEIRO	7	14	4	**28,00%**
FEBREIRO	6	17	4	**22,22%**
MARZO	4	13	2	**21,05%**
ABRIL	1	12	2	**6,67%**
MAIO	3	11	1	**20,00%**
XUÑO	4	8	2	**28,57%**
TOTAL	**25**	**75**	**15**	**21,74%**

Respecto do Lote 11 na **Táboa n.º 8** pódense ver os exemplos de exceso sobre o tempo de 45 minutos correspondente exclusivamente aos seis primeiros meses do ano 2025 (xaneiro a xuño).

Táboa 8: Traslados prestados pola UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA, S.L. con tempos de presenza inmediata por encima dos 45 minutos. Xaneiro-xuño ano 2025. Lote 11. (Excluídos servizos nos que non se indica a hora)[85]

85 Horas extraídas das follas asinadas do servizo de traslado de cadáveres xudiciais do IMELGA. Localízanse coa seguinte ruta: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 6 Execución lote 10-11 (2025) > SERVIZOS LOTE 11". Recóllense na Táboa os tempos que figuran nas follas asinadas que exceden de 45 minutos e indícanse supostos nos que a hora de recollida é anterior á do aviso así como as que non aparecen claramente escritas as horas. Exclúense da táboa os servizos nos que ou ben non aparece a hora do aviso ou da recollida ou ningunha das dúas.

DATA SERVIZO	HORA DE AVISO	HORA DE RECOLLIDA	TEMPO DO SERVIZO	EXCESO SOBRE 45 MINUTOS
02/01/2025	15.00	16.30	90 minutos	+45
03/01/2025	03.00	05.00	120 minutos	+75
05/01/2025	06.00	07.20	80 minutos	+35
05/01/2025	14.55	15.50	55 minutos	+10
07/01/2025	09.39	11.05	86 minutos	+41
07/01/2025	14.00	16.00	120 minutos	+75
08/01/2025	14.29	15.50	81 minutos	+36
11/01/2025	08.12	09.10	58 minutos	+13
14/01/2025	13.13	14.25	72 minutos	+27
16/01/2025	14.04	15.40	96 minutos	+51
16/01/2025	18.30	19.30	60 minutos	+15
21/01/2025	11.10	13.15	125 minutos	+80
26/01/2025	21.50	22.40	50 minutos	+5
28/01/2025	07.55	09.25	90 minutos	+45
27/01/2025	15.55	17.20	85 minutos	+40
27/01/2025	17.58	19.15	77 minutos	+32
18/01/2025	10.03	14.50	287 minutos	+242
30/01/2025	21.48	23.00	72 minutos	+27
31/01/2025	02.40	04.00	80 minutos	+35
31/01/2025	11.40	13.00	80 minutos	+35
31/01/2025	13.00	14.20	80 minutos	+35
02/02/2025	00.45	01.45	60 minutos	+15
05/02/2025	18.45	20.00	75 minutos	+30
09/02/2025	10.45	11.40	55 minutos	+10
11/02/2025	10.00	11.45	105 minutos	+60
11/02/2025	12.00	13.15	75 minutos	+30
11/02/2025	15.50	17.10	80 minutos	+35
12/02/2025	09.30	10.45	75 minutos	+30
20/02/2025	18.20	19.26	66 minutos	+21
24/02/2025	19.35	20.35	60 minutos	+15

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

26/02/2025	11.40	12.45	65 minutos	+20
27/02/2025	08.38	09.50	72 minutos	+27
26/02/2025	18.10	19.40	90 minutos	+45
01/03/2025	14.48	15.58	70 minutos	+25
02/03/2025	10.00	10.50	50 minutos	+5
05/03/2025	18.40	19.30	50 minutos	+5
07/03/2025	05.15	06.35	80 minutos	+35
07/03/2025	15.12	16.22	70 minutos	+25
08/03/2025	12.08	13.00	52 minutos	+7
11/03/2025	04.40	05.50	70 minutos	+25
13/03/2025	01.25	02.20	55 minutos	+10
13/03/2025	17.25	18.40	75 minutos	+30
14/03/2025	17.38	12.45	9 horas e 7 minutos	+ 8 horas e 23 minutos
14/03/2025	21.50	23.00	70 minutos	+25
15/03/2025	15.20	18.00	160 minutos	+115
16/03/2025	21.30	22.20	50 minutos	+5
19/03/2025	19.20	21.15	115 minutos	+70
19/03/2025	19.20	20.45	85 minutos	+40
21/03/2025	11.27	12.25	58 minutos	+13
27/03/2025	12.17	13.30	73 minutos	+28
27/03/2025	17.25	18.30	65 minutos	+20
31/03/2025	11.50	13.05	75 minutos	+30
31/03/2025	18.00	19.20	80 minutos	+35
01/04/2025	16.30	17.30	60 minutos	+15
02/04/2025	15.39	17.00	81 minutos	+36
03/04/2025	10.35	12.30	115 minutos	+70
03/04/2025	18.20	19.50	90 minutos	+45
06/04/2025	17.05	18.20	75 minutos	+30
07/04/2025	15.00	15.50	50 minutos	+5
09/04/2025	04.25	05.35	70 minutos	+25
09/04/2025	17.30	18.50	80 minutos	+35

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

09/04/2025	12.38	13.45	67 minutos	+21
10/04/2025	11.00	12.10	70 minutos	+25
11/04/2025	00.30	01.20	50 minutos	+5
12/04/2025	22.55	00.15	80 minutos	+35
15/04/2025	11.00	11.50	50 minutos	+5
16/04/2025	13.58	15.40	102 minutos	+57
16/04/2025	18.15	19.40	85 minutos	+40
17/04/2025	14.05	14.59	54 minutos	+9
18/04/2025	15.15	16.15	60 minutos	+15
18/04/2025	20.35	21.30	55 minutos	+10
21/04/2025	10.30	11.23	53 minutos	+8
23/04/2025	08.30	09.35	65 minutos	+20
23/04/2025	14.45	15.40	55 minutos	+10
24/04/2025	23.30	00.30	60 minutos	+15
30/04/2025	17.00	18.00	60 minutos	+15
30/04/2025	18.30	19.25	55 minutos	+10
01/05/2025	12.15	13.20	65 minutos	+20
04/05/2025	19.19	20.10	51 minutos	+6
06/05/2025	12.43	14.00	77 minutos	+32
10/05/2025	12.15	13.10	55 minutos	+10
11/05/2025	11.35	13.00	85 minutos	+40
11/05/2025	21.59	22.50	51 minutos	+6
12/05/2025	15.50	16.40	50 minutos	+5
12/05/2025	17.05	18.00	55 minutos	+10
12/05/2025	20.10	21.00	50 minutos	+5
14/05/2025	11.15	12.30	75 minutos	+30
14/05/2025	20.15	21.39	84 minutos	+39
15/05/2025	13.25	15.10	105 minutos	+60
16/05/2025	19.20	21.00 (pon 9.00)	100 minutos	+55
20/05/2025	20.51	22.33	102 minutos	+57
21/05/2025	21.37	22.50	73 minutos	+28
23/05/2025	09.34	11.00	86 minutos	+41

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

23/05/2025	15.11	16.00	49 minutos	+4
24/05/2025	00.20	01.30	70 minutos	+25
24/05/2025	13.55	15.15	80 minutos	+35
24/05/2025	21.44	23.35	111 minutos	+66
27/05/2025	20.37	23.10	153 minutos	+108
27/05/2025	20.57	22.20	83 minutos	+38
28/05/2025	00.45	02.15	90 minutos	+45
29/05/2025	15.50	17.00	70 minutos	+25
30/05/2025	16.05	17.20	75 minutos	+30
30/05/2025	16.45	18.23	98 minutos	+53
31/05/2025	12.50	14.10	80 minutos	+35
02/06/2025	11.00	14.00	180 minutos	+135
31/05/2025	21.30	23.00	90 minutos	+45
02/06/2025	10.00	10.50	50 minutos	+5
03/06/2025	01.40	03.00	80 minutos	+35
04/06/2025	17.10	18.50	100 minutos	+55
08/06/2025	21.50	22.40	50 minutos	+5
08/06/2025	14.30	16.20	110 minutos	+65
09/06/2025	12.30	13.30	60 minutos	+15
10/06/2025	11.50	12.40	50 minutos	+5
13/06/2025	01.30	02.20	50 minutos	+5
14/06/2025	23.45	11.50	12 horas e 5 minutos	11 horas e 20 minutos
15/06/2025	15.15	16.15	60 minutos	+15
19/06/2025	19.20	21.00	100 minutos	+55
23/06/2025	20.20	22.50	150 minutos	+105
24/06/2025	11.10	12.25	75 minutos	+30
27/06/2025	11.55	12.45	50 minutos	+5
28/06/2025	17.12	18.15	63 minutos	+18
28/06/2025	19.00	20.45	105 minutos	+60
28/06/2025	18.45	20.00	75 minutos	+30
30/06/2025	08.09	09.20	71 minutos	+26

30/06/2025	09.15	10.15	60 minutos	+15

A porcentaxe de servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata é moi superior aos servizos nos que este tempo se cumpre (como se acredita coa **Táboa 9**), polo que contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata cando nin sequera a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA, S.L. cumpre os tempos de presenza esixidos no PPT.

Táboa 9: Servizos de traslado durante os meses de xaneiro a xuño do ano 2025 Lote 11 por UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA, S.L. clasificados por cumprimento ou non do tempo de 45 minutos.

MES	**CUMPREN**	**NON CUMPREN**	**NON ACREDITAN HORA**	**% CUMPRIMENTO**
XANEIRO	14	21	3	**36,84%**
FEBREIRO	6	12	2	**30,00%**
MARZO	6	20	1	**22,22%**
ABRIL	9	24	1	**26,47%**
MAIO	12	28	1	**29,27%**
XUÑO	3	20	2	**12,00%**
TOTAL	**50**	**125**	**10**	**27,03%**

Expediente 2020

Se examinamos tamén a execución do contrato do Expediente 2020 tanto no Lote 10 como no Lote 11, pódese observar que son moi numerosos os supostos nos que o tempo desa presenza inmediata prevista no PPT (45 minutos)[86] é superado polas empresas

86 Sinala o PPT que "O tempo máximo para a presenza alí onde sexan requiridos será de corenta e cinco (45) minutos."
Contido nos PPT localizados no expediente coas seguintes rutas:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

que forman a UTE INTEGRAL GALAICA, S.L.

Así, en relación co **Lote 10,** na **Táboa n.º 10** pódense ver os exemplos de exceso sobre o tempo de 45 minutos correspondente aos seis primeiros meses de execución de contrato do ano 2022.

Táboa 10: Traslados prestados pola UTE INTEGRAL GALAICA, S.L. con tempos de presenza inmediata por encima dos 45 minutos. Meses de xaneiro a xuño de 2022. Lote 10. (Excluídos servizos nos que non se indica a hora)[87]

DATA SERVIZO	HORA DE AVISO	HORA DE RECOLLIDA	TEMPO DO SERVIZO	EXCESO SOBRE 45 MINUTOS
03/01/2022	19.30	20.50	80 minutos	+35
08/01/2022	15.00	16.15	75 minutos	+30
09/01/2022	15.30	16.30	60 minutos	+15
11/01/2022	17.05	18.20	75 minutos	+30
12/01/2022	22.10	02.00	230 minutos	+185
13/01/2022	15.15	16.45	90 minutos	+45
17/01/2022	23.00	00.30	90 minutos	+45
19/01/2022	11.55	14.25	150 minutos	+105
19/01/2022	16.30	17.20	50 minutos	+5
24/01/2022	20.38	22.00	82 minutos	+37
29/01/2022	16.30	18.15	105 minutos	+60
03/02/2022	07.35	09.06	91 minutos	+46

Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.ppt.pdf (páx. 4)"

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PPT.pdf (páx. 4)"

87 Horas extraídas das follas asinadas do servizo de traslado de cadáveres xudiciais do IMELGA. Localízanse coa seguinte ruta: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 5 Execución lote 10-11 (2022) > SERVIZOS LOTE 10". Recóllense na Táboa os tempos que figuran nas follas asinadas que exceden de 45 minutos e indícanse supostos nos que a hora de recollida é anterior á do aviso así como as que non aparecen claramente escritas as horas. Exclúense da táboa os servizos nos que ou ben non aparece a hora do aviso ou da recollida ou ningunha das dúas.

10/02/2022	23.12	00.15	63 minutos	+18
13/02/2022	18.14	20.45	151 minutos	+106
15/02/2022	17.05	18.06	61 minutos	+16
21/02/2022	01.20	2.45	85 minutos	+40
24/02/2022	07.30	08.25	55 minutos	+10
07/03/2022	02.45	04.15	90 minutos	+45
09/03/2022	11.45	12.45	60 minutos	+15
10/03/2022	17.30	20.01	181 minutos	+136
11/03/2022	20.30	22.00	90 minutos	+45
12/03/2022	9.50	10.40	50 minutos	+5
14/03/2022	20.00	20.46	46 minutos	+1
22/03/2022	13.23	14.20	57 minutos	+12
26/03/2022	19.55	21.30	95 minutos	+40
25/03/2022	09.30	11.15	105 minutos	+60
28/03/2022	23.30	00.20	50 minutos	+5
30/03/2022	17.55	19.00	65 minutos	+20
30/03/2022	11.30	12.30	60 minutos	+15
04/04/2022	14.50	16.15	85 minutos	+40
05/04/2022	14.30	15.17	47 minutos	+2
05/04/2022	22.45	00.45	120 minutos	+75
06/04/2022	23.00	00.20	80 minutos	+35
10/04/2022	23.10	00.30	80 minutos	+35
15/04/2022	19.18	21.05	107 minutos	+62
16/04/2022	13.00	14.10	70 minutos	+25
20/04/2022	02.44	03.37	53 minutos	+8
23/04/2022	10.00	12.00	120 minutos	+75
25/04/2022	12.24	13.50	86 minutos	+41
26/04/2022	04.40	05.55	75 minutos	+30
06/05/2022	11.56	12.50	54 minutos	+9
06/05/2022	19.00	20.00	60 minutos	+15
06/05/2022	13.00	13.55	55 minutos	+10
06/05/2022	19.20	21.00	100 minutos	+55

10/05/2022	2.30	04.00	90 minutos	+45
10/05/2022	00.52	02.15	83 minutos	+38
11/05/2022	18.35	20.00	85 minutos	+40
16/05/2022	20.00	21.35	95 minutos	+50
24/05/2022	02.15	03.45	90 minutos	+45
24/05/2022	17.49	18.50	61 minutos	+16
25/05/2022	07.45	08.45	60 minutos	+15
25/05/2022	21.08	22.30	82 minutos	+37
26/05/2022	15.20	16.25	65 minutos	+20
30/05/2022	22.00	23.00	60 minutos	+15
30/05/2022	08.50	11.30	160 minutos	+115
12/06/2022	15.40	16.42	62 minutos	+17
18/06/2022	10.42	12.35	113 minutos	+68
19/06/2022	08.41	10.49	128 minutos	+83
19/06/2022	13.00	13.50	50 minutos	+5
21/06/2022	00.10	01.15	65 minutos	+20
26/06/2022	08.21	09.45	84 minutos	+39

Pódese comprobar que son moi numerosos os servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata e é moi superior aos servizos nos que este tempo se cumpre (como se acredita coa Táboa 11), polo que, de novo, iso contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata cando nin sequera a UTE INTEGRAL GALAICA cumpre os tempos de presenza esixidos no PPT.

Táboa 11: Servizos de traslado durante os meses de xaneiro a xuño do ano 2025 Lote 10 por UTE INTEGRAL GALAICA clasificados por cumprimento ou non do tempo de 45 minutos.

MES	CUMPREN	NON CUMPREN	NON ACREDITAN HORA	% CUMPRIMENTO
XANEIRO	2	11	4	11,76%
FEBREIRO	3	6	4	23,08%
MARZO	5	12	2	26,32%
ABRIL	3	11	2	18,75%
MAIO	2	15	0	11,76%
XUÑO	3	6	3	25,00%
TOTAL	**18**	**61**	**15**	**19,15%**

Respecto do **Lote 11** na **Táboa n.º 12** pódense ver os exemplos de exceso sobre o tempo de 45 minutos correspondente exclusivamente aos seis primeiros meses do ano 2025 (xaneiro a xuño).

Táboa 12: Traslados prestados pola UTE INTEGRAL GALAICA con tempos de presenza inmediata por encima dos 45 minutos. Xaneiro-xuño ano 2025. Lote 11. (Excluídos servizos nos que non se indica a hora)[88]

DATA SERVIZO	HORA DE AVISO	HORA DE RECOLLIDA	TEMPO DO SERVIZO	EXCESO SOBRE 45 MINUTOS
01/01/2022	10.50	11.58	68 minutos	+23
04/01/2022	20.38	22.34	116 minutos	+71
04/01/2022	22.15	23.55	100 minutos	+55
04/01/2022	19.15	20.10	55 minutos	+10
05/01/2022	12.26	13.55	89 minutos	+44
06/01/2022	12.20	13.15	55 minutos	+10
06/01/2022	15.25	16.30	65 minutos	+20

88 Horas extraídas das follas asinadas do servizo de traslado de cadáveres xudiciais do IMELGA. Localízanse coa seguinte ruta: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 5 Execución lote 10-11 (2022) > SERVIZOS LOTE 11". Recóllense na Táboa os tempos que figuran nas follas asinadas que exceden de 45 minutos e indícanse supostos nos que a hora de recollida é anterior á do aviso así como as que non aparecen claramente escritas as horas. Exclúense da táboa os servizos nos que ou ben non aparece a hora do aviso ou da recollida ou ningunha das dúas.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

06/01/2022	21.40	23.30	110 minutos	+65
08/01/2022	14.40	15.30	50 minutos	+5
12/01/2022	12.34	13.25	51 minutos	+6
12/01/2022	18.00	20.40	160 minutos	+115
13/01/2022	09.11	10.25	74 minutos	+29
14/01/2022	15.05	16.55	110 minutos	+65
14/01/2022	15.05	16.55	110 minutos	+65
14/01/2022	06.28	07.25	57 minutos	+12
14/01/2022	19.47	21.50	123 minutos	+78
14/01/2022	19.47	21.50	123 minutos	+78
15/01/2022	10.41	11.30	49 minutos	+4
16/01/2022	11.25	13.00	95 minutos	+50
17/01/2022	20.42	22.00	78 minutos	+33
18/01/2022	13.55	15.10	75 minutos	+30
19/01/2022	10.15	11.15	60 minutos	+15
20/01/2022	16.15	17.05	50 minutos	+5
21/01/2022	09.45	10.34	49 minutos	+4
22/01/2022	05.00	06.30	90 minutos	+45
22/01/2022	19.00	20.40	100 minutos	+55
25/01/2022	09.41	10.30	49 minutos	+4
26/01/2022	11.35	12.45	70 minutos	+25
26/01/2022	17.38	19.15	97 minutos	+52
28/01/2022	07.20	08.15	55 minutos	+10
28/01/2022	14.08	14.58	50 minutos	+5
29/01/2022	13.31	14.38	67 minutos	+22
30/01/2022	10.13	11.00	47 minutos	+2
31/01/2022	18.55	20.15	80 minutos	+35
31/01/2022	17.05	18.15	70 minutos	+25
02/01/2022	20.00	21.40	100 minutos	+55
08/01/2022	11.15	14.05	170 minutos	+125
01/02/2022	11.37	12.45	68 minutos	+23
01/02/2022	21.26	23.00	94 minutos	+49

02/02/2022	17.50	19.00	70 minutos	+25
04/02/2022	09.40	11.10	90 minutos	+45
04/02/2022	19.16	20.35	79 minutos	+34
07/02/2022	21.05	22.00	55 minutos	+10
09/02/2022	11.00	13.20	140 minutos	+95
10/02/2022	05.20	06.20	60 minutos	+15
11/02/2022	12.44	14.00	76 minutos	+31
15/02/2022	15.15	16.15	60 minutos	+15
16/02/2022	11.30	12.25	55 minutos	+10
18/02/2022	22.30	23.20	50 minutos	+5
20/02/2022	15.55	16.55	60 minutos	+15
21/02/2022	15.05	16.20	75 minutos	+30
21/02/2022	17.49	19.15	86 minutos	+41
23/02/2022	16.55	18.00	65 minutos	+20
23/02/2022	17.15	18.45	90 minutos	+45
26/02/2022	07.45	08.50	65 minutos	+20
26/02/2022	20.15	21.40	85 minutos	+40
28/02/2022	13.00	14.15	75 minutos	+30
28/02/2022	18.20	20.30	130 minutos	+85
03/03/2022	11.20	13.00	100 minutos	+55
05/03/2022	14.00	15.05	65 minutos	+20
06/03/2022	05.45	07.05	80 minutos	+35
06/03/2022	08.23	10.00	97 minutos	+52
06/03/2022	07.01	08.15	74 minutos	+29
06/03/2022	08.30	09.20	50 minutos	+5
07/03/2022	23.22	00.20	58 minutos	+13
08/03/2022	14.20	15.30	70 minutos	+35
09/03/2022	13.35	15.00	85 minutos	+40
13/03/2022	22.36	23.59	83 minutos	+38
14/03/2022	15.10	16.10	60 minutos	+15
15/03/2022	08.00	09.00	60 minutos	+15
17/03/2022	09.38	11.25	107 minutos	+62

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

17/03/2022	09.38	11.25	107 minutos	+62
18/03/2022	13.48	15.15	87 minutos	+42
18/03/2022	08.23	09.20	57 minutos	+12
19/03/2022	16.30	17.30	60 minutos	+15
19/03/2022	13.02	14.00	58 minutos	+13
21/03/2022	04.30	05.30	60 minutos	+15
22/03/2022	18.35	19.30	55 minutos	+10
25/03/2022	05.05	06.00	55 minutos	+10
27/03/2022	18.50	20.30	100 minutos	+55
28/03/2022	13.58	15.00	62 minutos	+17
28/03/2022	19.00	20.15	75 minutos	+30
29/03/2022	11.35	12.35	60 minutos	+15
29/03/2022	21.05	22.10	65 minutos	+20
30/03/2022	19.30	20.45	75 minutos	+30
06/03/2022	00.03	01.40	97 minutos	+52
07/03/2022	14.15	15.20	65 minutos	+20
25/03/2022	10.00	12.10	130 minutos	+85
04/04/2022	18.20	19.45	85 minutos	+40
05/04/2022	02.00	03.30	90 minutos	+45
05/04/2022	15.40	16.35	55 minutos	+10
07/04/2022	07.55	09.00	65 minutos	+20
07/04/2022	15.44	16.45	61 minutos	+16
10/04/2022	15.50	18.30	160 minutos	+115
12/04/2022	15.18	16.05	47 minutos	+2
15/04/2022	10.50	12.00	70 minutos	+25
19/04/2022	11.30	12.55	85 minutos	+40
22/04/2022	16.30	17.25	55 minutos	+10
26/04/2022	12.09	13.40	91 minutos	+46
26/04/2022	20.05	21.10	65 minutos	+20
26/04/2022	21.59	23.00	61 minutos	+16
27/04/2022	20.20	22.25	125 minutos	+80
30/04/2022	22.20 (enténdese	11.30	70 minutos	+25

	que se refire ás 10.20)			
01/05/2022	11.20	12.30	70 minutos	+25
03/05/2022	11.00	12.25	85 minutos	+40
03/05/2022	08.45	10.25	100 minutos	+55
03/05/2022	03.00	04.40	100 minutos	+55
08/05/2022	20.33	22.00	87 minutos	+42
09/05/2022	16.10	17.00	50 minutos	+5
09/05/2022	17.30	18.45	75 minutos	+30
10/05/2022	17.20	18.20	60 minutos	+15
15/05/2022	12.00	13.10	70 minutos	+25
16/05/2022	21.30	22.25	55 minutos	+10
18/05/2022	12.19	13.45	86 minutos	+41
18/05/2022	17.48	18.45	57 minutos	+12
21/05/2022	12.37	14.10	93 minutos	+48
21/05/2022	21.40	23.10	90 minutos	+45
22/05/2022	13.20	14.39	79 minutos	+34
24/05/2022	15.30	18.00	150 minutos	+105
25/05/2022	10.30	12.30	120 minutos	+75
26/05/2022	14.05	15.50	105 minutos	+60
28/05/2022	13.50	14.50	60 minutos	+15
30/05/2022	19.40	20.40	60 minutos	+15
30/05/2022 (enténdese que pon abril por erro)	02.30	04.30	120 minutos	+75
01/06/2022	21.30	22.35	65 minutos	+20
06/06/2022	13.50	16.00	130 minutos	+85
07/06/2022	15.56	17.00	64 minutos	+19
13/06/2022	18.45	20.35	110 minutos	+65
13/06/2022	17.25	18.50	85 minutos	+40

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

13/06/2022	13.30	14.50	80 minutos	+35
13/06/2022	23.20	00.30	70 minutos	+25
18/06/2022	01.30	03.00	90 minutos	+45
20/06/2022	11.20	12.10	50 minutos	+5
23/06/2022	17.55	18.45	50 minutos	+5
25/06/2022	17.35	18.40	65 minutos	+20
25/06/2022	11.27	12.40	73 minutos	+28
26/06/2022	08.47	10.15	88 minutos	+43
27/06/2022	12.13	13.35	82 minutos	+37
29/06/2022	16.15	18.00	105 minutos	+60
30/06/2022	09.15	11.45	150 minutos	+105

Pódese comprobar que son moi numerosos os servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata e é moi superior aos servizos nos que este tempo se cumpre (como se acredita coa **Táboa 13**), polo que, de novo, iso contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata cando nin sequera a UTE INTEGRAL GALAICA cumpre os tempos de presenza esixidos no PPT.

Táboa 13: Servizos de traslado durante os meses de xaneiro a xuño do ano 2025 Lote 10 por UTE INTEGRAL GALAICA clasificados por cumprimento ou non do tempo de 45 minutos.

MES	**CUMPREN**	**NON CUMPREN**	**NON ACREDITAN HORA**	**% CUMPRIMENTO**
XANEIRO	6	37	0	**13,95%**
FEBREIRO	9	21	2	**28,13%**
MARZO	2	30	2	**5,88%**
ABRIL	6	15	1	**27,27%**
MAIO	5	21	3	**17,24%**
XUÑO	3	16	6	**12,00%**
TOTAL	**31**	**140**	**14**	**16,76%**

c) Sustentabilidade Económica: A colaboración nunha UTE permite distribuír custos e riscos financeiros, facendo o servizo economicamente viable.

Non se achega xustificación nin proba algunha desta declaración nin argumentos que puidesen xustificar os incrementos de prezo ofertados polas UTES nos Expedientes 2020 e 2024 con respecto aos ofertados en competencia na licitación para 2018 (folio 418 e 419)[89]

Co obxecto de acreditar que os orzamentos de licitación dos Expedientes 2020 e 2024 dispoñían das dotacións suficientes para cubrir os custos de operación, así como os seus gastos xerais e o beneficio industrial, a SUBDIC efectuou unha análise dos seus principais compoñentes con base na información achegada polo órgano de contratación[90]

Na súa PR a SUBDIC realiza unha análise dos prezos establecidos no PPT, que fai súa este Pleno, e afirma que:

> *"Hai que ter en conta que a memoria económica da contratación, desagrega o orzamento con base nos gastos de operación a financiar, entre os que sinala os salarios de persoal referenciados ás táboas salariais 2020 do VI Convenio autonómico de Pompas Fúnebres de Galicia. A análise efectuada pola SUBDIC parte dos custos laborais[91] de "funerario de primeira", ao ser a categoría aplicada pola UTE na súa oferta, e para os que estimou un custo hora de 13,74 € en 2020 e de 16,72 € en 2024.*
>
> *Por outra banda, tendo en conta que para os importes máximos establecidos no PPT o órgano de contratación realizou "unha análise das ofertas presentadas*

89 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > 65. PCH S1.2 2024.pdf" apartado 5. Feitos acreditados. Cuarto.

90 Pódese localizar en: "06.-Análise prezos licitación lote 20-24.pdf"

91 Inclúense así mesmo os custos sociais do traballador (Continxencias, desemprego, FOGASA, Formación profesional e Accidentes de traballo).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

durante unha década en cada unha das licitacións"[92]*, a SUBDIC solicitou do Centro de Estudos do Territorio información sobre os quilómetros e tempos de roteiro máximos desde os emprazamentos ofertados polas mercantís ata as cabeceiras e ata os lindes máximos de cada unha das áreas territoriais correspondentes a cada un dos lotes.*

Con base na información proporcionada[93] *polo Centro de Estudos do Territorio, incrementáronse os tempos de roteiro máximos en 30 minutos, que corresponden aos tempos medios de actuación en destino estimados por PP. FF. de Arosa nas súas alegacións ao PCH*[94]*.*

Así mesmo incrementáronse os quilómetros de desprazamento nun radio adicional de 2 km de distancia aos centros declarados no contrato, de acordo ás estimacións da UTE INTEGRAL GALAICA[95]*.*

A anterior información permitiu concluír á SUBDIC:

Dunha parte, que as mercantís dispoñen de emprazamentos, cuxos tempos de resposta ata as cabeceiras de cada un dos lotes onde operaron, son inferiores aos 45 minutos esixidos no PPT.

Doutra parte, que se estima un custo medio de 77,62 € no Expediente 2020 e de 96,26 € no Expediente 2024 para os servizos correspondentes ao lote 10.

Que analogamente se estima un custo medio de 84,55€ no Expediente 2020 e de 104,32 € no Expediente 2024 para os servizos correspondentes ao lote 11.

Que en consecuencia, ***os prezos establecidos no PPT para os servizos de***

92 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > Doc 18 CF. Resp. A Req. (2) información_27.09.24".

93 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > Doc 96. Resp. A req. (1) Info. Estudos do Territorio MELLORADA_03.02.26. PDF/PDF Páxina 15".

94 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > Doc 73. Alegacións ao PCHArosa (2) 26.12.25 Adxunto Doc. 5 simulación técnica operativa.

95 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > Doc 115. Resp. Sol. Aclaración req. (3) UTE 09.03.26 (páx. 4).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

transporte e recollida, permiten cubrir os custos de operación[96] así como uns incrementos adicionais do 8,60% en concepto de custos indirectos e do 10,30% de beneficio industrial, que o órgano de contratación estimou para os Expedientes 2020 e 2024." (Énfase engadida)

d) Eficiencia Operativa: A experiencia previa mostra que a colaboración en UTE permitiu xestionar os tempos de atención, traslados e esperas de maneira máis eficiente, aínda que aínda deficitariamente, resaltando a necesidade desta estrutura de mellorar o servizo.

De novo alega mellora nos tempos de presenza inmediata "xestionar os tempos de atención, traslados e esperas de maneira máis eficiente" aínda que recoñece que é deficitaria. Como xa vimos esta afirmación é rotundamente falsa. A porcentaxe de servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata en tanto no Expediente 2024 como no Expediente 2020 e tanto os lotes 10 como os lotes 11 é moi superior aos servizos nos que este tempo se cumpre, como se acredita co contido das **Táboas 6 a 13** desta Resolución.

Por iso non se pode considerar como explicación ou xustificación para a concorrencia en UTE a redución dos tempos de presenza inmediata cando as UTEs incumpren os tempos máximos para a presenza esixidos no PPT nunha porcentaxe tan elevada. E por esta causa dificilmente pode admitirse iso como razón para que as empresas, en caso dunha contratación pública, presenten unha oferta coordinada na que todas elas acordan aspectos tan sensibles como son os custos, os prezos, as melloras ou as condicións comerciais, cando esas empresas poderían concorrer soas á licitación.

5.3.2.2.- Razóns argumentadas polas empresas para xustificar a súa concorrencia en UTE ao lote 10 e Lote 11 presentadas como alegacións ao PCH da SUBDIC.

Tras a elaboración do PCH pola SUBDIC (folios 426-428) e o seu traslado aos

96 Pódese localizar en: "06.-Análise prezos licitación lote 20-24.pdf" Prezo do litro de combustible de 1,19 € en 2020 e de 1,40 € en 2024 (Ministerio T. Ecolóxica).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

interesados presentáronse alegacións polas empresas investigadas (folios 444 a 453; folios 470 a 494; folios 511 a 578; folios 579 a 630) algunhas das cales trataban de xustificar a razón da concorrencia das empresas en UTE. Examinaremos as razóns alegadas polas empresas (POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA) de maneira agrupada xa que coinciden substancialmente no seu contido.

Quere reiterar este Pleno que as empresas tratan de unificar nun único lote o que na licitación son dous: por un lado o lote 10 (que corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Pontevedra) e por outro o lote 11 (que corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Vigo) co que pretende realizar unha alteración do mercado xeográfico delimitado nos Expedientes 2020 e 2024, o cal non é inocuo para os efectos de esconder o comportamento colusorio destas empresas. Ao unificar como un só lote o que a Administración convocante da licitación licitara como dous distintos as empresas trataban de amparar a súa actuación con base nun ámbito territorial distinto e moito mais extenso co que tratan de xustificar a incapacidade individual das empresas para licitar soas e a necesidade de maiores tempos para a presenza inmediata.

Esta alteración da convocatoria da licitación en lotes para amparar ese comportamento colusorio reitérao a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. no seu escrito de Alegacións complementarias con data do 18 de maio de 2026 (folios 1342 e ss).

Como xa sinalamos, o que fixeron as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. para concorrer conxuntamente a dous lotes (10 e 11) dos Expedientes 2020 e 2024 foi constituír UTES para evitar competir entre elas e repartirse territorialmente os servizos licitados o que constitúe unha práctica restritiva da competencia (*"empaquetamento ou bundling"*) que é aquela na que un grupo de empresas, que son competidoras reais, acordan presentar unha oferta conxunta agrupando diferentes lotes ou servizos coa finalidade de bloquear a posible presentación de ofertas

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

independentes dos seus membros. Nestes expedientes o PCAP veda a posibilidade[97] de que o licitador poida subscribir algunha proposición individualmente se o fixo en unión temporal con outros ou figurar en máis dunha unión temporal[98]. Esta restrición é de aplicación en relación con cada lote da licitación.

En canto ás razóns que manifestaron as empresas para xustificar as UTEs nas alegacións ao PCH da SUBDIC, son as seguintes:

a) Imposibilidade de poder presentar ofertas individuais as empresas: e así afirma "Inviabilidade técnica individual por dispersión xeográfica" (POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L.), "estritos motivos técnicos e de esixencias contidas no prego de prescricións técnicas da licitación" (SEPELIOS SAN MARCOS S.L.); "motivos técnicos e de esixencias contidas no prego que xustifican a concorrencia a través de varias empresas que conforman a UTE" (SEPELIOS SAN MARCOS S.L.) e que non pode afrontar retos ou concursos sen concorrer nunha UTE ou con outras entidades que a complementen (POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.).

Xa acreditamos no apartado **5.3.1.** desta Resolución que:

> POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).
>
> Que POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias

97 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:

Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 43)"

98 Así dispón a Cláusula 6.2.5 do CAP do Expediente 2024 que "A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscribidas (art. 139.3 LCSP)." Pódese localizar no expediente co seguinte roteiro: Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 43)".

Tamén dispón a Cláusula 6.1.8 do PCAP do Expediente 2020 que "O incumprimento das normas contidas nos dous números anteriores dará lugar á non admisión de todas as ofertas subscribidas polo licitador." Pódese localizar no expediente co seguinte roteiro: Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

Que POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

Isto permitiríalles presentar ofertas por si soas ás empresas, nos lotes dos procedementos de contratación (Expedientes 2020 e 2024) nos que presentaron oferta conxuntamente a través das UTES constituídas e sen que a esixencia de presenza "inmediata" (máximo 45 minutos) en calquera punto da extensa xeografía dos lotes 10 e 11 e a inviabilidade operativa xustifique a indispensabilidade da constitución da UTE, xa que o contratista ten ao seu alcance a posibilidade de subcontratar con terceiros a realización parcial da prestación e de feito esta subcontratación execútase nestes contratos como se acredita no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución ao responder á xustificación a) de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. das razóns obxectivas para a constitución da UTE manifestada no seu escrito do 5 de xullo de 2024 e que non repetimos para non estender máis esta Resolución.

b) Inviabilidade operativa: simultaneidade e picos de demanda: (POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L.)

Como sinala a SUBDIC na súa PR, a falta de evidencias achegadas sobre simultaneidade de servizos e picos de demanda impiden acoller este argumento como xustificación para a constitución das UTEs, tendo en conta ademais que o contratista ten a posibilidade de subcontratar con terceiros a realización da prestación neses supostos.

c) Inviabilidade económica na prestación do servizo: e así afirman "Xustificación económica: estrutura de custos e prezos conxelados" (POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L.); " (...) Os custos operativos da funeraria, crecerían de maneira desproporcionada se

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

se fixase o persoal atendendo ao pico máximo de carga de traballo posible, que se adoita concentrar á vez. É por iso, que a concorrencia a ambos os lotes a través dunha UTE permite repartir os custos operativos nunha franxa de mercado, sempre atendendo que a rendibilidade deste servizo, vén dada por unhas economías de escala das empresas funerarias, é dicir, compénsame prestar este servizo porque xa dispoño do persoal e das instalacións" (SEPELIOS SAN MARCOS S.L.) e "sinalar que a UTE analizou os seus custos e presentou a proposta que considerou adecuada non supoñendo perda para a mesma o importe ofertado e a economía de escala que realizou, con base nos servizos que se prestan e medios con que conta (..)" (POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.)

Xa acreditamos no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución, ao responder á xustificación c) de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. das razóns obxectivas para a constitución da UTE manifestada no seu escrito do 5 de xullo de 2024 ("Sustentabilidade Económica: A colaboración nunha UTE permite distribuír custos e riscos financeiros, facendo o servizo economicamente viable"), que os prezos establecidos no PPT para os servizos de transporte e recollida permiten cubrir os custos de operación así como uns incrementos adicionais do 8,60% en concepto de custos indirectos e do 10,30% de beneficio industrial, que o órgano de contratación estimou para os Expedientes 2020 e 2024, polo que nos remitimos ao indicado nese apartado e non o repetimos para non estender máis esta Resolución.

d) Que as empresas integraron UTEs que foron adxudicatarias destes mesmos lotes desde o contrato de 2014, o que lles permite un coñecemento profundo e práctico do necesario para acometer o servizo de forma adecuada e rendible. (alegación de POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.)

Non aportan as empresas evidencia algunha de que a Administración contratante ou os consumidores participaran de forma equitativa nas vantaxes do coñecemento profundo e práctico dos servizos por parte das mercantís que propiciou a constitución da UTE,

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

"(...) para chegar á conclusión de que se produciron prácticas concertadas contrarias á competencia, pódese acudir tanto á proba directa, como á indirecta ou indiciaria que permite considerar acreditados determinados feitos sobre os que non existe unha proba directa, a partir de considerar probados outros feitos relacionados e plurais (ou único de singular potencia acreditativa), pero tamén concomitantes ao que se pretenda probar, dos que cabalmente poida deducirse a certeza daquela práctica colusoria, o que neste caso se fixo, non a partir de probas directas, senón de numerosos indicios, (...)"

118 Sentenza do Tribunal Superior de Galicia do 26 de setembro de 2025, ECLI: ES: TSJGAL:2025:6222.
119 Sentenza do Tribunal Superior de Galicia do 7 de novembro de 2018 (273/2026).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Tamén o Tribunal Supremo vén admitindo en materia sancionadora por infraccións das normas de Defensa da Competencia que o xuízo da reprochabilidade se poida basear en probas de indicios. Podemos citar a STS 3 de febreiro de 2009[120] na que afirma que:

> *"No caso de autos, como en moitos outros en materia de defensa da competencia, especialmente en materia de acordos ou prácticas concertadas entre suxeitos económicos, é especialmente difícil lograr acreditar de forma directa a existencia de acordos, polas lóxicas precaucións adoptadas por quen incorre en condutas expresamente prohibidas polo artigo 1 da Lei de Defensa da Competencia"*

Tamén a STS do 6 de marzo de 2000[121] afirma, ao referirse á acreditación da proba mediante presuncións, que:

> *"Hai que resaltar que estas probas teñen unha maior operatividade no campo de defensa da competencia, pois dificilmente os autores de actos colusorios deixarán pegada documental da súa conduta restritiva ou prohibitiva, que unicamente poderá extraerse de indicios ou presuncións. O negar validez a estas probas indirectas conduciría case á absoluta impunidade de actos derivados de acordos ou concertos para restrinxir o libre funcionamento da oferta e a demanda"*

Desta mesma maneira pronunciouse o Tribunal de Xustiza da Unión Europea que na súa sentenza do 6 de decembro de 2012, asunto c-441/11 Comisión Europea contra Verhuizingen Coppens NV sinala que:

> *"70. A este respecto, procede lembrar que o Tribunal de Xustiza xa declarou que, na maioría dos casos, a existencia dunha práctica ou dun acordo contrario á competencia infírese de certas coincidencias e de indicios que, considerados no seu conxunto, poden constituír, a falta dunha explicación coherente, a proba dunha infracción das normas sobre competencia (sentenzas Aalborg Portland e*

120 Sentenza do TS do 3 de febreiro de 2009, ECLI: ES: TS:2009:517.
121 Sentenza do TS do 6 de marzo de 2000, ECLI: ES: TS:2000:1774.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

outros/Comisión, antes citada, apartado 57, así como do 21 de setembro de 2006, Nederlandse Federatieve Vereniging voor de Groothandel op Elektrotechnisch Gebied/Comisión, C105/04 P, Rec. P. I8725, apartado 94). 71. Tales indicios e coincidencias, avaliados globalmente, non só poden revelar a existencia de acordos ou prácticas contrarios á competencia, senón tamén a duración de prácticas colusorias continuadas e o período de aplicación de acordos celebrados en contra das regras en materia de competencia (véxase, neste sentido, a sentenza Nederlandse Federatieve Vereniging voor de Groothandel op Elektrotechnisch Gebied/Comisión, antes citada, apartados 95 e 96)".

O mesmo criterio recóllese na Sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (STGUE), do 12 de decembro de 2014, no asunto T-562/08, en relación coa calidade probatoria que corresponde esixir ás autoridades de competencia en materia de prácticas contrarias a esta. En relación con esta sentenza a CNMC sinala na súa Resolución do 12 de xullo de 2018[122] que:

"(...) Faise cargo o Tribunal da dificultade que entraña para as autoridades de competencia o labor probatorio neste tipo de prácticas, polo que recoñece unha certa suficiencia razoable á hora achegar os elementos de proba que sirvan de base para a correspondente sanción. Doutra maneira, dificilmente sería posible perseguir e sancionar este tipo de prácticas."

En conclusión, naqueles casos nos que non exista proba directa da existencia dun acordo ou un escrito no que de maneira expresa se plasme a vontade de colidir, haberá que proceder, como establece tanto a CNMC[123] como o Tribunal Supremo[124] da maneira seguinte:

122 Resolución CNMC do 12 de xullo de 2018, Expte. S/DC/0569/15 Baterías automoción.

123 Resolución CNMC de 9 de setembro de 2020, Expte. Sanav/02/19 Transporte escolar de viaxeiros Navarra.

124 STS do 18 de marzo de 2013 ECLI: ES: TS:2013:1386.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

a) identificar cales son os feitos base ou indicios que se estimen plenamente acreditados, non en meras sospeitas, rumores ou conxecturas, e que van servir de fundamento á dedución ou inferencia;

b) que exista unha relación lóxica entre tales feitos e explicitar o razoamento a través do cal, partindo dos indicios, se chegou á convicción do acaecemento do feito punible e á participación no mesmo dos responsables, e

c) que estea presente un razoamento dedutivo que permita identificar a ligazón precisa e directa, segundo as regras do criterio humano entre os feitos empregados como indicios e a infracción, así como a ausencia dunha explicación alternativa a tales feitos.

6.4.2. ANÁLISE DA CONDUTA DAS EMPRESAS DENUNCIADAS.

Antes de analizar a conduta das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. hai que ter en conta o contexto no que se produce a actuación das mesmas que propicia a existencia de prácticas colusorias entre licitadores como son:

a) A estabilidade no mercado, no que as prestacións do contrato se manteñen inalteradas desde a data da primeira licitación o 4 de abril de 2008 e a certa estabilidade no número de servizos anuais[125].

b) A existencia de barreiras que dificultan a entrada de novos licitadores, que neste caso é a dispoñibilidade das instalacións (tanatorios) en radios inferiores ao 45 km da cabeceira do IMELGA no lote n.º 10 e no Lote 11 esixidos polo Prego de prescricións técnicas.

125 Análise dos servizos prestados nos lotes 10 e 11 durante os exercicios 2022 e 2025. A Análise dos servizos prestados localízanse no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2022: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 5 Execución lote 10-11 (2022).
Ano 2025: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 6 Execución lote 10-11 (2025).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Para que o artigo 1.1 LDC se aplique a unha cooperación horizontal debe existir unha forma de coordinación entre competidores, a saber, un acordo entre empresas, acordo que existe entre as mercantís ao concorrer en UTE ao lote 10 e ao lote 11 dos expedientes 2020 e 2024.

As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. son, na medida que o indicamos nos apartados anteriores desta Resolución, competidoras reais nos devanditos expedientes xa que desenvolven a súa actividade no mesmo mercado de referencia, é dicir, nos mesmos mercados de produto e xeográfico. A CNMC considera como feitos ou circunstancias para valorar a posible existencia de indicios fundados de condutas colusorias na contratación pública, entre outros, os seguintes:

> *"A presentación dunha oferta económica entre empresas competidoras agrupadas nunha unión temporal de empresas que, tendo en conta os antecedentes, as características técnicas e económicas da licitación, a solvencia económica e técnica das empresas afectadas ou o mercado de que se trate, non teñan unha xustificación adecuada"*[126]

As circunstancias acreditadas no presente expediente permiten concluír que:

a) POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

b) POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

126 Informe INF/CNMC/085/2018 da Comisión Nacional da Competencia sobre o artigo 150 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

c) POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

Conforme a iso POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., eran competidoras reais no Lote 10 dos expedientes 2020 e 2024 aos que concorreron constituíndo UTEs para presentar oferta conxuntamente, polo que é de aplicación aos devanditos acordos o artigo 1.1 LDC. POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. eran competidoras reais no Lote 11 dos expedientes 2020 e 2024 aos que concorreron constituíndo UTEs para presentar oferta conxuntamente, polo que é de aplicación aos devanditos acordos o artigo 1.1 LDC. Procede por iso efectuar unha valoración da necesidade obxectiva do devandito acordo e determinar a existencia ou non de elementos indiciarios da conduta ilícita nas empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

De acordo co contido da Proposta de Resolución da SUBDIC, do exame da documentación obrante nos procedementos de contratación (2020-SEXU 20 a 30-EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM), da documentación achegada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, da documentación achegada polas empresas investigadas e polas empresas nas súas alegacións pódense acreditar os seguintes feitos como indiciarios da conduta ilícita das empresas denunciadas:

PRIMEIRO.- As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. concorreron en UTE ás licitacións dos expedientes 2020 e Expediente 2024 coñecendo que dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. que presentaron oferta conxuntamente mediante UTES (UTE INTEGRAL GALAICA E UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA) nos expedientes 2020 e 2024 aos Lotes 10 e 11 dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas de acordo cos disposto no PCAP da maneira seguinte: POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., eran competidoras reais no Lote 10 dos expedientes 2020 e 2024 e POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. eran competidoras reais no Lote 11 dos expedientes 2020 e 2024.

Así, se acreditou no apartado **5.3.1** desta Resolución **"5.3.1.- CAPACIDADE DAS EMPRESAS PARA PRESENTARSE Á LICITACIÓN SEPARADAMENTE":**

a) Que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñían de capacidade para concorrer aos lotes 10 e 11 dos expedientes 2020 e 2024, de acordo á súa declaración responsable complementaria ao DEUC[127].

b) Que as mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispoñían da solvencia económica e financeira para concorrer por si soas aos lotes 10 e 11 do Expediente 2020. Que a mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñería da solvencia económica e financeira necesaria para concorrer por si soa a un dos devanditos lotes, pero non podería facelo simultaneamente aos lotes 10 e 11.

127 Documento europeo único de contratación (DEUCS) unidos. DEUCS localizados no expediente co seguinte roteiro: Cartafol "PEZAS CONFIDENCIALIDADE > 03. Anexo II EC 2024 PEZA SEPARADA CONFIDENCIALIDADE > 01-SOBRE A 10-11-UTE > F. I. GALAICA"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

c) Que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispoñían da solvencia técnica ou profesional cualificada, para concorrer por si soas aos lotes 10 e 11 e que a mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía da solvencia técnica ou profesional necesaria para concorrer por si soa a un dos devanditos lotes.

d) Que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispoñían dos medios materiais e humanos necesarios para prestar por si soas os servizos correspondentes aos lotes 10 e 11 e as mercantís POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñían dos medios materiais e humanos necesarios para prestar os servizos dos lotes 10 e 11 respectivamente[128].

En conclusión como indicamos no apartado **5.3.1** desta Resolución acredítase que: POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024); que POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024) e que POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

128 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > Doc. 60 CF. Resp. O. Contratación a req. Doc (4) 04.11.25 e Cartafol "PEZA CONFIDENCIALIDADE > 01. Expediente PEZA SEPARADA DE CONFIDENCIALIDADE > 16. Resp. A req. (4) doc. O. Contratación (doc. 60).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Como afirmamos neste Resolución, como indican as Directrices[129] e sinala a xurisprudencia[130], as UTES non serán restritivas da competencia cando a forman empresas que non son competidores reais ou potenciais nese mercado, como son as formadas por empresas do mesmo grupo, as que non están presentes no mesmo mercado ou as constituídas por empresas que non terían capacidade para poder concorrer á licitación de forma individual.

Pero neste caso, as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. están presentes, na extensión antes vista, no mesmo mercado, son competidoras reais no mesmo mercado de referencia e dispoñen dos requisitos de capacidade das solvencias así como dos medios necesarios para concorrer en solitario ao Lote 11 dos procedementos de contratación Expedientes 2020 e 2024 e teñen, por tanto, capacidade para concorrer individualmente ás licitacións que se presentaron en UTE, polo que ao concorrer conxuntamente en UTE estarían a executar un acordo de cooperación horizontal que falsearía a competencia nesas licitacións.

Tamén POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. están presentes, na extensión antes vista, no mesmo mercado, son competidoras reais no mesmo mercado de referencia e dispoñen dos requisitos de capacidade das solvencias así como dos medios necesarios para concorrer en solitario ao Lote 10 dos procedementos de contratación Expedientes 2020 e 2024 e teñen, por tanto, capacidade para

129 Apartado 352 "Un acordo dun consorcio de licitadores, independentemente da súa cualificación xurídica, non restrinxirá a competencia no sentido do artigo 101, apartado 1, se permite ás partes participar en proxectos que non poderían emprender individualmente. Neste suposto, as partes no acordo de consorcio de licitadores non son nin competidores reais nin potenciais para a execución do proxecto. Este pode ser o caso cando as partes dun acordo de consorcio de licitadores fornecen diferentes servizos que son complementarios para efectos da participación no procedemento de licitación. Tamén pode darse o caso de que as partes do acordo de consorcio de licitadores, aínda que todas operen no mesmo mercado ou mercados, non poidan levar a cabo o proxecto individualmente, por exemplo, debido á envergadura do proxecto ou á súa complexidade."

130 Sentenza AN do 15 de outubro de 2012 ECLI: ES: AN:2012:4315; Sentenza AN do 24 de abril de 2024 ECLI: ES: AN:2024:2258; Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139 e Sentenza do Tribunal Superior de Galicia do 10 de marzo de 2023, ECLI: ES: TSJGAL:2023:1418

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

concorrer individualmente ás licitacións que se presentaron en UTE, polo que ao concorrer conxuntamente en UTE estarían a executar un acordo de cooperación horizontal que falsearía a competencia nesas licitacións.

Acredítase nesta Resolución, así como na PR da SUBDIC, que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. tiñan capacidade para concorrer individualmente ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024) e que POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. tiñan capacidade para concorrer individualmente ao Lote 10 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

SEGUNDO.- As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. non achegaron proba algunha que acredite que o acordo de consorcio en UTE entre estas empresas (lembremos que eran empresas que tiñan capacidade para concorrer por si soas aos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM) **xerase eficiencias de tal natureza que xustifiquen a restrición que para a competencia supón esta licitación conxunta.**

Como sinalamos na Resolución, corresponde ás empresas investigadas a carga da proba desas eficiencias.

Como se detalla de maneira extensa no apartado **5.3.2.-** desta Resolución "**5.3.2.- SE DA FORMACIÓN DAS UTES SE PRODUCIRON EFECTOS BENEFICIOSOS OU EFICIENCIAS PARA OS CONSUMIDORES QUE SUPERAN AMPLAMENTE AS RESTRICIÓNS QUE Á COMPETENCIA SUPÓN A COORDINACIÓN NA**

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

PRESENTACIÓN DAS OFERTAS" non existen eficiencias de ningún tipo que poidan probar que a concorrencia das empresas en UTE reportase efectos beneficiosos para a entidade adxudicadora (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e para os consumidores finais que sexan capaces de superar amplamente as restricións que para a competencia supón a coordinación na presentación das ofertas polas empresas.

O apartado 359 das Directrices entende que as condicións do art. 101 apartado 3 do TFUE poden cumprirse *"se a oferta conxunta permite ás partes presentar unha oferta máis competitiva que as ofertas que poderían presentar por si soas (en termos de prezo ou calidade) e os beneficios que se derivan para a entidade adxudicadora e os consumidores finais superan as restricións da competencia. As eficiencias deben repercutirse nos consumidores e non cumprirán as condicións do artigo 101, apartado 3, se só benefician ás partes do acordo conxunto de consorcio de licitadores"*. Se a UTE permite ás empresas que concorren nela presentar unha oferta máis competitiva que as que poderían presentar por si soas, como por exemplo en termos de prezo ou calidade, e os beneficios que se derivan para a entidade adxudicadora e os consumidores finais superan amplamente as restricións que á competencia supón a coordinación na presentación das ofertas, quedarán ao amparo do previsto no art. 103.1 TFUE e o art. 1.3 LDC, o que non sucedeu neste expediente.

Neste expediente, conforme ao visto no apartado **5.3.2.-** desta Resolución, podemos afirmar que:

a) Non se acredita, como alegan as empresas para xustificar a constitución das UTEs, que o lote 10 e o lote 11 requiran algún tipo especial de xestión loxística que supere as capacidades dunha soa empresa.

Como indicamos no apartado **5.3.2.1.** desta Resolución, de acordo cos

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Pregos das licitacións dos Expedientes 2020 e 2024, POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos Expediente 2020 e 2024; POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos Expedientes 2020 e 2024 e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos Expedientes 2020 e 2024. Conforme a iso si terían capacidade loxística para prestar os servizos.

Ademais os adxudicatarios dos contratos (tamén os dos lotes 10 e 11) poden subcontratar con empresas locais a realización de servizos de transporte de cadáveres, xa que o PCAP así o permite, polo que non resulta necesario formalizar unha UTE para iso. Existe a posibilidade de contar con apoios puntuais de terceiras empresas para executar o contrato, así debe observarse que no soporte do censo oficial de empresas e establecementos funerarios da Xunta de Galicia consta a existencia de máis de corenta empresas funerarias na provincia de Pontevedra[131] o que lles permitía dispoñer de alternativas á constitución dunha UTE.

Esta subcontratación acreditouse que se esta executando por empresas que realizan recollidas e transporte para empresas contratistas da Xunta. Como proba diso remitímonos á "Pregunta 2" formulada por unha empresa na licitación do expediente 2026-SEXU 06 a 09-EM convocado con data 11/5/2026, na que ao expor unha empresa unha pregunta sobre como tiña que acreditar traballos que gardasen relación co obxecto do contrato afirman textualmente que:

"Tamén **realizamos recollidas xudiciais para autopsias no Imelga**

131 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > 75. Alegacións ao PCH_PPFF Atlántico pdf. (7_documento 4 censo funerarias Galicia) (folios 553 e 554).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

subcontratados por outra empresa, pero non chegamos ao 10.000€ IVE incluído anuais de facturación para este servizo"[132] (énfase engadida)

Tamén a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. nas súas alegacións ao PCH recoñece a existencia de subcontratacións por parte da empresa adxudicataria do Lote 10 na licitación convocada en 2008 (folio 496)[133]

Todo isto acredita que non só é posible senón que existen empresas que prestan o servizo como subcontratistas de empresas adxudicatarias de lotes.

b) Non se acredita, como alegan as empresas para xustificar a constitución das UTEs, que a acumulación de recursos humanos e materiais por medio das UTEs fose esencial para cumprir cos tempos de resposta e eficiencia requiridas no PPT.

Como se acredita no apartado **5.3.2.1.** a porcentaxe de servizos nos que se superan os 45 minutos de presenza inmediata esixidos no PPT[134] tanto no Expediente 2024 como no Expediente 2020 son moito máis numerosos que os servizos nos que este tempo se respecta, tanto no lote 10 como no lote

132 Resposta pregunta 2, "Servizo de transporte de cadáveres que requiran a realización de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA (4 lotes)." Pódese consultar en: https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=827989&lang=gl

133 Afirma textualmente que: "Tanto para o ano 2008 como para o ano 2011, a licitación do lote 10 foi adxudicada á mercantil ALIANZA E BARROS, S.L. Esta sociedade foi coñecida no sector, a necesidade que tivo de subcontratar as recollidas con outras funerarias locais para poder afrontar o contrato, debido á extensión xeográfica do lote adxudicado, correspondente á demarcación de Pontevedra. Nunca máis se volveu a presentar"

134 Sinala o PPT que "O tempo máximo para a presenza alí onde sexan requiridos será de corenta e cinco (45) minutos."

Contido nos PPT localizados no expediente cos seguintes roteiros:

Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.ppt.pdf (páx. 4)"

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PPT.pdf (páx. 4)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

11[135]. Por esta razón este Pleno considera que non pode xustificarse a concorrencia en UTE das empresas en razóns da necesidade de acumular recursos humanos e materiais para cumprir cos tempos de resposta cando non se cumpren pola UTE os tempos máximos de presenza esixidos nos PPT.

Ademais os adxudicatarios dos contratos poden subcontratar con empresas locais a realización de servizos de transporte de cadáveres.

c) Non se acredita, como alegan as empresas para xustificar a constitución das UTEs, que as UTEs fagan o servizo economicamente viable e que fose inviable se as empresas concorresen de maneira individual.

Como se acredita no apartado **5.3.2.1.**, de acordo ca extensa análise realizada pola SUBDIC na súa PR, os prezos establecidos no PPT para os servizos de transporte e recollida, permitían ás empresas que presentasen a súa oferta de maneira individual cubrir os custos de operación[136] así como uns incrementos adicionais do 8,60% en concepto de custos indirectos así como do 10,30% de beneficio industrial.

d) Non é admisible como alegan as empresas para xustificar a constitución das UTEs, a imposibilidade de poder presentar ofertas individuais.

Así vimos no apartado **5.3.2.1.** desta Resolución que POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos Expedientes 2020 e 2024; que POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para

135 Ver táboas 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 desta Resolución.

136 Pódese localizar en: "06.-Análise prezos licitación lote 20-24.pdf" Prezo do litro de combustible de 1,19 € en 2020 e de 1,40 € en 2024 (Ministerio T. Ecolóxica).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

concorrer por si soa ao Lote 10 dos dous Expedientes 2020 e 2024 e que POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos Expedientes 2020 e 2024. Esto permitiríalles presentar ofertas por si soas ás empresas, nos lotes dos procedementos de contratación (Expedientes 2020 e 2024) nos que presentaron oferta conxuntamente a través das UTES constituídas e sen que a esixencia de presenza "inmediata" (máximo 45 minutos) en calquera punto da extensa xeografía dos lotes 10 e 11 e inviabilidade operativa xustifique a indispensabilidade da constitución da UTE, xa que o contratista ten ao seu alcance a posibilidade de subcontratar con terceiros a realización parcial da prestación e de feito esta subcontratación execútase nestes contratos como se acredita no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución.

e) Non se acredita, como alegan as empresas para xustificar a constitución das UTEs, a simultaneidade e picos de demanda.

Como se indicou no apartado **5.3.2.2.-** desta Resolución a falta de evidencias achegadas sobre simultaneidade de servizos e picos de demanda impiden acoller este argumento como xustificación para a constitución das UTEs, tendo en conta ademais que o contratista ten a posibilidade de subcontratar con terceiros a realización da prestación neses supostos.

f) Non é admisible como alegan as empresas como razón para concorrer en UTE que, como xa foron adxudicatarias do contrato desde 2014, iso lles permite un coñecemento profundo e práctico do necesario para acometer o servizo de forma adecuada e rendible.

Como se indicou no apartado **5.3.2.2.-** desta Resolución as empresas non

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

achegan evidencia algunha de que a Administración contratante ou os consumidores participaran de forma equitativa nas vantaxes dese coñecemento dos servizos por parte das mercantís pois non abonda con que as vantaxes só beneficien ás partes da UTE como sinala o TS na súa sentenza do 4 de maio de 2021[137].

g) Non se acredita eficiencia económica algunha en favor da administración licitante nin dos consumidores derivadas da concorrencia en UTE das empresas.

- No Expediente 2024 a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA non presentou baixa algunha na súa oferta económica á licitación dos lotes 10 e 11 a pesar de puntuar a devandita oferta económica con 65 puntos sobre 100 dos criterios avaliables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas.[138]

- No Expediente 2020 a UTE INTEGRAL GALAICA nou presentou baixa algunha na súa oferta económica á licitación dos lotes 10 e 11 a pesar de puntuar a devandita oferta económica con 70 puntos sobre 100 dos criterios avaliables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas[139]

- No expediente 2018 no Lote 10 concorren dous licitadores: UTE SUR GALICIA (formada por POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA S.L., CARRERA NORES S.L. e POMPAS FÚNEBRES AROSA S.L.,) que presenta unha baixa media do 29,31% e resulta adxudicataria e UTE POMPAS FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A., SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. que presenta unha baixa media do 26,85% e non

137 STS do 4 de maio de 2021 ECLI: ES: TS:2021:1688

138 Contido do PCAP localizado no expediente co seguinte roteiro: "Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 23 e 24)"

139 Contido do PCAP localizado no expediente co seguinte roteiro: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.19)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

resulta adxudicataria. No Lote 11 preséntase unicamente a UTE POMPAS FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A., SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. E POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e resulta adxudicataria cunha baixa media do 3,93%.

Examinadas as proposicións económicas presentadas polas UTEs nos Expedientes 2020 e 2024 en ningún dos parámetros obxecto de valoración, as ofertas superaron aos ofertados polos seus integrantes, en competencia, no Expediente 2018.

h) Non se acreditan eficiencias en termos de calidade de servizo.

Non se acredita eficiencia algunha en calidade do servizo con exclusión da redución dos tempos de presenza inmediata alegadas pola empresas e examinada no apartado **5.3.2.1.** Non existen evidencias de que as UTES constituídas implicasen a combinación de especiais coñecementos técnicos ou a achega de activos complementarios o que, de acordo ás Directrices, limita as probabilidades de xerar melloras de eficiencia que beneficien aos consumidores[140].

i) Non se acreditan eficiencias en termos de competitividade.

Como sinalamos no apartado **5.3.2.1.** apréciase unha perda de competitividade nas ofertas presentadas polas UTE INTEGRAL GALAICA en 2020 e UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA 2024, con respecto ás ofertadas para 2018 que presentaran as UTEs formadas por POMPAS FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A, SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L., o que se traduciu nunha sensible

140 Apartado 38 "Os acordos de cooperación horizontal que non implican a combinación de coñecementos técnicos ou activos complementarios teñen menos probabilidades de xerar melloras de eficiencia que beneficien aos consumidores. "

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

diminución da puntuación obtida: 20 e 25 puntos obtidos en ambos os lotes nos Expedientes 2020 e 2024 fronte aos 83,67 puntos obtidos no lote 10 no Expediente 2018 e os 100 puntos obtidos no lote 11 no Expediente 2018.

En conclusión, non se pode apreciar por este Pleno, nin as empresas investigadas achegaron proba algunha que o acredite, que o acordo de consorcio en UTE entre estas empresas, que tiñan capacidade para concorrer por si soas aos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM, xerase eficiencias que xustifiquen a restrición que supón para a competencia esta licitación conxunta.

TERCEIRO.- As empresas que competiran polo Lote 10 no Expediente 2018 únense para ir de maneira conxunta en UTE aos lotes 10 e 11 do Expediente 2020.

Como vimos no Expediente 2018 prodúcese nos lotes 10 e 11 a seguinte situación:

Lote 10 compiten entre elas dúas Utes:

a) UTE SUR (formada por POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA S.L., POMPAS FÚNEBRES AROSA, S.L. e CARREIRA NORES S.L.) cunha baixa media do 29,31%. Resulta adxudicataria.

b) UTE formada por POMPAS FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A., SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. cunha baixa media do 26,85%.

Ao lote 11 só presenta oferta a UTE formada por POMPAS

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A., SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. cunha baixa media do 3,93%. Resulta adxudicataria.

Con posterioridade, segundo consta na plataforma de contratos de Galicia[141], o 30 de setembro de 2019 foi comunicada á Administración a escritura de cesión de participación/posición contractual e modificación de estatutos da UTE SUR GALICIA outorgada mediante escritura pública, do 11 de xullo de 2019 formalizando a cesión de participación de POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA a favor de SEPELIOS SAN MARCOS, S.L. A razón desa cesión como recoñece a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. no seu escrito de alegacións á PR, é que POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA, S.L. abandonou o sector funerario en data 15 de novembro de 2018 ao vender todos os seus activos funerarios a SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.

No Expediente 2020, que sucede ao Expediente 2018, ten lugar a seguinte situación:

Lote 10: preséntase a UTE INTEGRAL GALAICA formada polas empresas que formaban parte da UTE que explotaba o lote 10 no Expediente 2018 (SEPELIOS SAN MARCOS, S.L., que sucedeu ao membro inicial POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA S.L., POMPAS FÚNEBRES AROSA, S.L. e CARREIRA NORES S.L.) aos que se lles unen as empresa que con elas competiran por ese lote 10 no Expediente 2018, é dicir, a UTE formada por POMPAS FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A., SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. (que xa adquirira a participación de POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA S.L. na UTE que fora adxudicatario do Lote 10) e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L.

141 https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=227060&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Lote 11: da mesma maneira neste Lote preséntase a UTE INTEGRAL GALAICA formada polas empresas que formaban parte da UTE que explotaba o lote 10 no Expediente 2018 (SEPELIOS SAN MARCOS, S.L., que sucedeu ao membro inicial POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA S.L., POMPAS FÚNEBRES AROSA, S.L. e CARREIRA NORES S.L.) que se unen ás empresas que foran adxudicatarias do lote 11 no Expediente 2018, é dicir, a UTE formada por POMPAS FÚNEBRES ATLÁNTICO, S.A., SEPELIOS SAN MARCOS, S.L.U. (que xa adquirira a participación de POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. na UTE que fora adxudicatario do Lote 10) e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L.

É dicir, as empresas que en UTEs distintas se presentaran ao Lote 10 no Expediente 2018 únense para ir xuntas nese mesmo lote no Expediente 2020 e fan o mesmo no Lote 11. Iso pon de manifesto a intención colusoria desas empresas xa que:

a) As mercantís que constituíron as UTES INTEGRAL GALAICA son competidores reais no mesmo mercado de referencia xa que competiran no pasado recente no Expediente 2018.[142]

b) as empresas que en 2018 se presentaran ao Lote 10 do Expediente 2018 en competencia (3 empresas nunha UTE[143] e outras 3 noutra UTE) acordan unirse para evitar competir.

c) As empresas que constituíron a UTE SUR que fora adxudicataria do Lote 10 no Expediente 2018 non necesitaban concorrer con máis empresas para presentarse nin executar ese Lote. As outras

142 Cartafol "05. Probas > Proba n.º 3 actas expediente 2018 > 03. Acta sobre a. pdf

143 POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA, S.L. que formaba parte da UTE SUR vendeu todos os seus activos o 15 de novembro de 2018 a SEPELIOS SAN MARCOS, S.L. que formaba parte da outra UTE que se presentou ao Lote 10 no Expediente 2018.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

empresas que se presentaron en UTE a este Lote 10 tampouco necesitaban concorrer con máis empresas para presentarse a ese Lote. Pero na licitación do Expediente 2020 únense todas as empresas que se presentaron en competencia en UTEs diferentes para executar o contrato, o que non será por incapacidade para prestar cada oferta senón para non competir entre elas, xa que competir implicaba realizar ofertas con baixas para ser adxudicatarias do Lote.

d) Como consecuencia dese acordo de cooperación entre todos os competidores a baixa media das ofertas que en 2018 chegou a ser do 29,31% e do 26,85% nas UTEs, desaparece e non presentan baixa algunha na súa oferta económica, a pesar de puntuar a devandita oferta económica con 70 puntos sobre 100 dos criterios avaliables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas.

e) Este acordo de cooperación horizontal estendeuse ao lote 11 e así UTE INTEGRAL GALAICA, formada polas empresas que competiran no Lote 10 en 2018, presenta a súa oferta económica sen baixa a pesar de puntuar a devandita oferta económica con 70 puntos sobre 100 dos criterios avaliables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas. En 2018 a baixa fora do 3,93%.

f) A presentación das ofertas en UTE por todas estas empresas e aos dous lotes era a garantía de que ningunha delas presentaría unha oferta mais baixa pola súa conta en ningún deses dous lotes (10 e 11), xa que nestes expedientes o PCAP prohibe[144] que un licitador poida subscribir unha proposición individualmente se xa o

144 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 43)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

fixo en unión temporal con outras empresas ou figura en máis dunha unión temporal[145].

g) Como veremos no apartado seguinte, na execución dos servizos neses Lotes nos Expedientes 2020 e 2024 existe unha distribución territorial entre as empresas, como elas mesmas recoñecen[146], de tal maneira que aínda que as catro empresas participan nas UTEs que se presentan aos dous lotes, as empresas que teñen a súa sede no territorio do Lote 10 non prestan ningún servizo no ámbito territorial do Lote 11 e as empresas que teñen a súa sede no territorio do Lote 11 non prestan ningún servizo no ámbito territorial do Lote 10. E mesmo dentro de cada un deses Lotes as empresas que prestan servizos no mesmo distribúense os servizos realizando os que, dentro do territorio dese Lote, son os máis próximos ás súas sedes. Por que unha empresa que non vai prestar servizos no ámbito territorial do Lote 10 se presenta en UTE no Expediente 2020 para ser adxudicataria dese Lote? Por que esa empresa que non prestou ningún servizo no ámbito territorial do Lote 10 volve presentarse en UTE no Expediente 2024 para volver ser adxudicataria dese Lote? E o mesmo podemos preguntarnos respecto do Lote 11. Para que se presentan?

145 Así dispón a Cláusula 6.2.5 do PCAP do Expediente 2024 que "A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas (art. 139.3 LCSP)." Pódese localizar no expediente co seguinte roteiro: Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 43)".

Tamén dispón a Cláusula 6.1.8 do PCAP do Expediente 2020 que "O incumprimento das normas contidas nos dous números anteriores dará lugar á non admisión de todas as ofertas subscritas polo licitador." Pódese localizar no expediente co seguinte roteiro: Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"

146 A empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. declara expresamente nas súas alegacións á PR que "Para a execución do lote 10 esta mercantil reparte a zona coa empresa Pompas Fúnebre de Arosa, S.L. xa que non dispoñemos de base de persoal na zona de Vilagarcía de Arousa, e ter que realizar eses desprazamentos impídenos chegar no tempo de resposta de 45. Ao lote 11, a mercantil Sepelios San Marcos e a mercantil Pompas Fúnebres de Arosa non acoden como regra xeral dado que é unha zona apartada das súas instalacións, á cal só se presta apoio loxístico en momentos puntuais de acumulación de traballo. Acudir á zona de Tui ou A Guarda non permite cumprir o tempo de resposta." (folios 1176 e 1177).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Todo isto será un elemento importante dentro do razoamento que levará a este Pleno para considerar a existencia dun acordo colusorio entre as empresas xa que veremos que non presentarán estas xustificación alternativa e razoable para explicar esa distribución territorial distinta da existencia de tal pacto de non competir que perseguía, entre outros obxectivos, a repartición territorial dos servizos.

É, por tanto, unha evidencia probatoria dunha actuación colusoria o acordo de cooperación para ir unidos en UTE a unha licitación quen presentara ofertas en competencia por esa mesma licitación anos anteriores e sendo idénticas as prestacións que son obxecto desa licitación.

Como se pode ver na **Táboa 15** prodúcese na licitación do Expediente 2020 unha agrupación das empresas que concorreran en competencia no Lote 10 do Expediente 2018 para evitar competir e esténdese ese acordo de cooperación horizontal entre as empresas ao Lote 11. Como consecuencia diso, as baixas ofertadas desapareceron.

Táboa 15: Empresas que compoñían as UTEs que se presentaron ás licitacións dos Lotes 10 e 11 dos Expedientes 2018 e 2020 e baixas.

EXPEDIENTE 2018			**EXPEDIENTE 2020**		
LOTE 10	UTE SUR (baixa media: -29,31%)	A.- P.F.PONTEVEDRA (venda a SP. SAN MARCOS) B.- P.F. AROSA C.- CARRERA NORES	**LOTE 10**	UTE I. GALAICA (baixa media: 0%)	B.- P.F. AROSA C.- CARRERA NORES D.- P.F.ATLÁNTICO E.- SP. SAN MARCOS F.- P.F. SANTA TEGRA
	UTE 2 (baixa media: -26,85%)	D.- P.F.ATLÁNTICO E.- SP. SAN MARCOS F.- P.F. SANTA TEGRA	**LOTE 11**	UTE I. GALAICA (baixa media: 0%)	B.- P.F. AROSA C.- CARRERA NORES D.- P.F.ATLÁNTICO E.- SP. SAN MARCOS F.- P.F. SANTA TEGRA
LOTE 11	UTE 2 (baixa media: -3,93%)	D.-. P.F.ATLÁNTICO E.- SP. SAN MARCOS F.- P.F. SANTA TEGRA			

CUARTO.- Ao examinar a execución dos contratos correspondentes ao Lote 10 e Lote 11 dos procedementos 2020-SEXU 20 a 30-EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM confírmase a existencia do acordo de repartición territorial na prestación do servizo entre as empresas que forman parte das UTEs.

A SUBDIC examinou a execución de dous anos completos dos contratos correspondentes ao Lote 10 e Lote 11 dos procedementos 2020-SEXU 20 a 30/EM (o ano 2022) e do procedemento 2024-SEXU 22 a 32/EM (o ano 2025). Considerou a SUBDIC representativo para analizala tomar o ano central de ambos os expedientes, é dicir, o ano 2022 para o Expediente 2020, e o ano 2025 para o

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Expediente 2024[147]. Á vista da execución dos contratos analizados resulta acreditada unha distribución territorial dos servizos entre as empresas que constituían as UTEs como se proba tanto respecto do ano ano 2022 como respecto do ano 2025 nas follas Excel elaboradas pola SUBDIC[148]. E así se pode probar que:

a) Ano 2022:

- Non consta que se prestou ningún servizo no lote 10 polas mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. nin por POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

- Non consta que se prestou ningún servizo no lote 11 polas mercantís POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. nin por SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

- Acredítase a prestación de 190 servizos no lote 10, onde:

A empresa SEPELIOS SAN MARCOS prestou integramente os seus servizos nos partidos xudiciais de Cangas, Marín e Pontevedra. Así mesmo prestou servizos dentro do Partido xudicial de Cambados no Concello de Sanxenxo e un servizo en Meaño. Prestou servizos dentro do Partido xudicial de Caldas de Reis nos Concellos de Barro, Moraña e Cuntis.

A empresa POMPAS FÚNEBRES DE AROSA executou integramente os servizos correspondentes ao partido xudicial de Vilagarcía de

147 Localízanse co seguinte roteiro: ano 2025 Cartafol "05. Probas > Proba n.º 6 Execución lote 10-11 (2025)" e ano 2022 Cartafol "05. Probas > Proba n.º 5 Execución lote 10-11 (2022)"

148 Localízanse cos seguintes roteiros:

ano 2025 Cartafol "05. Probas > Proba n.º 6 Execución lote 10-11 (2025) > Execución lote 10 e 11 (2025).xlsx"

ano 2022 Cartafol "05. Probas > Proba n.º 5 Execución lote 10-11 (2022) > Execución lote 10 e 11 (2022).xlsx"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Arousa. Así mesmo prestou servizos dentro do Partido xudicial de Cambados nos Concellos do Grove, Meis, Cambados, Ribadumia e un servizo en Meaño. Prestou servizos dentro do Partido xudicial de Caldas de Reis nos Concellos de Valga e Caldas de Reis.

As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. non prestaron nin un só servizo no Lote 10.

- Acredítase a prestación de 362 servizos no lote 11, onde:

A mercantil POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO prestou integramente os seus servizos nos partidos xudiciais do Porriño, Ponteareas, Vigo e Redondela. Prestou servizos dentro do Partido xudicial de Tui no Concello de Tui.

A mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA prestou servizos dentro do Partido xudicial de Tui nos Concellos da Guarda, Tomiño, O Rosal e Oia.

As empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. non prestaron nin un só servizo no Lote 11.

b) Ano 2025

- Non consta que se prestara ningún servizo no lote 10 polas mercantís POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. nin por POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

- Non consta que se prestou ningún servizo no lote 11 polas mercantís POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. nin por SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

- Acredítase a prestación de 220 servizos no lote 10, onde:

A mercantil SEPELIOS SAN MARCOS prestou integramente os seus servizos nos partidos xudiciais de Cangas, Marín e Pontevedra. Así mesmo prestou servizos dentro do Partido xudicial de Cambados no Concello de Sanxenxo. Prestou servizos dentro do Partido xudicial de Caldas de Reis nos Concellos de Campo Lameiro, Moraña e Cuntis.

A mercantil POMPAS FÚNEBRES DE AROSA executou integramente os servizos correspondentes ao partido xudicial de Vilagarcía de Arousa. Así mesmo prestou servizos dentro do Partido xudicial de Cambados nos Concellos do Grove, Meis, Cambados, Ribadumia e un servizo en Meaño. Prestou servizos dentro do Partido xudicial de Caldas de Reis nos Concellos de Valga e Caldas de Reis.

- Acredítase a prestación de 362 servizos no lote 11, onde:

A mercantil POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO prestou integramente os servizos nos partidos xudiciais do Porriño, Ponteareas, Vigo e Redondela. Prestou servizos dentro do Partido xudicial de Tui no Concello de Tui.

A mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA prestou servizos dentro do Partido xudicial de Tui nos Concellos da Guarda, Tomiño, O Rosal e Oia.

Á vista da execución dos contratos neses anos resulta acreditada unha perfecta distribución xeográfica dos servizos entre as empresas segundo os emprazamentos destas, que confirmaría a existencia da repartición territorial entre elas. Así:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

a) POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. prestarían servizos exclusivamente no ámbito territorial do lote 10. Dentro dese lote, como vimos, estas dúas empresas repartíanse o territorio do Lote 10.

b) POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. prestarían servizos exclusivamente no ámbito territorial do lote 11. Dentro dese lote, como vimos, estas dúas empresas repartíanse o territorio do Lote 11.

Non se achegaron por ningunha das empresas explicacións alternativas ás condutas advertidas salvo o manifestado por SEPELIOS SAN MARCOS S.L. no seu escrito de alegacións á PR da SUBDIC.

Neste escrito SEPELIOS SAN MARCOS S.L. realiza un recoñecemento da repartición territorial do servizos entre as empresas ao declarar (folio 1176 e 117) que:

> *"**Para a execución do lote 10 esta mercantil reparte a zona coa empresa Pompas Fúnebre de Arosa, S.L.** xa que non dispoñemos de base de persoal na zona de Vilagarcía de Arousa, e ter que realizar eses desprazamentos impídenos chegar no tempo de resposta de 45".*
>
> ***Ao lote 11, a mercantil Sepelios San Marcos e a mercantil Pompas Fúnebres de Arosa non acoden como regra xeral** dado que é unha zona apartada das súas instalacións, á cal só se presta apoio loxístico en momentos puntuais de acumulación de traballo. Acudir á zona de Tui ou A Guarda non permite cumprir o tempo de resposta"*

Trata de amparar esa repartición territorial na necesidade de cumprir os 45 minutos de presenza o que non é certo xa que como vimos no apartado **5.3.2.1.-**

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

desta Resolución, e nas **Táboas 6 a 13** da mesma, tanto a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA como a UTE INTEGRAL GALAICA incumpren nunha elevada proporción os tempos de presenza inmediata dos 45 minutos.

Non existe, por tanto, explicación alternativa que xustifique a repartición territorial de servizos entre as empresas sendo a única posible a existencia dun acordo colusorio froito da concorrencia en UTE por parte de empresas que tiñan capacidade e solvencia, na forma que determinamos, para concorrer soas ás licitacións dos Lotes 10 e 11.

QUINTO.- As empresas eran conscientes da posibilidade de presentarse ás licitacións e ser adxudicatarias das mesmas como empresas individuais.

Así resulta acreditado nesta Resolución a posibilidade de concorrer como empresa individual á licitación aos Lotes 10 e 11 e mesmo de ser adxudicatario e prestar o servizo. Así no Expediente do ano 2008 (SEXU 03 a 13-EM) o Lote 11 é adxudicado a EMPRESA DE SERVIZOS MORTUORIOS DE VIGO, S.A. O Lote 10 que en principio quedou deserto adxudicouse posteriormente a ALIANZA E BARROS S.A. [149] No Expediente do ano 2011 (SEXU 15 a 25 -EM) o Lote 11 é adxudicado a SERVIZOS FUNERARIOS TANAMAÑÓ, S.L. e o Lote 10 adxudicouse a ALIANZA E BARROS S.A.[150]

Hai que ter en conta que a licitación deste contrato convocada tanto en 2008 como en 2011 o Lote 10 e Lote 11 incluíase nos mesmos partidos xudiciais que nos expedientes 2020 e 2024, polo que esta empresa individual adxudicataria tiña que prestar o mesmo servizo que realizaron a UTE INTEGRAL GALAICA en 2020 e UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA en 2024.

149https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=9503&lang=gl
https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=12468&lang=gl
150 https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=17059&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Non existe por tanto impedimento, limitación ou imposibilidade para que unha empresa individual poda presentarse ao Lote 10 e ao Lote 11 e poida ser adxudicataria e prestar o "servizo de transporte de cadáveres que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA".

Hai que ademais ter en conta, como elemento que facilitou a prestación do servizo, a mellora así como a posta en servizo de novas infraestruturas viarias que conectan a cidade de Pontevedra e Vigo coas localidades deses partidos xudiciais ou no tránsito dentro deses partidos xudiciais cara a estas cidades desde o ano 2008 ata a actualidade.

Esta mellora e posta en servizo de novas infraestruturas viarias implica unha maior facilidade para a prestación dos servizos de transporte de cadáveres e a redución dos tempos de traslados, de tal maneira que se unha empresa individual se presentou e foi adxudicataria do servizo no ano 2008 no Lote 10 así como no Lote 11 mais razón habería para poder presentarse e ser prestadora deses servizos no ano 2020 e no ano 2024. Así hai que citar como exemplos de posta en servizo de novas infraestruturas viarias as seguintes:

a) VG-4.7 Baión (N-640) - Carril (PO-548) (Variante de Vilagarcía de Arousa)

b) AG/AG-57. VAP de Val Miñor AG/AG-57. Construción de novos ramais: Ligazóns de Sabarís, Nigrán e A Ramallosa e Conexión de Puerto de Molle.

c) VG-4.4. Variante de Marín. Treito I: Variante de la PO-546 no termo municipal de Pontevedra entre O Regueiriño e a PO-11

d) AG/AG-41. Autovía alternativa á PO-531 Pontevedra - Vilagarcía. Treito: Ligazón de Curro.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

e) CG-4.2. V. A. C. Tui - A Guarda. Treito III: Ligazón de Goián - Ligazón da Guarda (Pontevedra)

f) AG/AG-41 Desdobramento Morrazo treitos I e II

g) AG/AG-41 Desdobramento Morrazo treito III

De acordo con iso pódese destacar que as condicións para a prestación do contrato melloraron desde o ano 2008, ano en que xa se adxudicaron estes Lote 10 e Lote 11 a empresas individuais.

SEXTO.- As empresas, nos termos que agora veremos, coñecían que cumprían individualmente o requisito de dispoñer de instalacións a menos de 45 km da cabeceira do Lote 10 e 11 tanto no Expediente 2020 como no 2024

De acordo coa información dispoñible[151]: POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. dispón de instalacións a menos de 45 km das cabeceiras dos Lotes 10 e 11; SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispón de instalacións a menos de 45 km das cabeceiras dos Lotes 10 e 11.; POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. dispón de instalacións a menos de 45 km da cabeceira do Lote 10 e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispón de instalacións a menos de 45 km da cabeceira do Lote 11.

SÉTIMO.- De acordo aos PCAP que rexen as contratacións dos expedientes 2020 e 2024[152] **as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. tiveron ao seu alcance, como sinala a SUBDIC, a**

151 Localízanse coa seguinte ruta: Cartafol "05. Probas > Proba n.º 2 Sedes"
152 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.16)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 18 e 19)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

posibilidade de contar con apoios puntuais de terceiros para executar o contrato (de acordo co censo oficial de empresas e establecementos funerarios da Xunta de Galicia consta a existencia de máis de corenta empresas funerarias na provincia de Pontevedra[153]) o que lles permitía dispoñer de alternativas á constitución dunha UTE entre empresas que son competidoras no mesmo mercado e que poderían presentar ofertas individuais á licitación.

Queremos lembrar que non é que sexa posible a subcontratación conforme aos PCAP senón que é evidente que se está realizando. Como proba diso remitímonos á "Pregunta 2" formulada por unha empresa na licitación do expediente 2026-SEXU 06 a 09-EM *"Contratación do servizo de transporte de cadáveres que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) dependente da Administración de Xustiza en Galicia (catro lotes)"* de 11/5/2026 na que ao expor unha empresa unha pregunta sobre como tiña que acreditar traballos que gardasen relación co obxecto do contrato afirman textualmente que:

> "Tamén **realizamos recollidas xudiciais para autopsias no Imelga subcontratados por outra empresa,** pero non chegamos ao 10.000€ IVE incluído anuais de facturación para este servizo"[154] (énfase engadida)

Ademais a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. nas súas alegacións ao PCH recoñece a existencia de subcontratacións por parte da empresa adxudicataria do Lote 10 na licitación convocada en 2008 (folio 496) ao afirmar textualmente que:

> "Tanto para o ano 2008 como para o ano 2011, a licitación do lote 10 foi

153 Cartafol "01. Expediente S 1.2-24 NUM > 75. Alegacións ao PCH_PPFF Atlántico pdf. (7_documento 4 censo funerarias Galicia) (folios 553 e 554).

154 Resposta pregunta 2, *Servizo de transporte de cadáveres que requiran a realización de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA (4 lotes)*. Pódese consultar en: https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=827989&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

adxudicada á mercantil ALIANZA E BARROS, S.L. Esta sociedade foi coñecido no sector, a necesidade que a tivo de subcontratar as recollidas con outras funerarias locais para poder afrontar o contrato, debido á extensión xeográfica do lote adxudicado, correspondente á demarcación de Pontevedra. Nunca máis se volveu a presentar"

Isto acredita que existen empresas que prestan o servizo como subcontratistas de empresas adxudicatarias de lotes.

Como sinala a xa citada sentenza da Audiencia Nacional do 25 de febreiro de 2026[155]

"(...) a constitución dunha unión temporal de empresas presenta indicios dun acordo que ten por obxecto eliminar ou restrinxir a competencia nos seguintes supostos:

(...)

Cando existe posibilidade de concorrer con ofertas menos restritivas da competencia que a formación da unión temporal de empresas."

Existen, por tanto, unha pluralidade de indicios que están plenamente acreditados e que non son, por iso, meras sospeitas, rumores ou conxecturas. Tales indicios, como se recolle na xurisprudencia citada[156], cobran carácter de proba da existencia dunha conduta colusoria das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. que se plasmou nun acordo de cooperación horizontal entre empresas que son competidoras reais no mesmo mercado de produto e xeográfico e que perseguía unha repartición territorial da execución do contrato poñendo fin así a calquera posibilidade de competir entre elas como sucedera no lote 10 da licitación de 2018.

155 Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139

156 Ademais das sentenzas citadas na Resolución as sentenzas do TJUE do 22 de outubro de 2015, asunto C-194/14, e do 10 de novembro de 2017, asunto T- 180/15.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Practicouse toda a proba necesaria para vencer o dereito que teñen as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. á presunción de inocencia que consagra o art. 24.2 da Constitución española.

Identificados esta pluralidade de indicios acreditados da actuación das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. é necesario explicitar o razoamento a través do cal, partindo deses indicios, se chega á convicción da existencia dun feito punible (a infracción do art. 1 da LDC) e a participación no mesmo das devanditas empresas para impedir, restrinxir ou falsear a competencia.

Neste sentido pódese afirmar que:

a) As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. coñecendo que dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas, aos lotes 10 e 11 ou algún deses lotes como se determina nos precedentes, dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024) decidiron acudir en UTEs con outras empresas a esas licitacións.

Esta participación en UTE implicou necesariamente que estas empresas acordasen aspectos tan sensibles como son os prezos e as condicións de prestación do servizo o cal constitúe un acordo que incorre na prohibición de colusión entre empresas.

Que unha empresa que dispón da solvencia, capacidade e medios para concorrer soa a unha licitación o faga en UTE con outras empresas que tamén dispoñen da solvencia, capacidade e medios para concorrer soas a unha licitación e que, por tanto, son competidoras nesa licitación, acredita co resto de indicios a existencia nas empresas dunha vontade de non competir entre elas instrumentando con

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

esa finalidade un acordo de cooperación horizontal como é a UTE.

b) As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.:

- están presentes no mesmo mercado e son competidoras reais no mesmo mercado de referencia.

- trátase de empresas que suministran os mesmos servizos e non diferentes servizos complementarios e non son empresas que formen parte do mesmo grupo empresarial.

- para a prestación do servizo previsto nas licitacións 2020-SEXU 20 a 30-EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM non é preciso achegar nin especiais coñecementos técnicos nin recursos financeiros extra nin activos complementarios aos que xa dispoñen esas empresas que poidan explicar a constitución da UTE.

Non parece xustificado que empresas que son competidoras reais no mesmo mercado e que prestan os mesmos servizos concorran en UTE a unha licitación pública cando para esa licitación o PCAP non esixe nin especiais coñecementos técnicos, nin recursos financeiros nin activos complementarios extra aos que xa dispoñen cada unha delas. Se ademais esas empresas, que deberían de competir entre elas nesa licitación, non dan unha explicación alternativa e razoada da actuación débenos de levar a considerar, co resto de indicios acreditados, a existencia dunha vontade deliberada nelas de coludir para evitar competir entre elas nunha licitación pública e así non ter que rebaixar o prezo da súa oferta e maximizar os seus beneficios.

c) Que é evidente que este acordo de cooperación horizontal en UTE entre as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

resulta, pola súa propia natureza, prexudicial para o bo funcionamento do xogo normal da competencia ao restrinxir o número de ofertas e implica unha perda da tensión competitiva que debe de presidir toda licitación pública danando á administración convocante (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia) xa que para ela significou perder as vantaxes que se derivarían da existencia dunha verdadeira competencia entre os concorrentes a esas licitacións.

d) Non se acreditou que se producira ningún tipo de efecto beneficioso nin para os consumidores nin para a Administración convocante que xustifique a restrición que supón para a competencia a concorrencia en UTEs por parte das empresas investigadas. Non se acreditou que da formación destas UTEs se producisen efectos beneficiosos ou eficiencias para os consumidores que superan amplamente as restricións que á competencia supón a coordinación na presentación das ofertas en UTE.

As razóns alegadas polas empresas para xustificar a necesidade obxectiva da mesma non se acreditou ou non se considerou que existise beneficio algún, o que leva a rexeitar estas explicacións. Tampouco se puideron considerar como razón obxectiva da concorrencia en UTE a redución dos tempos de presenza inmediata para cumprir o tempo esixido nos PPT, cando as UTE INTEGRAL GALAICA E UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA incumpren de forma evidente os tempos máximos de presenza esixidos no PPT.

Tampouco poden considerarse como mellora as vantaxes que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. poidan obter do acordo en UTE, como a de conseguir que a prestación do servizo que cada unha das empresas vaia realizar sexa naqueles partidos xudiciais que fosen máis próximos ás súas centrais, que pode supoñer un aforro e unha maior rendibilidade á empresa pero non á Administración licitadora nin aos

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

consumidores.

A ausencia de eficiencias para os consumidores ou a Administración que superen amplamente as restricións que para a competencia supón a concorrencia en UTE á licitación unido á capacidade tanto de POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. para poder presentarse de maneira individual aos dous ou un dos lotes das licitacións, manifesta que, de acordo cos criterios do "**Test da capacidade"** ou **"test de necesidade ",** faltan os elementos necesarios para poder determinar a licitude das UTE INTEGRAL GALAICA e UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA.

e) Tras a Licitación do Expediente 2018 na que no Lote 10 houbo competencia, prodúcese un acordo entre as empresas para facer desaparecer a tensión competitiva entre elas e iniciar, a partir do Expediente 2020, un comportamento colusorio para eliminar os "riscos" que para as empresas supón presentar ofertas nun mercado libre e competitivo.

Manifestase con esta actuación unha proba evidente do ilícito comportamento que se instrumenta nun acordo de cooperación horizontal destinado a non competir as empresas nese mercado, uníndose todas elas nunha UTE evitando ter que presentar baixas na oferta económica para ser adxudicataria dos lotes para, posteriormente, realizar unha repartición territorial dos servizos entre elas como se acredita da execución dos servizos.

f) A distribución territorial da prestación de servizos na execución deses Lotes 10 e 11 nos Expedientes 2020 e 2024 polas empresas que se realizou de xeito que as empresas que teñen a súa sede no territorio do Lote 10 non prestan ningún servizo no ámbito territorial do Lote 11 e as empresas que teñen a súa sede no territorio do Lote 11 non prestan ningún servizo no ámbito territorial do Lote 10, e mesmo dentro de cada un deses Lotes as empresas que prestan servizos no

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

mesmo distribúen os servizos territorialmente, é elemento importante dentro do razoamento que leva a considerar a existencia dun acordo colusorio entre as empresas que perseguía, entre outros obxectivos, a repartición territorial dos servizos. Non é posible entender a formación das referidas UTEs sen ese ánimo de colidir. Por que unha empresa que non vai prestar servizos no ámbito territorial do Lote 10 se presenta en UTE no Expediente 2020 para ser adxudicataria dese Lote? Por que esa empresa que non prestou ningún servizo no ámbito territorial do Lote 10 volve presentarse en UTE no Expediente 2024 para volver ser adxudicataria dese Lote? E o mesmo podemos preguntarnos respecto do Lote 11. Para que se presentan?

As empresas non puideron mostrar xustificación alternativa e razoable para explicar esa distribución territorial distinta da existencia de tal pacto de non competir.

g) O exame dos expedientes desta mesma licitación desde o ano 2008 acreditan que a necesidade de constituír UTEs para poder concorrer á licitación non é certo. Así:

- presentaron ofertas empresas individuais nas licitacións dos anos 2008 e 2011.

- nas licitacións dos anos 2008 e 2011 as empresa adxudicatarias para a prestación dos lotes 10 e 11 foron empresas individuais, como foi EMPRESA DE SERVICIOS MORTUORIOS DE VIGO, S.A., ALIANZA y BARROS S.A. e SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑÓ, S.L.

Este feito que illado podería non ter unha gran transcendencia, vai unido ao resto de indicios que proban o evidente coñecemento que POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. tiñan da posibilidade de concorrer ás

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

licitacións de maneira individual e en competencia, e que o reiterado uso por elas de acordos de cooperación horizontal en UTE só perseguía como finalidade o evitar competir entre elas nos dous lotes a través dun acordo prohibido.

h) Que como vimos, de acordo aos PCAP as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. terían a posibilidade de contar con apoios puntuais de terceiros para executar o contrato, o que lles permitiría dispoñer de alternativas que non eliminasen a competencia que implica concorrer en UTE cunha empresa competidora, cos graves efectos que esa concorrencia en UTE implicaba para a competencia nese mercado.

A pesar diso, utilizaron o instrumento más restritivo para a competencia que supuxo reducir e eliminar a competencia ata en 4 lotes de 2 licitacións consecutivas, o que non pode xustificarse de ningunha maneira máis que entendendo que con iso as empresas tiñan a vontade de non competir para garantirse a adxudicación ao maior prezo posible.

i) A concorrencia en UTE de POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. que, nos termos que vimos, son empresas competidoras reais no mercado de referencia, supoñía asegurarse reciprocamente que as outras non presentarían unha oferta individual aos Lotes 10 e 11 xa que de acordo co PCAP[157] o empresario que presentase oferta en UTE con outros empresarios non podería, á súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha UTE participante na licitación, e que no suposto en que houbese lotes, esta prohibición tamén era de aplicación en relación con cada lote da licitación.

Esta presentación dunha oferta en UTE polas empresas POMPAS FÚNEBRES DEL

157 Contido nos PCAP localizados no expediente cos seguintes roteiros:
Ano 2020: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf (páx.39)"
Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte contratación.2024 > 01. PCAP.pdf (páx. 43)"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. aos lotes 10 e 11 garantía a POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., e a POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. que no territorio onde prestan os seus servizos (e prestaríanos tras a repartición xeográfica do territorio) que son os partidos xudiciais do Lote 11, non presentaría unha oferta individual a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. que tiña capacidade e solvencia para presentarse por si soa ao devandito lote.

Tamén garantiría a POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e a SEPELIOS SAN MARCOS S.L. que no territorio onde prestan os seus servizos (e prestaríanos tras a repartición xeográfica do territorio) que son os partidos xudiciais do Lote 10, non presentaría unha oferta individual a empresa POMPAS FÚNEBRES DEl ATLÁNTICO S.A. que tiña capacidade e solvencia para presentarse por si soa ao devandito lote.

j) Esa actuación concertada entre as empresas non foi inocua xa que resultarían adxudicatarias en UTE no Expediente 2024 dos lotes 10 e 11 cunha oferta nos catro servizos licitados ao prezo máximo unitario de licitación.

É evidente que esta actuación, que supoñía para as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. maximizar os seus beneficios, causou un dano á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta, convocante das licitacións, xa que tería que adxudicar o contrato ao prezo máximo previsto na licitación facendo desaparecer os beneficios que a concorrencia competitiva reportaría á Administración (menor prezo de adxudicación e melloras do servizo) como consecuencia da actuación ilícita das empresas.

O funcionamento competitivo do mercado esixe que cada operador decida de maneira autónoma o seu comportamento e adopte as súas decisións de maneira

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

independente, e isto implica que calquera toma de contacto directa ou indirecta entre competidores (como neste caso a través das UTEs) que teña por obxecto ou efecto influír no comportamento no mercado dun competidor actual sería ilícito.

Ningunha das empresas presentou unha xustificación razoable nin achegou argumentos serios que expliquen o porque concorreron en UTEs ás licitacións cando dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para poder licitar por si soas e non se acredita que a concorrencia en UTE proporcionara eficiencias ou beneficios para a entidade adxudicadora e para os consumidores finais que superasen amplamente as restricións da competencia.

Non existe tampouco xustificación algunha acreditada da que poida derivarse unha lóxica no comportamento das empresas que non sexa outra que a existencia entre elas dun acordo colusorio para concorrer en UTE aos procedementos 2020-SEXU 20 a 30/EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM convocados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes coa **finalidade de alterar o xogo competitivo desas licitacións públicas co obxectivo de non competir entre elas, maximizar os prezos para percibir, repartirse territorialmente os servizos e todo iso cun incremento de custo para a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.**

6.4.3.- CONCLUSIÓNS

De todo o visto e analizado nos puntos anteriores pódese concluír que:

a) Existe unha ampla, numerosa e extensa cantidade de indicios acreditados que aparecen descritos no apartado **6.4.2. ANÁLISE DA CONDUTA DAS EMPRESAS DENUNCIADAS**;

b) Que a participación neses indicios das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. é evidente;

c) Que a ligazón entre eses indicios e a infracción é precisa e directa segundo as regras do criterio humano;

d) Que se acredita a existencia dun nexo causal entre os feitos executados polas empresas e a infracción;

A pluralidade de probas e indicios recolleitos nos puntos anteriores é tan ampla e consistente; a participación das empresas denunciadas é tan evidente; a ligazón precisa e directa entre eses indicios e a infracción segundo as regras do criterio humano é tan claro; a existencia dun nexo causal entre os feitos executados polas empresas e a infracción foi tan acreditado que, a conclusión razoada á que se debe de chegar é que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. servíronse das UTE INTEGRAL GALAICA e a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA para evitar competir na presentación de ofertas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos 2020-SEXU 20 a 30/EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM.

As referidas UTEs non só non cumprían o "test de legalidade" preciso para garantir a compatibilidade das mesmas co dereito da competencia, senón que a presentación das ofertas coordinadas en UTE perseguían como obxectivo o maximizar os prezos, presentando oferta nos catro servizos licitados o prezo máximo unitario de licitación así como repartirse territorialmente os servizos entre as empresas que formaban parte das UTEs. Acredítase na Resolución unha evidente concertación de vontades entre POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. que deixa fóra de calquera dúbida razoable, superando o estándar máis esixente que se aplique respecto da necesaria salvagarda do "Principio de presunción de inocencia", que as empresas investigadas levaron a cabo unha práctica prohibida polo artigo 1 LDC que sinala como tal *"(...) todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional"

É certo que o "test de legalidade" se infrinxe polas empresas xa que tiñan capacidade para presentarse, de acordo co explicado nesta Resolución, ás licitacións separadamente e, tamén, porque non se acreditou que as UTEs proporcionasen eficiencias ou beneficios de ningún tipo nin para a entidade adxudicadora nin para os consumidores finais, eficiencias que superasen amplamente as restricións que para a competencia implica a concorrencia en UTE de empresas competidoras reais no mesmo mercado de referencia.

A falta de explicación razoada polas empresas investigadas da súa actuación coordinada no tránsito do Expediente 2018 ao Expediente 2020 no que se agrupan quen antes competían e prestaban o servizo, non permite outra valoración desa coordinación que a mesma tiña por obxecto non competir entre as empresas nesa licitación coa finalidade de elevar os prezos e repartirse territorialmente os servizos, obxectivos ambos que conseguiron. Isto constitúe unha proba manifesta da actuación colusoria das empresas investigadas.

A execución dos contratos adxudicados ás UTEs acreditan que esa repartición territorial foi efectiva entre as empresas, polo que ese ánimo de non competir entre elas mediante un acordo de cooperación horizontal en UTE, constituía a regra prevista de actuación que as empresas executaron, e que consistiu en:

a) non competir entre elas nas licitacións do Lote 10 e Lote 11.

b) para despois repartirse os servizos territorialmente, recibindo cada unha das empresas os que estivesen máis próximos á súa sede central.

As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. son competidores reais, desenvolven a súa actividade no mesmo mercado de referencia, é

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

dicir, nos mesmos mercados de produto e xeográfico e, de acordo coas probas practicadas e recollidas nesta Resolución, realizaron acordos de cooperación horizontal que perseguían como finalidade restrinxir e falsear a competencia no Lote 10 e o Lote 11 dos procedementos 2020-SEXU 20 a 30/EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM.

Ao producirse a infracción do art. 1 da LDC no marco dun procedemento de licitación pública, o que se pretendía era afectar ao seu desenvolvemento o que nos reconduce á figura do "cártel" xa referida con anterioridade e definida na propia LDC. A infracción de cártel é un dos supostos das chamadas infraccións "por obxecto" ou "*per se*". Sinala a doutrina que *"Loxicamente, as UTEs formadas para suprimir a competencia entre os seus membros en relación co contrato público de que se trate, constitúen un acordo restritivo da competencia polo seu obxecto. Son un cartel de repartición de mercado (os membros da UTE repártense os beneficios que obteñan de eliminar a competencia entre elas en relación co concurso)"*[158]

Na súa PR a SUBDIC afirma, e este Pleno manifesta a súa conformidade, que:

> *"As restricións por obxecto son determinadas formas de coordinación entre empresas que poden considerarse, pola súa propia natureza, prexudiciais para o bo funcionamento do xogo normal da competencia*[159]*. En efecto, son formas de coordinación que revelan un grao de nocividade para a competencia suficiente para que poida considerarse innecesario o exame dos seus efectos*[160]*.*
>
> *A xurisprudencia dos tribunais da Unión Europea afirma que o termo "obxecto" se refire á finalidade, a intención ou o obxectivo da coordinación das empresas en*

158 ALFARO AGUILA-REAL, J.; "UTEs e Dereit da Competencia", derechomercantilespana.blogspot.com, https://derechomercantilespana.blogspot.com/2020/05/utes-y-derecho-de-la-competencia.html

159 Sentenza do TJUE do 11 de setembro de 2014, no asunto C-67/13 P, Groupement deas Cartes Bancaires, aptdo. 50 e sentenza do TJUE 20 de xaneiro de 2016, no asunto C-373/14 P, Toshiba Corporation, aptdo. 26. Ver tamén a sentenza da Audiencia Nacional do 1 de decembro de 2009, rec. núm. 491/2007 e a xurisprudencia aí citada.

160 Sentenza do TJUE do 22 de abril de 2020, asunto C-228/18, aptdos. 35-37. e xurisprudencia citada.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

cuestión[161]*. Deste xeito, cando un acordo* ***ten por obxecto*** *impedir, restrinxir ou falsear a competencia, non se require ás autoridades de competencia que proben que tivo ou pode ter efectos anticompetitivos para determinar a existencia dunha infracción*[162]*.*

Para constatar este grao de nocividade, os Tribunais da Unión Europea sinalaron a necesidade de analizar o contido da coordinación, os seus obxectivos e o contexto económico e xurídico do que forma parte[163]*.*

Debe sinalarse que para que un acordo sexa cualificado como restritivo polo seu obxecto non é preciso que fose aplicado ou implementado con éxito[164]*. Tampouco o é que estea expresamente incluído no articulado do artigo 1 da LDC ou do 101 do TFUE*[165]*. Non resulta necesario que exista un precedente análogo respecto á cualificación dos feitos do caso en cuestión.*

Os acordos descritos na presente PR entran con nitidez na definición exposta polo que debe concluírse que nos atopamos ante un acordo que constitúe unha

161 Sentenza do TJUE do 13 de xullo de 1966, no asunto C-56/64, Consten & Grundig, p. 429 da versión española ["...que o acordo que, desta forma, tende a illar o mercado francés dos produtos Grundig (...), pode falsear a competencia no seo do mercado común"]; e sentenza do TJUE do 20 de novembro de 2008, no asunto C-209/07, Beef Industry Development Society, aptdos. 32 a 36.

162 Sentenza do TJUE do 4 de xuño de 2009, asunto C-8/08, T-Mobile Netherlands BV, aptdos. 28-30. E sentenza da Audiencia Nacional do 29 de setembro de 2017, rec. 17/2015, en relación co asunto Recollida de Papel, que afirma: "(...) prácticas restritivas polo seu obxecto, no sentido das Directrices da Comisión antes citadas (apartado 24), que entende por restricións da competencia polo seu obxecto aquelas que, pola súa propia natureza, posúen o potencial de restrinxir a competencia, a teor do artigo 101.1 TFUE, coa consecuencia de que cando se demostrou que un acordo ten un obxecto contrario á competencia, non é necesario examinar os seus efectos reais ou potenciais no mercado."

163 Sentenza do TJUE do 22 de abril de 2020, asunto C-228/18, aptdo. 51 e xurisprudencia citada.

164 Ver as sentenzas do TJUE do 1 de febreiro de 1978, no asunto C-19/77, Miller International, aptdo. 7; do 11 de xaneiro de 1990, no asunto C- 277/87, Sandoz Prodotti Farmaceutici Spa, aptdo. 3 do resumo; do 6 de abril de 2006, no asunto C-551/03 P, General Motors, aptdos. 37, 61, 62 e 67 a 70; e do 11 de xullo de 1989, no asunto C- 246/86, Belasco, aptdo. 15.

165 Sentenza do TJUE do 20 de novembro de 2008, no asunto C-209/07, Beef Industry Development Society, aptdo. 23. Ver a sentenza do TJUE do 14 de marzo de 2013, no asunto C-32/11, Allianz Hungária Biztosító Zrt; a sentenza do TJUE do 20 de novembro de 2008, no asunto C-209/07, Beef Industry Development Society; e a sentenza do TGUE do 8 de setembro de 2016, asunto T-472/13, H. Lundbeck A/S c. Comision Europea, que tiña por obxecto restricións que non necesariamente foran consideradas previamente restritivas por obxecto.

infracción por obxecto, esta afirmación fundaméntase en:

> *O contexto no que se inscribe o acordo é de estabilidade nas prestacións obxecto do contrato, que se manteñen inalteradas desde o 4 de abril de 2008, data da primeira licitación convocada da que se ten referencia o que reduciu a presión competitiva existente entre os operadores dada a ausencia de incerteza.*
>
> *A posición das mercantís que constituíron as UTES no mercado de referencia, no que POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A.,* SEPELIOS *SAN MARCOS S.L., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., son o segundo, terceiro e cuarto operador no mercado de referencia e dispoñen da capacidade e solvencias cualificadas necesarias para presentar oferta en solitario aos lotes 10 e 11.*
>
> *Así mesmo, as mercantil POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. ocupa a décimo terceira posición de operador no mercado de referencia e dispoñería dos devanditos requisitos para concorrer por si soa ao lote 11.*
>
> *A estrutura e as condicións reais de funcionamento do mercado no que se circunscriben os dous lotes, resultaron favorecidos pola dispoñibilidade individual das garantías necesarias para a execución dos lotes do contrato[166], polo que ao non existir necesidade de efectuar investimentos relevantes por parte dos operadores para executar os respectivos lotes aos que se presentaron conxuntamente ditas mercantís non se atopaban expostas a riscos financeiros nin a dificultades que lles impedisen licitar en solitario."*

Pero tamén se acreditou neste expediente sancionador que a actuación das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. causou un dano á Consellería

166 As mercantís dispoñen de sala de autopsias en radio inferior a 45 km das cabeceiras do IMELGA no lote 1.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta na medida que, ao desaparecer a tensión competitiva propia dunha licitación pública, tIvo que adxudicar o contrato ao prezo máximo previsto na licitación, facendo desaparecer os beneficios que a concorrencia competitiva achega á Administración como son o menor prezo de adxudicación e as melloras na prestación do servizo. Por iso este Pleno ratifica o manifestado pola SUBDIC na súa PR cando afirma que:

> *"Aínda que, como se sinala, non resulta necesario acreditar **efectos** da conduta sobre o mercado, dada a súa nocividade intrínseca, convén indicar que unha conduta da índole descrita neste expediente produce automaticamente un falseamento significativo da competencia no mercado afectado, que beneficia exclusivamente ás empresas participantes no acordo ao darlles unha vantaxe competitiva respecto ao resto de competidores reais ou potenciais.*
>
> *Estas prácticas resultan claramente prexudiciais para a entidade convocante das licitacións -neste caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes- que viu reducido o número de ofertas recibidas. Ademais tal prexuízo redunda moi negativamente nos contribuíntes que recibirán por culpa do acordo uns servizos aos que deberá dedicarse maior cantidade de diñeiro público do necesario.*
>
> *En efecto, os acordos das UTES INTEGRAL GALAICA para licitar conxuntamente aos lotes 10 e 11 dos Expedientes 2020 e 2024 proporcionaron ao órgano de contratación prezos menos competitivos que os correspondentes ao Expediente 2018 no que existiu presión competitiva e sen que a evolución dos prezos no período, por si soa, impida evidenciar que os acordos subscritos tiveran efecto nos devanditos prezos."*

A CNMC na súa Resolución do 9 de setembro de 2020[167] en relación coas restricións da competencia por obxecto e a súa proba sinala que:

167 Resolución CNMC do 9 de setembro de 2020 ditada no Expte. Sanav/02/19 Transporte escolar de viaxeiros Navarra.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

"(...) cando un acordo ten por obxecto impedir, restrinxir ou falsear a competencia, non se require ás autoridades de competencia que proben que tivo ou pode ter efectos anticompetitivos para determinar a existencia dunha infracción, con todo, tal e como sinala a máis recente xurisprudencia do TJUE

> *"o feito de que unha constatación da existencia dunha restrición da competencia «polo obxecto» exima á autoridade ou ao órgano xurisdicional competente da necesidade de examinar os seus efectos non implica en absoluto que esta autoridade ou órgano xurisdicional non poida proceder a tal exame cando o estime oportuno".*

As restricións por obxecto son determinadas formas de coordinación entre empresas que poden considerarse, pola súa propia natureza, prexudiciais para o bo funcionamento do xogo normal da competencia. En efecto, son formas de coordinación que revelan un grao de nocividade para a competencia suficiente para que poda considerarse innecesario o exame dos seus efectos. Para constatar este grao de nocividade, os Tribunais da Unión Europea sinalaron a necesidade de analizar o contido da coordinación, os seus obxectivos e o contexto económico e xurídico do que forma parte."

O TS na sentenza do 13 de xuño de 2024[168] en relación coas infraccións por obxecto declara que:

> *"Non podemos perder de vista que, entre as modalidades de infracción que establecen os preceptos legais que transcribimos, achámonos ante unha infracción polo obxecto, na cal a acción ten lugar mediante a mera concertación das empresas para evitar a competencia, acto que, pola súa natureza, é antecedente a que a produción de efectos materialmente apreciables no mercado."*

Tamén a Xurisprudencia da Unión Europea considera que, cando se probou o obxecto

168 STS do 13 de xuño de 2024 ECLI: ES: TS:2024:3223

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

contrario á competencia dos comportamentos reprochados, non é esixible a proba de efectos reais contrarios á mesma. Neste sentido a sentencia do Tribunal Xeral do 20 de xaneiro de 2016[169] afirma que:

> *"26.- En canto á cualificación dunha práctica como restrición polo obxecto, da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza resulta que algúns tipos de coordinación entre empresas revelan un grao de nocividade para a competencia suficiente para que poida considerarse innecesario o exame dos seus efectos (sentenza ING Pensii, C-172/14, EU: C:2015:484, apartado 31). Esa xurisprudencia atende á circunstancia de que determinadas formas de coordinación entre empresas poden considerarse, pola súa propia natureza, prexudiciais para o bo funcionamento do xogo normal da competencia (sentencia CB/Comisión, C67/13 P, EU: C:2014:2204, apartado 50)."*

En conclusión, e como quedou acreditado neste expediente, os acordos entre as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. tiñan por obxecto eliminar a competencia non competindo entre elas polo Lote 10 e Lote 11 para elevar o prezo dos servizos ao tipo máximo e despois repartirse entre elas os servizos territorialmente, recibindo cada unha das empresas os que estivesen máis próximos á súa sede central. Desta maneira, eliminouse a aplicación da competencia efectiva en prexuízo do órgano convocante das licitacións, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o cal prexudica en última instancia aos mesmos contribuíntes e ao interese xeral.

Por todo o anterior debe derivarse que as condutas descritas deben ser tipificadas como unha infracción do art. 1 da LDC, constitutiva dun cártel, polo que determinadas empresas (POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.) levaron a cabo un plan común secreto por medio do cal pretendían repartirse o mercado do Lote 10 e o

169 Sentenza do Tribunal Xeral (Sala Segunda) do 20 de xaneiro de 20161 asunto C-373/14 P Toshiba/Comisión.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Lote 11 nos Expedientes 2020 e 2024 convocados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, obtendo a súa adxudicación, sen competencia, dese lote en ambas as licitacións.

6.5.- CULPABILIDADE

Conforme aos principios que rexen o Dereito administrativo sancionador, a imposición da sanción esixe que a conduta típica e antixurídica sexa imputable, polo menos a título de culpa. Por iso, o art. 63 da LDC condiciona o exercicio da potestade sancionadora por parte da autoridade de competencia á concorrencia no suxeito infractor de dolo ou neglixencia na realización da conduta imputada e esixe que as empresas e os seus representantes legais sexan autores, de forma neglixente ou deliberada, das condutas previstas na LDC.

Neste caso era necesario esixir ás empresas unha actuación dilixente non concorrendo en UTE cando coñecían que dispoñían das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soas aos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024) de acordo co previsto nos PCAP. Era esixible ás empresas o cumprimento da normativa de defensa da competencia e era esixible que non executasen de maneira consciente e deliberada unha actuación que perseguía coordinar a presentación da oferta por medio dunha UTE cando podían presentar unha oferta individual e manter a tensión competitiva nesa licitación pública, cando, ademais, a formación desa UTE non achegaba ningunha eficiencia nin beneficio nin para a administración licitante nin para os consumidores. Iso pon de manifesto unha actuación dolosa ou neglixente por parte das empresas ás que se lles incoou este expediente sancionador.

Examinados os antecedentes e os Fundamentos de dereito pódese afirmar que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. levaron a cabo un plan común secreto por medio do cal pretendían repartirse o mercado do lote 10 e Lote

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

11 nos Expedientes 2020 e 2024 convocados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, obtendo a súa adxudicación, sen competencia, dese lote en ambas as licitacións, polo que son responsables pola súa participación nunha infracción única e continuada do art. 1 da LDC consistente nun acordo que produciu o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia nunha licitación pública, polo que a infracción se debe de cualificar como moi grave de acordo co art. 62. 4. a) da LDC.

7.- RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Como se sinalou nos antecedentes, formuláronse alegacións por parte das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. á Proposta de Resolución elaborada pola SUBDIC e notificada ás partes. As alegacións relacionadas coa sanción examinaranse no apartado relativo á mesma. Non se presentaron alegacións á prohibición de contratar.

As alegacións presentadas por POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. son practicamente idénticas, polo que se examinarán de xeito conxunto para evitar estender o texto desta Resolución.

7.1.- ALEGACIÓNS DE POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

Agrupan as súas alegacións en catro bloques.

Bloque primeiro.- Alegan nulidade radical da PR e do procedemento administrativo da que a mesma xorde porque o órgano instrutor é o mesmo que incoou o procedemento, porque non se lles deu vista de todo o expediente pois afirman que existen varias ligazóns que non permiten o acceso ao seu contido e que presentaran, a través da UTE INTEGRAL GALAICA alegacións á declaración de confidencialidade da SUBDIC do 23 de marzo de 2026.

a) Sobre o procedemento de instrución dos expedientes sancionadores en materia de competencia sinala a sentenza do TSXG do 16 de maio de 2024 (PO 7172/2023) que:

> *"Realizada esta advertencia, ten que volverse ao que se indicou no terceiro*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

fundamento de dereito, a propósito de que os artigos 45 e 70.1 da LDC deixan claro que o procedemento para impoñer sancións pola comisión de infraccións relacionadas cos seus artigos 1 e 3 (o que era o caso), haberán de seguir os trámites contemplados nesa lei especial e non na do procedemento administrativo sancionador común."

A Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia dispón no Título V "Réxime sancionador" no seu art. 70 relativo á normativa aplicable e órganos competentes. Que:

"1. Fóra das infraccións previstas no artigo 62 correspondentes aos artigos 1, 2 e 3, o procedemento para a imposición das sancións previstas neste Título rexerase polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na súa normativa de desenvolvemento.

2. A Dirección de Competencia será o órgano competente para a iniciación e instrución do procedemento sancionador e o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para a resolución do mesmo."

A citada LDC na súa Disposición adicional oitava dispón que:

"As referencias contidas nesta Lei á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección relativas a funcións, potestades administrativas e procedementos, entenderanse tamén realizadas aos órganos de instrución e resolución correspondentes das Comunidades Autónomas con competencia na materia cando as mesmas se refiran ás competencias correspondentes previstas no artigo 13 desta Lei."

Conforme a iso a Dirección de competencia (no caso da CGC, a SUBDIC) é o órgano competente para a iniciación e instrución do procedemento sancionador do art. 1 da LDC, o que, como aparece nos antecedentes desta Resolución e na documentación deste expediente, se produciu neste Expediente: S 1.2/2024 Servizo de transporte de

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra. Rexéitase por iso esta alegación.

b) En relación coa alegación de que non se lles deu vista de todo o expediente, pois afirman que existen varias ligazóns que non permiten o acceso ao seu contido, vimos no apartado **5.4.-** desta Resolución **"CUESTIÓN PREVIA: PLENITUDE E INTEGRIDADE DO EXPEDIENTE S 1.2/2024 SERVIZO DE TRANSPORTE DE CADÁVERES NAS ÁREAS TERRITORIAIS DE VIGO E PONTEVEDRA"** que se acredita a incorporación polo Órgano instrutor do Expediente S 1.2/2024 de toda a documentación recibida da Administración a través desas ligazóns de descarga que forman parte do Expediente S 1.2/2024 e a posibilidade de acceso e consulta da mesma (salvo a incorporada á peza separada de confidencialidade) polas empresas investigadas.

Nese apartado sinalamos que o *iter* da incorporación da documentación ao Expediente é a seguinte:

> a) a Consellería envía nunha ligazón de descarga a documentación solicitada pola SUBDIC, xa forme parte esa documentación do Expediente S 1.2/2024 ou doutros expedientes sancionadores que tramita a SUBDIC.
>
> b) o órgano instrutor, descarga esa documentación e, a que forma parte do Expediente S 1.2/2024, incorporaa ao mesmo ou é declarada confidencial polo seu contido incorporándose entón ao expediente S 1.2/2024 pero dentro da peza separada de confidencialidade.

Por iso, indicamos que non se pode identificar a falta de acceso a unhas ligazóns de descarga de carácter temporal coa falta de acceso á documentación incorporada que se remitiu ao órgano instrutor e que forman parte deste Expediente S 1.2/2024. Tampouco é posible considerar que a non incorporación de documentación que non forma parte do Expediente S 1.2/2024 se poida cualificar como falta de acceso a documentación do Expediente S 1.2/2024. Rexéitase, de acordo co exposto no apartado **5.4.-** esta alegación.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

c) En relación coa declaración de que presentaran, a través da UTE INTEGRAL GALAICA, alegacións á declaración de confidencialidade da SUBDIC do 23 de marzo de 2026, hai que aclarar que a UTE INTEGRAL GALAICA, que non é parte no Expediente sancionador S 1.2/2024 nin interesado nin solicitara tal condición, solicitou que se revocase a declaración de confidencialidade acordada pola SUBDIC con data 12 de marzo de 2026 e ese escrito foi inadmitido polo Pleno con data 20 de maio de 2026 por falta de lexitimación activa. As empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L., que son parte no Expediente sancionador S 1.2/2024 e ás que se lles notificou o referido Acordo de confidencialidade (folios 886 a 897) non presentaron recurso ningún (art. 47 LDC) contra o devandito acordo. Non é certo, por tanto, que POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L., presentasen recurso algún fronte ao devandito Acordo.

En canto á confidencialidade declarada pola SUBDIC no Acordo do 23 de marzo de 2026 e sobre a que as empresas alegan que "*(...) provoca que esta parte non poida exercitar o seu dereito de defensa e de tutela xudicial efectiva ao impedirse o acceso a documentación básica para a resolución deste expediente*" remitímonos ao xa indicado no **apartado 5.5.** desta Resolución "**5.5.- CUESTIÓN PREVIA: DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE DA DOCUMENTACIÓN INCORPORADA Á PEZA SEPARADA DE CONFIDENCIALIDADE".**

Neste apartado analízase esta cuestión que foi obxecto de Actuacións complementarias (art. 51.1 LDC) aprobadas polo Pleno da CGC do 5 de xuño de 2026. Así se indica que no Informe da SUBDIC con data do 7 de xullo de 2026 remitido ao Pleno e do cal se deu traslado ás empresas investigadas para presentar alegacións no prazo de 10 días (artigo 36.3 RDC), explícanse as razóns da declaración de confidencialidade contida no Acordo do 12 de marzo de 2026:

a) En primeiro lugar a SUBDIC afirma que os documentos confidenciais que obran no expediente e aos cales non se lles permitiu o acceso ás investigadas foron

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

achegados polas mercantís investigadas e non son, por tanto, documentos elaborados pola Administración.

b) En segundo lugar sinala a SUBDIC que as empresas son competidoras reais no mesmo mercado de referencia, polo que estima que debe de gardar confidencialidade da información sensible aportada polas devanditas empresas.

c) En terceiro lugar, indica a SUBDIC que as propias mercantís investigadas solicitaron á SUBDIC a declaración de confidencialidade da información achegada relativa á facturación interna das mercantís e a UTE, a cifra de negocio, as escrituras e os acordos societarios.

d) En cuarto lugar realiza a SUBDIC unha identificación dos documentos incluídos no Acordo de Confidencialidade do 12 de febreiro de 2026, e explica en cada un deles as razóns que xustificaron a mesma, dividindo os documentos en tres bloques:

- documentos das respostas remitidas polo Órgano de Contratación e outros entes públicos,

- documentos contidos nas respostas das mercantís investigadas e

- documentos cuxa confidencialidade foi solicitada polas mercantís investigadas.

Nese apartado concluímos que o Informe da SUBDIC do 7 de xullo de 2026 acredita as razóns que xustificaron a declaración de confidencialidade da devandita documentación realizada de acordo co previsto no art. 42 da LDC, polo que procede rexeitar esta alegación.

Bloque segundo.- Alega que non existe evidencia que probe que houbo unha práctica concertada para limitar a competencia e que se xustificou a necesidade de concorrer por medio da UTE. Tamén que a licitación se adxudicou a favor da UTE e que segue

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

prestando o servizo.

No apartado **6.4.2.** desta Resolución "**6.4.2. ANÁLISE DA CONDUTA DAS EMPRESAS DENUNCIADAS"** indícanse a pluralidade de indicios que están plenamente acreditados que cobran carácter de proba da existencia dunha conduta colusoria das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. e que se plasmou nun acordo de cooperación horizontal entre empresas que son competidoras reais no mesmo mercado de produto e xeográfico e que perseguía unha repartición territorial da execución do contrato poñendo fin así a calquera posibilidade de competir entre elas.

No apartado **5.3.2.-** desta Resolución "**5.3.2.- SE DA FORMACIÓN DAS UTES SE PRODUCIRON EFECTOS BENEFICIOSOS OU EFICIENCIAS PARA OS CONSUMIDORES QUE SUPERAN AMPLAMENTE AS RESTRICIÓNS QUE Á COMPETENCIA SUPÓN A COORDINACIÓN NA PRESENTACIÓN DAS OFERTAS"** analízanse de maneira extensa as razóns alegadas polas empresas no seu escrito do 5 de xullo de 2024 para concorrer en UTE ao lote 10 e Lote 11 ante o órgano de contratación (apartado 5.3.2.1.), así como as alegacións que polo mesmo motivo presentaron as empresas investigadas ao PCH (apartado 5.3.2.2.) e, por último, calquera tipo de eficiencias nas ofertas da UTE INTEGRAL GALAICA e a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA que poidan xustificar a restrición que para a competencia supuxo a concorrencia en UTE das empresas (apartado 5.3.2.3.) e considerouse que non se podía acreditar que a UTE INTEGRAL GALAICA en 2020 nin a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA en 2024 proporcionasen coa claridade necesaria, melloras que permitan apreciar a existencia das condicións positivas relativas á mellora da eficiencia, así como que tampouco o órgano de contratación participase no beneficio resultante dos insumos produto dos consorcios á vista das ofertas presentadas de acordo aos criterios de adxudicación estipulados nos PCAP.

Por iso concluíuse que no Expediente S 1.2/2024 non se podía apreciar polo Pleno, nin as empresas investigadas achegaran proba algunha que o acreditase, que o acordo de

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

consorcio en UTE entre as empresas que tiñan capacidade para concorrer por si soas aos procedemento de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM xerasen eficiencias que xustificasen a restrición que supón para a competencia esta licitación conxunta, polo que procede rexeitar esta alegación.

Bloque terceiro.- Afirman que *"a prestación do servizo e por tanto o acordo subscrito de constitución da UTE produce efectos favorables á administración e á competencia"*.

Reitérase o sinalado sobre este tema no Bloque segundo.

Bloque cuarto.- Alegan que non teñen *"capacidade loxística e solvencia técnica, económica e financeira para acometer a contratación e servizo por si soa"* e rexeitan a posibilidade de subcontratación na medida que *"(...) poderíase vulnerar dunha forma máis clara a competencia, fixando prezos irrisorios para os subcontratados. En todo caso, a propia administración puido establecer outro tipo de lotes; pois se sinala que se pode subcontratar iso daría lugar a que non se poida prestar o servizo coa urxencia e inmediatez requirida nos pregos (45 minutos desde a comunicación); como xa se probou."*

Como vimos no contido desta Resolución (apartado **5.3.1.- CAPACIDADE DAS EMPRESAS PARA PRESENTARSE Á LICITACIÓN SEPARADAMENTE**) acredítase que as empresas que presentan esta alegación POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024); que POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024) e que POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024). Por iso rexéitase esta alegación.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Tamén indicamos e acreditamos que non existen evidencias de que as UTES constituídas implicasen a combinación de especiais coñecementos técnicos ou a achega de activos complementarios o que, de acordo ás Directrices sobre a aplicabilidade do artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea aos acordos de cooperación horizontal[170], limita as probabilidades de xerar melloras de eficiencia que beneficien aos consumidores[171]. Sobre a posibilidade da subcontratación remitímonos ao indicado no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución.

7.2.- ALEGACIÓNS DE SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

Agrupan as súas alegacións en dez bloques.

Bloque primeiro.- Falta de motivación da resolución, a conduta imputada é levada a cabo en dúas UTES distintas e en dous expedientes distintos, o que implica unha arbitrariedade manifesta do acto administrativo. Afirma que se trata de dous expedientes distintos, formados por empresas distintas.

Como sinala a SUBDIC na súa PR apréciase a existencia no comportamento das empresas investigadas (POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.) dunha infracción única e continuada que se manifesta desde o ano 2020 (ano da adxudicación do Expediente 2020) ata a data de hoxe. O que se sanciona neste expediente é a actuación destas empresas que podendo concorrer de forma individual aos lotes das licitacións dos Expedientes 2020 e 2024 acordaron concorrer conxuntamente en UTE o que supuxo eliminar para elas o risco de competir, o que falseou o xogo do mercado nesta licitación pública, facendo desaparecer a tensión competitiva entra as empresas e os beneficios que a concorrencia competitiva reportaría á Administración (menor prezo de adxudicación e melloras do servizo). As UTEs foron os instrumentos para lograr eses acordo de cooperación horizontal pero

170 DOUE do 21 de xullo de 2023.

171 Apartado 38 "Os acordos de cooperación horizontal que non implican a combinación de coñecementos técnicos ou activos complementarios teñen menos probabilidades de xerar melloras de eficiencia que beneficien aos consumidores."

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

non son os operadores investigados.

Bloque segundo.- Considera que a caracterización do mercado de produto e xeográfico realizado pola SUBDIC na PR é incorrecta. Considera que estamos ante un produto a medida realizado baixo a petición do IMELGA polo que o mercado de produto sería en todo caso o servizo de recollida xudicial cos requisitos marcados nos pregos de contratación.

A delimitación do mercado de produto afectado determínase nesta Resolución no apartado **4.1** e nela indícase que é delimitado polo obxecto dos contratos administrativos licitados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes relativos ao "Servizo de transporte de cadáveres, que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo Instituto de Medicamento Legal de Galicia" e que constitúen o propio obxecto da licitación pública e que resulta evidente que cada un dos epígrafes, ou polo menos, algún deles, podería constituír un mercado propio pero é a licitación conxunta de todos eles a que configura o obxecto do contrato e polo tanto, o mercado de produto, na medida que cada un dos licitadores debe estar en condicións de prestar todos e cada un dos servizos que configuran o obxecto do contrato, que a tales efectos se configurarían como mercados conexos entre si.

Tamén afirma que *"Non existe ningún outro tipo de cliente máis que demande ese servizo con esas condicións, non existe un mercado onde se compita para prestar ese servizo. Non existe un mercado de traslados mortuorios a nivel de Galicia, xa que o mercado funerario é eminentemente local*", pero debemos de lembrar que nos mercados de licitacións públicas a competencia prodúcese "polo mercado" e non "no mercado". De aí, que o momento da licitación sexa o momento más importante na aplicación da normativa da competencia e no momento no que se debe esixir unha actuación totalmente correcta e conforme á boa fe dos intervenientes na licitación.

Respecto do mercado xeográfico sinala que "*O mercado funerario é eminentemente*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

local, a Funeraria San Marcos non é competidora de Pompas Fúnebre del Atlántico, S.L., San Marcos non realiza prestacións funerarias na cidade de Vigo, nin temos instalacións, nin temos mercado en Vigo, nin me anuncio en Vigo" e que **"As empresas que participan na UTE non son competidoras entre sí, estamos ante mercados eminentemente locais."**

Neste tema debemos, en primeiro lugar, lembrar, como xa se indica no texto desta Resolución, que a xurisprudencia (entre outras a SAN do 25 de febreiro de 2026[172]) sinala que a definición do mercado xeográfico relevante non é un elemento do tipo das condutas prohibidas enunciadas no art. 1 da LDC senón que constitúe unha apreciación económica, para poder cuantificar o importe das sancións que correspondan aos infractores.

En segundo lugar, indicar que é evidente que SEPELIOS SAN MARCOS S.L. identifica incorrectamente o ámbito xeográfico deste mercado. É certo que o mercado funerario é eminentemente local como sinalou este pleno na Resolución do 16 de decembro de 2022, Resolución 4/2022 – TANATORIO DE POIO na que nun suposto de abuso de posición de dominio cometido por dúas empresas pola imposición de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos e pola negativa inxustificada a satisfacer as demandas de prestación de servizos no referido tanatorio manifestou o carácter local do mercado, circunscrito ao municipio de Poio como mercado xeográfico relevante de acordo cos criterios mantidos tanto polas Autoridades de competencia como pola xurisprudencia dos Tribunais. Pero neste caso atopámonos ante mercados de licitacións públicas e sinalamos que o mercado afectado sería o dos traslados de cadáveres e outros servizos funerarios que se refiren á recollida e traslado dos cadáveres que determinen as autoridades xudiciais para a realización de autopsia, sendo un servizo prestado polo operador que previamente fose adxudicatario da licitación correspondente, polo que o ámbito xeográfico sería o correspondente aos partidos xudiciais dentro da provincia de Pontevedra nos que os adxudicatarios deberán prestar os servizos.

172 Sentenza AN do 25 de febreiro de 2026 ECLI: ES: AN:2026:1139.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Bloque terceiro.- Vulneración do principio de presunción de inocencia e considera que na proposta de resolución, non se motiva adecuadamente a existencia dunha conduta anticompetitiva. Indica que é a "necesidade obxectiva" a que leva a concorrer a través dunha UTE orixinada na extensa demarcación xeográfica dos partidos xudiciais.

Como vimos no contido desta Resolución (apartado **5.3.1.- CAPACIDADE DAS EMPRESAS PARA PRESENTARSE Á LICITACIÓN SEPARADAMENTE**) acredítase de maneira ampla que a empresa que presenta esta alegación, SEPELIOS SAN MARCOS S.L., dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa tanto ao Lote 10 como ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024); Por iso rexéitase esta alegación.

Sobre a "necesidade obxectiva" para concorrer en UTE para cumprir os tempos de presenza inmediata de 45 minutos que defende SEPELIOS SAN MARCOS S.L., vimos no apartado **5.3.2.1.-** que son máis numerosos os servizos nos que se superan os 45 minutos que aqueles nos que este tempo se cumpre, o que contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata cando nin sequera as UTEs cumpren os tempos de presenza esixidos no PPT. Ademais é posible acudir puntualmente á subcontratación, e remitímonos ao xa indicado no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución.

Bloque cuarto.- Alega a prescrición da conduta sancionada respecto á licitación do ano 2020 e sinala que o peche de recepción de ofertas da licitación do ano 2020 foi o 10 de febreiro de 2020 e que a primeira actuación da SUBDIC iniciouse o 12 de xuño de 2024, polo tanto, a posible infracción estaría prescrita.

Rexeitase esta alegación xa que neste expediente sancionador a infracción cometida se trata dunha infracción única e continuada que se inicia en 2020 e finalizaría no momento de formalización dos contratos coa UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA dos Lotes 10 e 11 do Expediente 2024, é dicir o 30 de agosto de 2024[173] a mesma data en

173https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=822325&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

que a SUBDIC incoa o Expediente sancionador S 1.2/2024.

E aínda que se considerase que se trata de dúas infraccións distintas hai que lembrar a sentenza do TJUE do 14 de xaneiro de 2021, asunto C-450/19 Kilpailu-ja kuluttajavirasto, sinala no seu parágrafo 32 que: "*(...) procede considerar que a duración da participación de Eltel na infracción alegada do artigo 101 TFUE, apartado 1, abarca todo o período durante o cal esta empresa puxo en práctica o acordo contrario á competencia que celebrara cos seus competidores, o que inclúe o período durante o cal a oferta con prezo fixo que esta empresa presentou estaba en vigor ou podía transformarse nun contrato definitivo entre Eltel e Fingrid*" así como aqueloutras sentenzas do TSXG do 26 de setembro de 2025 (sentenzas n.º 331/2025 e n.º 332/2025) no mesmo sentido. Considera a sentencia do TJUE que o período da actuación anticompetitiva por parte do operador e a duración da participación na mesma, esténdese todo o período durante o cal a empresa puxo en práctica o acordo e entende que iso inclúe o período no que a oferta que esta empresa presentou á licitación "estaba en vigor" ou "podía transformarse en contrato definitivo". Neste caso o *dies a quo* sería cando UTE INTEGRAL GALAICA formalizou contratos coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que foi o 31 de agosto de 2020, e tendo en conta que o acordo de incoación se aprobou e notificou ao alegante, ás demais empresas investigadas e aos interesados o 30 de agosto de 2024 mesmo neste caso, non habería prescrición da infracción.

Bloque quinto.- Alega xustificación obxectiva das razóns para concorrer agrupadas en UTE. O principio de necesidade obxectiva obriga a realizar aos membros da UTE unha autoavaliación para determinar a necesidade da súa concorrencia á licitación. E reitera as alegacións ao PCH.

Rexéitase esta alegación. Como vimos no contido desta Resolución (apartado **5.3.1.- CAPACIDADE DAS EMPRESAS PARA PRESENTARSE Á LICITACIÓN SEPARADAMENTE**) acredítase que a empresa que presenta esta alegación SEPELIOS SAN MARCOS S.L. dispoñía das capacidades e solvencias necesarias para concorrer por si soa ao Lote 10 e

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

ao Lote 11 dos procedementos de contratación con referencia 2020-SEXU 20 a 30-EM (Expediente 2020) e 2024-SEXU 22 a 32-EM (Expediente 2024).

Sobre a posibilidade da subcontratación remitímonos ao indicado no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución.

Sobre a "necesidade obxectiva" para concorrer en UTE para cumprir os tempos de presenza inmediata de 45 minutos sobre o que volve incidir SEPELIOS SAN MARCOS S.L., remitimos o indicado no **Bloque terceiro** da contestación ás súas alegacións. Como vimos no apartado **5.3.2.1.-** son máis numerosos os servizos prestados polas UTEs nos Lotes 10 e 11 nos que se superan os 45 minutos que aqueles nos que este tempo se cumpre, o que contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata cando non cumpren os tempos de presenza esixidos no PPT.

Bloque sexto.- Sinala que "para poder presentarse a estas licitacións cun prezo conxelado é necesario a repartición de custos entre empresas" xa que sostén a inviabilidade económica dos Lotes.

Como analizamos no apartado 5.3.2.1.- desta Resolución os prezos establecidos no PPT para os servizos de transporte e recollida, permiten cubrir os custos de operación, os incrementos adicionais do 8,60% en concepto de custos indirectos e do 10,30% de beneficio industrial, que o órgano de contratación estimou para os Expedientes 2020 e 2024. Rexéitase, por tanto, esta alegación.

Bloque sétimo.- Sinala que corresponde á administración a carga de probar a comisión dunha conduta colusoria, e que a PR presenta unha mera proba de indicios, que considera inexistente, sendo máis ben opinións subxectivas que deixan de lado todo razoamento lóxico.

No apartado **6.4.2.** desta Resolución "**6.4.2. ANÁLISE DA CONDUTA DAS EMPRESAS DENUNCIADAS"** indícanse a pluralidade de indicios que están plenamente acreditados

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

que cobran carácter de proba da existencia dunha conduta colusoria das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. Esta pluralidade de probas e indicios recolleitos nese apartado da Resolución é ampla e consistente, a ligazón precisa e directa entre eses indicios e a infracción segundo as regras do criterio humano é claro así como se acredita a existencia dun nexo causal entre os feitos executados polas empresas e a infracción, polo que todo iso leva á conclusión razoada de que as empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. servíronse das UTE INTEGRAL GALAICA e a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA para evitar competir entre elas na presentación de ofertas ao Lote 10 e ao Lote 11 dos procedementos 2020-SEXU 20 a 30/EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM e para realizar unha repartición territorial dos servizos.

Bloque oitavo.- Alegan que esas empresas que forman a UTE non son competidoras entre si, o mercado funerario é de carácter local, e non se dispón de medios para concorrer aos lotes 10 e 11 individualmente.

Respondida nas contestacións ás alegacións do Bloque segundo e quinto de SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

En relación coa acreditación da subcontratación na prestación de servizos nestes contratos habemos de referirnos, unha vez máis, á "Pregunta 2" formulada por unha empresa na licitación do expediente 2026-SEXU 06 a 09-EM convocado con data 11/5/2026, na que ao expor unha empresa unha pregunta sobre como tiña que acreditar traballos que gardasen relación co obxecto do contrato, afirman textualmente que:

> "Tamén **realizamos recollidas xudiciais para autopsias no Imelga subcontratados por outra empresa,** pero non chegamos ao 10.000€ IVE incluído anuais de facturación para este servizo"[174] (énfase engadida).

174 Resposta pregunta 2, "Servizo de transporte de cadáveres que requiran a realización de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo IMELGA (4 lotes)". Pódese consultar en:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Así mesmo, a propia empresa alegante, SEPELIOS SAN MARCOS S.L., nas súas alegacións ao PCH recoñece a existencia de subcontratacións por parte da empresa adxudicataria do Lote 10 na licitación convocada en 2008 (folio 496)[175]

Bloque noveno.- Alega SEPELIOS SAN MARCOS S.L. a existencia de eficiencias trasladadas ao órgano de contratación así como ausencia de incidencias e mellores tempos de resposta. Afirma "que o servizo prestado realízase de forma eficaz no marco dunha colaboración empresarial a través dunha UTE, en comparanza cunha empresa individual."

Rexeitase esta alegación. Non existe evidencia algunha dunha prestación do servizo dunha maneira mais eficaz polas UTEs que se fora por unha empresa individual.

Vimos no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución os innumerables servizos nos que os tempos de resposta son superiores aos 45 minutos e que son máis numerosos que aqueles nos que este tempo se cumpre, o que contradí e anula a xustificación de que a concorrencia en UTE tiña como finalidade garantir o cumprimento dos tempos de presenza inmediata como se pode ver nas Táboas 6 a 13 desta Resolución.

Así nas **Táboas 10 e 11** pódese ver que no mes de xaneiro do ano 2022 (Prestación do servizo por UTE INTEGRAL GALAICA) no Lote 10 só se cumpriron os tempos de presenza previstos no PPT no 11,76% dos servizos e que nos seis primeiros meses dese ano os servizos nos que se pode acreditar que se cumpriu o tempo de presenza de 45 minutos foi de tan só o 19,15%, chegando nalgúns servizos a elevarse o tempo de presenza a 230 minutos (12/01/2022), 160 minutos (30/05/2022), 150 minutos (19/01/2022), 128 minutos (19/../2022), 120 minutos (23/04/2022), por exemplo.

Nas **Táboas 12 e 13** pódese ver que no mes de marzo do ano 2022 (Prestación do servizo

https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=827989&lang=gl

175 Afirma textualmente que: "Tanto para o ano 2008 como para o ano 2011, a licitación do lote 10 foi adxudicada á mercantil ALIANZA y BARROS, S.L. Esta sociedade foi coñecido no sector, a necesidade que tivo de subcontratar as recollidas con outras funerarias locais para poder afrontar o contrato, debido á extensión xeográfica do lote adxudicado, correspondente á demarcación de Pontevedra. Nunca máis se volveu a presentar"

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

por UTE INTEGRAL GALAICA) no Lote 11 só se cumpriron os tempos de presenza previstos no PPT no 5,88% dos servizos e que nos seis primeiros meses dese ano os servizos nos que se pode acreditar que se cumpriu o tempo de presenza de 45 minutos foi de tan só o 16,76%, chegando nalgúns servizos a elevarse o tempo de presenza a 170 minutos (08/01/2022), 160 minutos (10/04/2022), 160 minutos (12/01/2022), 150 minutos (30/06/2022), 130 minutos (28/02/2022), 125 minutos (27/04/2022), por exemplo.

Nas **Táboas 6 e 7** pódese ver que no mes de abril do ano 2025 (Prestación do servizo por UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA) no Lote 10 só se cumpriron os tempos de presenza previstos no PPT no 6,67% dos servizos e que nos seis primeiros meses dese ano os servizos nos que se pode acreditar que se cumpriu o tempo de presenza de 45 minutos foi de tan só o 21,74%, chegando nalgúns servizos a elevarse o tempo de presenza a 225 minutos (31/05/2025), 210 minutos (11/04/2025), 130 minutos (11/03/2025), 130 minutos (31/05/2025), por exemplo.

Nas **Táboas 8 e 9** pódese ver que no mes de xuño do ano 2025 (Prestación do servizo por UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA) no Lote 11 só se cumpriron os tempos de presenza previstos no PPT no 12,00% dos servizos e que nos seis primeiros meses dese ano os servizos nos que se pode acreditar que se cumpriu o tempo de presenza de 45 minutos foi de tan só o 27,03%, chegando nalgúns servizos a elevarse o tempo de presenza a 12 horas e 5 minutos, é dicir, 725 minutos (14/06/2025), 9 horas e 7 minutos, é dicir, 547 minutos (14/03/2025), 150 minutos (23/06/2025), 125 minutos (21/01/2025), por exemplo.

Bloque décimo.- Alega que o mercado funerario é eminentemente local, e correspóndese coa zona onde se dispón de Tanatorios e que*: "Para a execución do lote 10 esta mercantil reparte a zona coa empresa Pompas Fúnebre de Arosa, S.L. xa que non dispoñemos de base de persoal na zona de Vilagarcía de Arousa, e ter que realizar eses desprazamentos impídenos chegar no tempo de resposta de 45".*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Ao lote 11, a mercantil Sepelios San Marcos e a mercantil Pompas Fúnebres de Arosa non acoden como regra xeral dado que é unha zona apartada das súas instalacións, á cal só se presta apoio loxístico en momentos puntuais de acumulación de traballo. Acudir á zona de Tui ou A Guarda non permite cumprir o tempo de resposta"

En relación co mercado xeográfico deste expediente remitímonos ao sinalado no Bloque segundo da contestación ás alegacións de SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

A xustificación da repartición territorial da prestación de servizos entre as empresas na necesidade de cumprir os 45 minutos de presenza non pode admitirse xa que como vimos no apartado **5.3.2.1.-** desta Resolución, e nas **Táboas 6 a 13** da mesma, tanto a UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA como a UTE INTEGRAL GALAICA incumpren nunha elevada proporción os tempos de presenza inmediata dos 45 minutos.

Non existe por tanto explicación alternativa á repartición territorial de servizos entre as empresas que a existencia dun acordo colusorio froito do acordo de cooperación horizontal que supuxeron estas licitacións a concorrencia en UTE por parte de empresas que como SEPELIOS SAN MARCOS S.L., tiñan capacidade e solvencia para concorrer soas á licitación dos Lotes 10 e 11. Por último lembrar a posibilidade de subcontratación puntual dos servizos, que os PCAP permiten e se están realizando como se acreditou nesta Resolución.

Con data 18 de maio de 2026 SEPELIOS SAN MARCOS S.L., presenta escrito de Alegacións **complementarias** nas que pon en coñecemento da CGC que en data 11/05/2026 se publicara un novo expediente de contratación relativo ao transporte de cadáveres do IMELGA, código expediente 2026 SEXU 06 a 09 EM e indicaba que *"Tanto no Prego de prescricións técnicas como no prego de cláusulas administrativas, vén apoiar a actuación levada a cabo polas empresas integrantes da UTE, isto é, o lote pasa a ser de carácter provincial, cuestión esta que xa se viña realizando ao longo das ultímas licitacións ao presentarse a través dunha UTE aos dous lotes da provincia de Pontevedra."*

Respecto a esta nova licitación convocada en 11/5/2026 (2026-SEXU 06 a 09-EM) á que

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

se refire SEPELIOS SAN MARCOS S.L. é preciso aclarar que entre esta licitación de 11/5/2026 e as dos anos 2020 e 2024 non existe identidade de lotes. Así o Lote 10 e o Lote 11 mantivéronse no mesmo ámbito xeográfico (Lote 10 partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Vilagarcía de Arousa e Pontevedra); Lote 11 partidos xudiciais de Ponteareas, O Porriño, Tui, Redondela e Vigo) desde 2008 ata 2024 e na convocatoria de 11/5/2026 cambia o ámbito territorial dos lotes converténdoos en provinciales, de tal maneira que en toda a provincia de Pontevedra só existirá un lote, cando no suposto examinado neste expediente sancionador existían 2 lotes na provincia e dous Partidos xudiciais (A Estrada e Lalín) que estaban incluídos no Lote 1 de Santiago de Compostela. Son por tanto mercados xeográficos distintos. Tamén é certo que o tempo de recollida fíxase como regra xeral *"(...) nun tempo máximo de trinta minutos desde a recepción do aviso á empresa. Estes trinta minutos iniciais amplíanse en sesenta minutos máis cando o lugar de falecemento estea a máis de 60 km da sede das subdireccións do Imelga que lle corresponda"* (PPT) pero hai que ter en conta que na licitación convocada o 11/5/2026 o ámbito territorial onde terían que prestar os servizos o adxudicatario do contrato sería o de toda a provincia de Pontevedra. Por último sinalar que todos os lotes desta licitación (4, un por provincia) quedaron, por primeira vez, todos desertos[176].

Esta alegación pon ademais de manifesto que SEPELIOS SAN MARCOS S.L. trata de unificar nun único lote o que na licitación son dúas: por un lado o lote 10 (que corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Pontevedra) e por outro o lote 11 (que corresponde á área territorial da subdirección do IMELGA en Vigo) co que pretende realizar unha alteración do mercado xeográfico delimitado nos Expedientes 2020 e 2024. Como sinalamos, esta alteración non é inocua para os efectos de esconder o comportamento colusorio de empresas. Ao unificar como un só lote o que a Administración convocante da licitación licitara como dous distintos perseguen as empresas amparar a súa actuación con base nun ámbito territorial distinto e moito mais extenso que xustificaría a necesidade de maiores tempos para a presenza

176 https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?op=50&N=827989&lang=gl

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

inmediata.

8.- RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS Á MANIFESTACIÓN DOS RESULTADOS DAS ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS E PROBA

Como se sinalou nos antecedentes, formuláronse alegacións por parte das empresas POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., SEPELIOS SAN MARCOS S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

As alegacións presentadas por POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A., POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. son practicamente idénticas, polo que se examinarán de xeito conxunto para evitar estender o texto desta Resolución.

8.1.- ALEGACIÓNS DE POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

A) remitímonos ao indicado no apartado **5.5.-** desta Resolución "**5.5.- CUESTIÓN PREVIA: DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE DA DOCUMENTACIÓN INCORPORADA Á PEZA SEPARADA DE CONFIDENCIALIDADE"** onde se analiza o Acordo de confidencialidade aprobado pola SUBDIC o 12 de marzo de 2026. A SUBDIC no seu Informe do 1 de xullo de 2026 no que respondendo á solicitude do Pleno razoa as causas da declaración de confidencialidade que se recollen no apartado 5.5 desta Resolución.

Manifesta a súa desconformidade sobre a declaración de certos documentos como confidenciais, en contra do criterio mantido pola SUBDIC e que este Pleno considera adecuado conforme ao previsto na LDC e ás reiteradas Resolucións da CNMC e as sentenzas da Audiencia Nacional (SAN do 2 de decembro de 2011[177]) e Autos do Tribunal Supremo.[178]

Este Acordo de Confidencialidade, adoptado pola SUBDIC con data 12 de marzo de 2026 e notificado aos interesados, non foi recorrido nin por POMPAS FÚNEBRES DEL

177 Sentenza 5386/2011.
178 Auto Tribunal Supremo do 31 de xaneiro de 2007 (ATS 699/2007).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

ATLÁNTICO S.A., nin por POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., nin por SEPELIOS SAN MARCOS S.L. nin por POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

B) Rexeita este Pleno as manifestacións que as empresas alegantes poñen en boca deste Pleno, por non ser certas. Así afirman que:

> *"O propio pleno está a recoñecer que o expediente administrativo está incompleto e que non recolle toda a documentación e información relacionada co mesmo causándose unha absoluta indefensión ás partes e vulnerándose o seu dereito de defensa recolleito no art. 24.1 CE."*

Esta manifestación das empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. supón unha grave alteración do contido das Actuacións Complementarias acordadas polo Pleno o 5 de xuño de 2026 coa finalidade de dispoñer da información necesaria para ditar este Resolución ante as denuncias realizadas polas empresas nas súas alegacións de estar incompleto o expediente. Nela solicitouse a emisión de Informe á SUBDIC para que, entre outros aspectos, se manifeste que toda a documentación estaba incorporada ao expediente e indicase onde se atopaba a documentación enviada pola Consellería en ligazóns de descarga, o que explicou a SUBDIC de forma exhaustiva no seu Informe do 1 de xullo de 2026, acreditando a inexactitude das denuncias destas empresas.

Rexeita por iso este Pleno que as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. poñan no seu nome opinións e consideracións que non responden á realidade, terxiversando a actuación do Pleno da CGC neste expediente.

C) Reiteran a falta de incorporación dos documentos enviados pola Consellería ao expediente. Sobre iso remitímonos ao xa sinalado no apartado **5.4.-** desta Resolución "**5.4.- CUESTIÓN PREVIA: PLENITUDE E INTEGRIDADE DO EXPEDIENTE S 1.2/2024 SERVIZO DE TRANSPORTE DE CADÁVERES NAS ÁREAS TERRITORIAIS DE VIGO E PONTEVEDRA"**

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Afirman que *"Tal e como se apuntou os documentos remitidos nesas ligazóns non se atopan unidos ao expediente"*. Reiteramos que non se pode identificar a falta de acceso a unhas ligazóns de descarga de carácter temporal coa falta de acceso á documentación incorporada ao expediente. A SUBDIC acredita nese Informe do 1 de xullo de 2026 a localización no Expediente S 1.2/2024 de todos os documentos remitidos nesas ligazóns de descarga e que forman parte dese expediente. Estas ligazóns de descarga cumpren a finalidade de facilitar a remisión de documentación ao órgano instrutor (a SUBDIC) e son de acceso temporal. Tampouco é posible considerar que a non incorporación de documentación que non forma parte do Expediente S 1.2/2024 se poida cualificar como falta de acceso a documentación do Expediente S 1.2/2024.

Como indicamos no apartado **5.4.-** o *iter* da incorporación da documentación ao Expediente é a seguinte:

> a) a Consellería envía nunha ligazón de descarga a documentación solicitada pola SUBDIC, xa forme parte esa documentación do Expediente S 1.2/2024 ou doutros expedientes sancionadores que tramita a SUBDIC.
>
> b) o órgano instrutor, descarga esa documentación e, a que forma parte do Expediente S 1.2/2024, incorporaa ao mesmo ou é declarada confidencial polo seu contido incorporándose entón ao expediente S 1.2/2024 pero dentro da peza separada de confidencialidade.

D) Rexeita este Pleno as graves manifestacións realizadas polas empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. na súa alegación sétima cando afirman que:

> *"**É evidente**, e así se puxo de manifesto nas alegacións presentadas polas partes, **e se desprende do acordo do Pleno da Comisión Galega da Competencia con data do 5 de xuño de 2026, que a instrución do expediente non se axusta a dereito, vulnera os dereitos das partes e emitiuse unha proposta de resolución sen***

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

xustificar, nin probar, e mesmo valorar, todos os elementos necesarios para emitir a resolución" (énfase engadida).

Rexeita este Pleno esta alegación e que as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L. poñan no seu nome opinións e consideracións que non responden á realidade do actuado polo Pleno da CGC, terxiversando o seu proceder neste expediente.

Poden estas empresas formular as súas alegacións nas consideracións que estimen precisas ou crer convenientes, pero non atribuír ao Pleno da Comisión Galega da Competencia opinións tan graves como a de considerar ilegal a instrución deste expediente sancionador ou a de que se vulneraron dereitos das partes, cando iso non o manifestou o Pleno da CGC.

8.2.- ALEGACIÓNS DE SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

Sobre a incorporación dos documentos enviados pola Consellería ao expediente remitímonos ao xa sinalado no apartado **5.4.-** desta Resolución "**5.4.- CUESTIÓN PREVIA: PLENITUDE E INTEGRIDADE DO EXPEDIENTE S 1.2/2024 SERVIZO DE TRANSPORTE DE CADÁVERES NAS ÁREAS TERRITORIAIS DE VIGO E PONTEVEDRA,** de tal maneira que, toda a documentación enviada pola Consellería que formase parte do expediente, incorporouse ao mesmo salvo a que fose declarada confidencial que se incorporou á peza separada de confidencialidade. Non se incorporou a non enviada. Por iso a alegación da empresa de que non está no expediente o *"informe de incidencias, reclamación ou queixas de familiares ou outros que xurdiran na execución do contrato e consten no expediente"*, solicitado pola SUBDIC á Dirección Xeral de Xustiza ten a simple explicación de que este informe non foi enviado[179], polo que non se puido incorporar.

Tamén afirma como as outras alegantes que *"Se anexan ligazóns que levan á plataforma AMTEGA á cal non temos acceso, porque carga uns contrasinais incorrectos, ou ben*

179 Pódese comprobar examinando a "Relación de documentos contidos en cada un dos cartafoles incluídos enláces de descarga que se achegaron nas comunicacións efectuadas a esa SUBDIC que se detallan a continuación"enviado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 16 de xuño de 2026 (folios 1511-1520).

directamente a ligazón non existe." Volvese a reiterar que non se pode identificar a falta de acceso a unhas ligazóns de descarga de carácter temporal coa falta de acceso á documentación incorporada ao expediente. A SUBDIC acredita no Informe do 1 de xullo de 2026 a localización no Expediente S 1.2/2024 de todos os documentos remitidos nesas ligazóns de descarga e que forman parte dese expediente. Estas ligazóns de descarga cumpren a finalidade de facilitar a remisión de documentación ao órgano instrutor (a SUBDIC) e son de acceso temporal pero a súa documentación descárgase e incorpórase ao expediente.

Conclúe cunha referencia ao expediente de contratación 2026-SEXU 06 a 09-EM e outras consideracións sobre a aplicación das normas da LDC.

9.- SANCIÓN

De conformidade co disposto no texto do art. 50.4 LDC practicados os actos de instrución necesarios, a Subdirección de Investigación formulou a proposta de resolución que se notificou aos interesados e ao Pleno para que, no prazo dun mes formulasen as alegacións que tiveron por convenientes.

As empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. solicitaron a ampliación do prazo en 15 días para presentar alegacións á Proposta de Resolución que foi concedido.

Considerouse pola SUBDIC a comisión dunha infracción do artigo 1 LDC e que se declarasen responsables da mesma a POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. (CIF A36831147), SEPELIOS SAN MARCOS, S.L. (CIF B27705995), POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L. (CIF B36025765) e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. (CIF B36321230).

9.1. SANCIÓN PROPOSTA

Segundo o artigo 62.4, letra a) da LDC, son infraccións moi graves:

"O desenvolvemento de condutas tipificadas no artigo 1 desta lei e no artigo 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea."

O articulo 63 LDC dispón, para os efectos do presente caso o seguinte:

"1. Os órganos competentes poderán impoñer aos axentes económicos, empresas, asociacións, unións ou agrupacións daquelas que, deliberadamente ou por neglixencia, infrinxan o disposto na presente lei as seguintes sancións, para cada unha das infraccións declaradas: (...)

c) As infraccións moi graves con multa de ata o 10 por cento do volume de negocios total mundial da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao de imposición da multa"

9.2. ALEGACIÓNS

Como se recolleu nos antecedentes, as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. presentaron alegacións á PR elaborada pola SUBDIC.

9.2.1.- ALEGACIÓNS DE POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

Alegan que non se seguen os criterios fixados no artigo 64 LDC, que se mesturan cuestións e apartados.

Nesta Resolución o Pleno tivo en conta, como se explica no punto seguinte, a normativa que determina a contía das sancións e os criterios para a súa gradación que establece o artigo 64.1 LDC, que enumera unha relación de criterios, aínda que non de forma taxativa, para determinar o importe das sancións así como os criterios que as empresas alegan que non os tivo en conta a SUBDIC na súa Proposta de Resolución.

9.2.2.- ALEGACIÓNS DE SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

Alega que a sanción imposta é totalmente desproporcionada en relación coa facturación realizada á UTE e está fixada de forma totalmente arbitraria, con erros graves na súa fundamentación.

Considera como criterio para fixar a sanción a facturación da empresa á UTE INTEGRAL GALAICA e á UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA, di que non se entende a formula de cálculo e pide que se corrixa.

Como sinalamos nesta Resolución o Pleno tivo en conta, como se explica no punto seguinte, a normativa que determina a contía das sancións e os criterios para a súa gradación que establece o artigo 64.1 LDC, pero é preciso indicar que a determinación da sanción deberá concretarse nun tanto por cento (máximo 10%) do volume de negocios total mundial da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao da imposición da multa (art. 63.1. c da LDC).

9.3. CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DO IMPORTE DAS SANCIÓNS

A conduta descrita está tipificada como infracción moi grave, conforme ao xa citado artigo 62.4, letra a) da LDC. Conforme a iso, a determinación da sanción deberá concretarse nun arco que discorre ata o "10%" do volume de negocios total mundial da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao da imposición da multa, é dicir, no ano 2025. (art. 63.1. c da LDC).

En relación co cálculo do importe da sanción debe terse en conta o disposto pola Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de xaneiro de 2015[180] que, para ese efecto, dispón:

> *"A expresión "volume de negocios" non é en si mesma conceptualmente diferente da expresión "volume de negocios total", como se destacou con acerto. Con todo, cando o lexislador de 2007 engadiu de modo expreso o adxectivo "total" ao substantivo "volume" que xa figuraba, sen adxectivos, no precepto análogo da Lei anterior (así sucedeu co artigo 63.1 da Lei 15/2007 fronte á redacción do artigo 10.1 da Lei 16/1989), o que quixo subliñar é que a cifra de negocios que emprega como base da porcentaxe non queda limitada a unha parte senón ao "todo" daquel volume. Noutras palabras, coa noción de volume "total" optouse por unificar o concepto de modo que non caiba distinguir entre ingresos brutos agregados ou desagregados por ramas de actividade da empresa autora da infracción. Vontade lexislativa acorde con esta interpretación que, como ben lembra o voto particular, rexeitou as propostas de modificación do texto, expostas nos traballos preparatorios da súa elaboración, que especificamente tentaban reducir o volume de vendas a tan só as realizadas no mercado afectado pola infracción."*
>
> *[...]*
>
> *"En efecto, o artigo 64.1 da Lei 15/2007 esixe que, dentro da escala sancionadora interpretada no sentido que xa declaramos- se adecúe o importe da multa en función de criterios tales como a dimensión e características do mercado afectado*

180 Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de xaneiro de 2015 ECLI: ES: TS:2015:112

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

pola infracción, a cota que dentro del teña a empresa infractora e os beneficios ilícitos por ela obtidos como consecuencia da infracción. Son criterios, pois, que inequivocamente remiten á concreta distorsión da competencia que se produciu en cada caso, isto é, a consumada no seo dun determinado sector ou mercado onde opera a entidade sancionada, que pode, ou pode non, simultaneamente operar noutros mercados.

Si é válido utilizar o "volume de negocios total" da entidade para o cálculo da porcentaxe máxima aplicable á máis grave das condutas posibles, a avaliación pormenorizada da concreta conduta infractora, dentro do sector específico de actividade e conforme a aqueles criterios, permitirá igualmente atender as esixencias do principio de proporcionalidade no sentido ao que tenden as reflexións da Sala de instancia no seu parecer maioritario, isto é, tomando en conta aquel elemento xunto co resto dos que inclúe o artigo 64.1 da Lei 15/20 07".

Sobre a base destas premisas é preciso chegar á conclusión de que a determinación da sanción deberá concretarse nun arco que discorre desde o "0%" ata o "10%" do volume de negocios total das empresas infractoras no exercicio anterior ao de ditarse resolución, é dicir, no ano 2025. O volume de negocios totais[181] das empresas declaradas responsables correspondente o ano 2025 foi de:

Táboa 16: volume de negocios total das empresas declaradas responsables.

Empresas Infractoras	**Volume negocios total en 2025 (€)**
Pompas Fúnebres del Atlántico, S.A.(*)	5.944.207,02
Sepelios San Marcos, S.L.(*)	4.392.437,00
Pompas Fúnebres de Arosa, S.L.	2.450.021,40
Pompas Fúnebres Santa Tegra, S.L.(*)	893.843,02

En consecuencia, o importe máximo da multa non poderá superar os seguintes

181 Volume de operacións nos casos sinalados (*)

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

importes (10% volume de negocio total 2025):

Táboa 17: importe máximo da multa ás empresas declaradas responsables.

Empresas Infractoras	**Importe máximo da multa (€)**
Pompas Fúnebres del Atlántico, S.A.	594.420,70
Sepelios San Marcos, S.L.	439.243,70
Pompas Fúnebres de Arosa, S.L.	245.002,14
Pompas Fúnebres Santa Tegra, S.L.	89.384,30

Como vimos que establece a Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de xaneiro de 2015:

> *"(...) cando o lexislador de 2007 engadiu de modo expreso o adxectivo "total" ao substantivo "volume" que xa figuraba, sen adxectivos, no precepto análogo da Lei anterior (así sucedeu co artigo 63.1 da Lei 15/2007 fronte á redacción do artigo 10.1 da Lei 16/1989), o que quixo subliñar é que a cifra de negocios que emprega como base da porcentaxe non queda limitada a unha parte senón ao "todo" daquel volume."*

Neste mesmo sentido a sentencia do Tribunal Supremo do 12 de xuño de 2023[182] sinala que:

> *"(...) O límite superior establecido pola LDC para as infraccións moi graves é o indicado no artigo 63.1.c) antes transcrito, do 10% do volume total de negocios da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao de imposición da multa."*

e afirma que:

> *"A nosa sentenza do 29 de xaneiro de 2015 (recurso 2872/2013) examinou a cuestión*

182 Sentenza do Tribunal Supremo do 12 de xuño de 2023 ECLI: ES: TS:2023:2649.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

de se a expresión de volume total de negocios, empregado polo artigo 63.1 LDC para fixar o límite superior da escala sancionadora, comprende todas as actividades económicas da empresa infractora, ter ou non relación coa infracción, e chegou á conclusión de que a opción acollida polo indicado precepto legal é a de tomar en consideración a cifra total de negocios da empresa, con inclusión de todos os ámbitos da súa actividade, aínda que sexan distintos daquel no que se produciu a conduta infractora, pois así resulta dos elementos configuradores do precepto que define o volume de negocios en termos de totalidade "".

A sanción debe determinarse partindo dos criterios de gradación previstos no artigo 64.1 da LDC, seguindo os criterios da Xurisprudencia do Tribunal Supremo. Como sinalou este Pleno[183], a sanción deberá de cumprir a finalidade de efectividade e capacidade disuasoria fronte á posible comisión de ilícitos anticompetitivos por parte dos operadores económicos de tal maneira que non só non obteñan un beneficio desa actuación, que se produciría cando o custo da sanción fose inferior aos beneficiosos que podería obter de resultar exitosa a mesma, senón que se debe de incrementar ese efecto disuasorio a cotas superiores tendo en conta o beneficio esperado desa actuación ilícita e o factor da probabilidade de non detección da conduta infractora, que neste expediente non sería detectada se non fose pola actuación do órgano de contratación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.

Ademais, haberá de ter en conta o dano e prexuízo que os acordos colusorios dos concorrentes orixinan na Administración ao ver frustrada a súa intención de obter, nun mercado competitivo, as mellores ofertas de bens ou servizos e aos mellores prezos consecuencia da infracción das normas *antitrust*. Neste sentido a xa citada STS do 29 de xaneiro de 2015[184] sinala no seu Fundamento Xurídico noveno que

"Esta Sala declarou (por todas, véxanse as sentenzas do 6 de marzo de 2003 e 23 de marzo de 2005, recursos de casación 9710/1997 e 4777/2002, respectivamente)

183 Resolución do 21 de febreiro de 2025, Resolución 1/2025 – Licitación accións formativas de emprego.
184 Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de xaneiro de 2015 ECLI: ES: TS:2015:112

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

que entre os criterios reitores para valorar a adecuación das sancións á gravidade dos feitos atópase o de que "[...] a comisión das infraccións anticoncorrenciais non debe resultar para o infractor máis beneficiosa que o cumprimento das normas infrinxidas. Criterio que, aínda non expresado literalmente no artigo 10 da Lei 16/1989 [tampouco explicitamente na Lei 15/2007], pode entenderse implícito nas letras a), c) e d) do seu apartado 2, así como na facultade de exceder o límite sancionador dos 150 millóns de pesetas ata o dez por cento do volume de vendas da empresa infractora (artigo 10 apartado un). En todo caso, con ou sen mención legal específica, corresponde á natureza mesma da propia potestade sancionadora, como o demostra a súa posterior inclusión baixo a rúbrica do «principio de proporcionalidade» no artigo 131.2 da Lei 30/1992."

Aínda que iso dependerá xa do lexislador, responsable último de fixar a aptitude intimidatoria das sancións, un sistema xeral de multas que pretenda establecer un nivel de disuasión adecuado quizais debería implicar non só a ausencia, en todo caso, daqueles beneficios senón un plus que engada, aos termos da ecuación "beneficio esperado" menor ao "custo da sanción", engada, dicimos, o factor da probabilidade na detección das condutas infractoras"

Pero tamén a sanción deberá de atender ao principio de proporcionalidade que como indica o TS na súa sentenza do 3 de decembro de 2008[185] no seu Fundamento de dereito segundo, comporta que:

"(...) calquera actuación dos poderes públicos limitativa ou restritiva de dereitos responda aos criterios de necesidade e adecuación ao fin perseguido"

Como sinala o Auto da Sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo do 25 de febreiro de 2021[186] a proporcionalidade, como concepto xeral, presupón conceptualmente unha comparación, de tal maneira que para a súa apreciación é

185 Sentenza do 3 de decembro de 2008 ECLI: ES: TS:2008:7158.
186 Rec.1481/2019.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

consubstancial que esa proporción se estableza de acordo cunha aproximación ao concepto gramatical recollido no dicionario da Real Academia Española que o define como "a conformidade dunhas partes co todo ou de cousas relacionadas entre si". Ao mesmo tempo, o parámetro da proporcionalidade, como criterio para a imposición da sanción, esixe que a CGC xustifique e acredite as circunstancias que concorren no infractor para impoñer esa concreta sanción. Como sinala a STS do 24 de abril de 2012[187]

> *"(...) ao non ser a actividade sancionadora da Administración unha actividade discrecional, senón unha actividade tipicamente xurídica ou de aplicación das normas, (así o recoñece o noso Tribunal Supremo en Sentenzas do 23 de decembro de 1981, 3 de febreiro de 1984 e 19 de abril de 1985), os factores que han de presidir a súa aplicación estean en función do que dispoña o Ordenamento Xurídico en cada sector en particular e, moi especialmente, nas circunstancias concorrentes.*
>
> *É neste ámbito, no que xoga, precisamente, un papel extraordinariamente clarificador a motivación do concreto acto administrativo sancionador e na medida que a mesma haberá de definir, non só as circunstancias modificativas da responsabilidade apreciadas e probadas, senón, ademais, a específica razón que entende a Administración concorre para, nas marxes outorgadas pola lei, impoñer unha concreta sanción."*

En conclusión, a sanción que este Pleno impoñerá a POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. deberá de cumprir coas esixencias de efectividade e capacidade disuasoria respectando o principio de proporcionalidade. Partindo destas premisas, os criterios por medio dos cales se determinan as sancións no noso ordenamento deben tamén respectar as esixencias do artigo 64 da LDC que establece os "Criterios para a determinación do importe das sancións" de acordo coa

187 Sentencia do 24 de abril de 2012 ECLI: ES: TS:2012:2996.

interpretación que do mesmo ofrece o TS.

De acordo con iso, haberemos de ter en conta os seguintes criterios para a determinación do importe da sanción:

a) A dimensión e características do mercado afectado. O mercado de produto afectado é o constituído polos servizos mortuorios ou funerarios, e máis concretamente o dos traslados de cadáveres e outros servizos funerarios, e dentro deles o subsegmento da recollida e traslado xudicial, caracterizado por prestarse en réxime de exclusiva mediante o correspondente procedemento de licitación e que se refire á recollida e traslado dos cadáveres que determinen as autoridades xudiciais para a realización de autopsia.

O mercado é delimitado polo propio obxecto das licitacións públicas do Expediente 2020 e do Expediente 2024 e que son: "Contratación do servizo de transporte de cadáveres que requiran a práctica de autopsias, necropsias e probas de investigación forense a realizar polo Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)". Neste expediente sancionador a conduta ilícita afectou a dous lotes (Lote 10 e o Lote 11) dos Expedientes 2020 e 2024.

Que o mercado xeográfico relevante está determinado, en sentido restrinxido, polo marco das licitacións de referencia (2020-SEXU 20 a 30/EM e 2024-SEXU 22 a 32-EM) e prodúcense no ámbito da provincia de Pontevedra porque o Lote 10 e o Lote 11 das dúas licitacións comprenden servizos en partidos xudiciais da provincia sen que consten indicios de afectación ni a outras provincias nin fora da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, o mercado xeográfico afectado pola infracción é, como se sinala nesta Resolución, o ámbito territorial da provincia de Pontevedra. A poboación total dos partidos xudiciais destes dous lotes é moi elevada con 885.332 habitantes, moi superior á suma da poboación das provincias de Ourense (304.467) e de Lugo (325.048).

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Trátase ademais dun suposto de dúas licitacións públicas que serían susceptibles de producir efectos no mercado conexo dos servizos funerarios e que podería afectar a consumidores vulnerables polos servizos que presta o IMELGA.

b) Cota de mercado das empresas. O volume de negocios anual das empresas é elevada xa que supera os 13 millóns e medio de euros (13.680.508 euros) e o ámbito territorial son 11 partidos xudiciais da provincia de Pontevedra. De acordo cos datos de "Referencias Sectoriais de Galicia" do servizo de información empresarial ARDAN da Zona Franca de Vigo correspondente ao ano 2024 existen en Galicia 74 empresas no sector de empresas funerarias e 18 na provincia de Pontevedra. Os ingresos totais do devandito sector en Galicia foron de 73,8 millóns de euros nese ano 2024.

Tamén de acordo cos datos de ARDAN da Zona Franca de Vigo correspondentes ao ano 2024 destaca o peso destas empresas no sector e así:

- a empresa POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. era a segunda empresa por facturación do sector de empresas funerarias de Galicia e a segunda da provincia de Pontevedra.

- a empresa SEPELIOS SAN MARCOS S.L. era a terceira empresa por facturación do sector de empresas funerarias de Galicia e a terceira da provincia de Pontevedra.

- a empresa POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L. era a cuarta empresa por facturación do sector de empresas funerarias de Galicia.

c) O alcance da infracción. O feito de que a conduta ilícita se executase no marco dunha contratación publica que afecta o ámbito sanitario e xudicial confire á conduta a máxima gravidade. Prodúcese a conduta ilícita no ámbito da sanidade mortuoria, prexudicando á recollida e traslado dos cadáveres que determinen as autoridades xudiciais para a realización de autopsia.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

A actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que detectou practicas colusorias no Expediente 2024-SEXU 22 a 32-EM o 10 de xuño de 2024 non impediu que a práctica declarada nesta Resolución como colusoria producise os seus efectos, de tal maneira que a referida licitación foi adxudicada á UTE FUNERARIA INTEGRAL GALAICA da que formaban parte as empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L.

O valor estimado das licitacións dos Expedientes 2020 e 2024 era elevado, ascendía a 3.339.595,55 € e o valor estimado do lote onde se advirte a conduta ascende a 1.136.577, 32 €, o que supón o 34,03% do valor estimado total. A duración do contrato do Expediente 2020 era de 2 anos prorrogable anualmente por outros dous máis conforme ao previsto no PCAP e a mesma duración ten o contrato actualmente vixente do Expediente 2024.

d) A duración da infracción determínase desde a data en que presentaron a oferta ao Expediente 2020, en febreiro de 2020, ata a actualidade, xa que se segue actualmente prestando o servizo do Expediente 2024. A súa duración, ata a data desta Resolución, é de 6 anos.

e) A conduta, como vimos, tivo o efecto (art 64.1.e) de limitar a capacidade de elección das mesas de contratación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes xa que se as empresas que actuaron como cártel presentando unha oferta en UTE aos dous lotes presentasen unha oferta individual o órgano de contratación podería elixir entre os licitadores.

Aínda que non se describiron os efectos sobre outros operadores económicos, a conduta foi especialmente prexudicial para a Xunta de Galicia que non puido beneficiarse de mellores ofertas e prexudicou indirectamente aos contribuíntes. Ademais, afectou ao IMELGA, dependente da Administración de Xustiza en Galicia.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

f) O beneficio ilícito obtido polas empresas POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e SEPELIOS SAN MARCOS S.L. por actuar de maneira coordinada en UTE e non competir nesa licitación, foi poder presentar unha oferta ao tipo de valor da licitación sen rebaixa algunha e, despois, repartirse os servizos territorialmente, recibindo cada unha das empresas os que estivesen máis próximos á súa sede central, pechando con iso o mercado durante o tempo de duración do contrato e as súas prórrogas.

As empresas formaron parte das UTEs que foron adxudicatarias dos contratos en 2020 e 2024.

Non existen circunstancias atenuantes nin agravantes das contempladas no art.64.1.g) da LDC.

A SUBDIC na súa PR para os efectos de determinar a ponderación aplicable para a imposición da sanción, partiu dun tipo sancionador inicial atendendo á natureza da conduta que incrementou de acordo cos criterios do art. 64 LDC fixando posteriormente un valor de referencia para calcular a proporcionalidade da multa e dispuxo unha multa de 35.036,46€ a POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L., de 198.913,28€ a POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A., de 11.126,81€ a POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. e de 82.305,16€ a SEPELIOS SAN MARCOS S.L. Non considerou a SUBDIC a concorrencia de ningunha circunstancia agravante no comportamento das empresas.

Para a determinación do importe das sancións a CNMC aprobou en marzo de 2026 unhas "Indicacións" para calcular as multas a empresas e directivos por incumprir a LDC[188]. Estas "Indicacións" vinculan á CNMC e poden servir como criterio a utilizar polas autoridades autonómicas de competencia na medida que, como sinalou a sentenza do TSXG do 27 de xaneiro de 2016[189], "(...) *non existe tutela nin xerarquía do ente galego*

188 Indicacións da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia sobre a determinación das sancións derivadas de infraccións dos artigos 1, 2 e 3 da lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e dos artigos 101 e 102 do tratado de funcionamento da Unión Europea.

189 Sentenza TSXG do 27 de xaneiro de 2016 ECLI: ES: TSJGAL:2016:423.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

sobre o nacional" e que "(...) *Non poden estenderse as funcións coordinadoras da CNMC ata deixar sen efecto funcións instrutoras e resolutorias dos expedientes sancionadores da CGC."* Tamén sinala esta sentenza en relación coas Comunicacións que poida aprobar a CNMC que:

> *"A Comunicación non é un regulamento senón que se ampara na disposición adicional terceira da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC), que establecía que a Comisión Nacional de Competencia (CNC) podería publicar Comunicacións para aclarar os principios que guiarían a súa actuación en aplicación da devandita Lei. Tales Comunicacións contribúen á previsibilidade do desenvolvemento das actuacións pero refírense ás seguidas pola Comisión Nacional e non vinculan aos homólogos autonómicos, pois aquelas participan da natureza de meras instrucións do art.21 da Lei 30/1992".*

A referida "Indicación" da CNMC de marzo de 2026 non ten sequera a natureza de Comunicación da CNMC ditada ao amparo da Disposición adicional terceira da Lei 15/2007, polo que non vinculará á CGC á hora da determinación do cálculo da multa, pero si permitirá á CGC empregar algún dos seus criterios na Resolución que se aprobe.

Para a determinación da sanción desta Resolución non é esixible que teña a mesma que entrar a indicar qué translación numérica, en termos de sanción, ten cada un dos criterios, nin a súa cuantificación numérica, tal como se manifesta na sentenza do TJUE do 22 de outubro de 2015[190] ao sinalar que:

> *"(...) Á hora de fixar o importe da multa en caso de infracción das normas en materia de competencia, a Comisión cumpre a súa obrigación de motivación cando indica na súa decisión os elementos de apreciación que lle permitiron determinar a gravidade da infracción, así como a súa duración, sen que estea obrigada a indicar os datos numéricos relativos ao método de cálculo da multa a (véxase, neste*

190 Sentenza do TJUE do 22 de outubro de 2015, Asunto C-194/14 P, AC Trehuand/Comisión, apartado 68.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

sentido, en particular a sentenza Telefónica e Telefónica de España/Comisión, C-295/12 P, EU: C:2014:2062, apartado 181)."

Tendo en conta o contido da PR da SUBDIC, a explicación razoada e motivada dos criterios para a determinación do importe das sancións previstos no, art. 64 LDC aplicables a este expediente e atendendo a todo o anterior, é necesario, reconducir o máximo do 10% establecido no art. 63.1 c) LDC ao 3% dos seus respectivos volumes de negocio total mundial correspondente ao ano 2025. Deste xeito, o límite superior das sancións propostas serían as seguintes (3% volume de negocio total mundial):

- POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. (CIF A36831147): cento setenta e oito mil trescentos vinte e seis euros con vinte e un céntimos de euro (178.326,21 euros)

- SEPELIOS SAN MARCOS, S.L. (CIF B27705995): cento trinta e un mil setecentos setenta e tres euros con once céntimos de euro (131.773.11 euros)

- POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L. (CIF B36025765): setenta e tres mil cincocentos euros con sesenta e catro céntimos de euro (73.500,64 euros)

- POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. (CIF B36321230): vinte e seis mil oitocentos quince euros con vintenove céntimos de euro (26.815,29 euros)

A partir desta determinación do límite superior no 3% para a sanción proposta, débese ponderar esa multa atendendo ao principio de proporcionalidade xa que a xurisprudencia esixe considerar a dimensión da concreta infracción como unha referencia necesaria para asegurar a proporcionalidade que deberá combinarse co seu carácter disuasorio. Por iso, débese de comprobar que a sanción imposta a cada empresa segundo o tipo sancionador fixado non resulte desproporcionada en relación coa efectiva dimensión da súa conduta. A CNMC afirma na súas Indicacións de marzo de 2026 que "*De acordo co indicado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo desde a*

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

sentenza do 29 de xaneiro de 2015, unha vez determinado o tipo sancionador para cada entidade infractora, realízase unha comprobación final para asegurar que a sanción en euros resultante é tanto disuasoria como proporcionada á efectiva dimensión da infracción".

Por esta razón a CNMC considera nas Indicacións de marzo de 2026 que é necesario estimar un valor de referencia para a sanción que, sen prexuízo do límite máximo establecido no art. 63 LDC, asegure que a sanción sexa o suficientemente disuasoria para as empresas de tal maneira que non lles resulte proveitosa a participación na infracción e establece como base para fixar ese valor de referencia o marxe de explotación de cada empresa. Para calcular o mesmo considérase como marxe de explotación o 10,3% de beneficio industrial previsto na memoria económica.[191] (**táboa 18)**

Táboa 18: Marxe de explotación Lote 10 e Lote 11 expedientes 2020 e 2024.

EXPEDIENTE	VALOR ESTIMADO	BENEFICIO INDUSTRIAL	MARXE
2020 (Lote 10 e 11)	585.273,22 euros	10,30%	60.283,14 euros
2024 (Lote 10 e 11)	551.304,10 euros	10,30%	56.784,32 euros
		TOTAL	**117.067,46 euros**

Para asegurar a función disuasoria das sancións, sinala a CNMC que esta cifra resultante de 117.087,46 euros debería de multiplicarse por un factor entre 1 e 6 determinado en función de criterios como a gravidade e complexidade da infracción e o tamaño e a capacidade de pago da entidade infractora.

Neste expediente tendo en conta que se trata dunha licitación publica que afecta a actividades sanitarias do IMELGA de traslado de cadáveres e outros servizos funerarios así como a recollida e traslado xudicial; que afectou a dous lotes en dúas licitacións e a

191 Localizado no expediente co seguinte roteiro:

Ano 2020:: Cartafol "02. Anexo I. Expte contratación.2020 > 01.pcap.pdf" (páx.4)

Ano 2024: Cartafol "03. Anexo II. Expte. Contratación.2024 > 06 Memoria económica Transporte de cadáveres.pdf"

unha área xeográfica con case 900.000 habitantes aínda que dunha soa provincia da Comunidade autónoma de Galicia; tendo en conta a súa duración; que causou un prexuízo á Administración pública convocante; que existiu un beneficio ilícito polas empresas e a circunstancia agravante da comisión repetida de infraccións tipificadas na LDC si considera que ese factor multiplicador debe de ser de 1,5 co que se lograría asegurar, como sinala a CNMC, que a sanción sexa suficientemente disuasoria. Aplicando este factor multiplicador, o valor de referencia ascende a 175.601,19 euros.

Pero ao mesmo tempo que disuasoria a multa debe de ser proporcional. Sen embargo aplicando unicamente o valor de referencia a empresas con diferente volume de negocio mundial total podería desvirtuar a aplicación da regra da proporcionalidade, xa que as empresas cuxa multa superase ese valor de referencia deberían de modularse a sanción á baixa ata o límite máximo do devandito valor de referencia, de acordo coas regras da CNMC. Isto significaría que a empresa cuxa sanción prevista é superior ao valor de referencia (175.601,19 euros) como é POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO (178.326,21 euros) vería modular á baixa a súa multa ata o limite máximo do devandito valor de referencia, a multa sería de 175.601,19 euros.

De acordo con iso como o valor de referencia estimado é menor que a multa en euros proposta a POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO S.A. derivada do tipo sancionador, a sanción deberá de modularse á baixa ata o límite máximo do devandito valor de referencia para manter a aplicación do principio de proporcionalidade.

Respecto de SEPELIOS SAN MARCOS, S.L. como o valor de referencia estimado (175.601,19 euros) é maior que a multa en euros derivada do tipo sancionador a sanción manterá este tipo sancionador.

Respecto de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L. como o valor de referencia estimado (175.601,19 euros) é maior que a multa en euros derivada do tipo sancionador a sanción manterá este tipo sancionador.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5
15781 Santiago de Compostela
https://competencia.gal

Respecto de POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. como o valor de referencia estimado (175.601,19 euros) é maior que a multa en euros derivada do tipo sancionador a sanción manterá este tipo sancionador.

Tendo en conta todas as consideracións anteriores, as sancións proporcionadas en relación coa efectiva dimensión da súa conduta en cartel nunha licitación pública convocada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes son as seguintes:

- POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. (CIF A36831147): cento setenta e cinco mil seiscentos un euro con dezanove céntimos de euro. (175.601,19 euros) (o 2,954157% do seu volume de negocio total en 2025).

- SEPELIOS SAN MARCOS, S.L. (CIF B27705995): cento trinta e un mil setecentos setenta e tres euros con once céntimos de euro (131.773.11 euros) (o 3% do seu volume de negocio total en 2025).

- POMPAS FÚNEBRES DE AROSA, S.L. (CIF B36025765): setenta e tres mil cincocentos euros con sesenta e catro céntimos de euro (73.500,64 euros) (o 3% do seu volume de negocio total en 2025).

- POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. (CIF B36321230): vinte e seis mil oitocentos quince euros con vintenove céntimos de euro (26.815,29 euros) (o 3% do seu volume de negocio total en 2025).

10. PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

